



RESOLUCIÓN, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE MODIFICA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2006/0261\_NAA/IPPC\_052

Instalación: centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG)	Procedemento: modificación da autorización ambiental integrada
Titular: UTE PMA-CONTECO	Expedientes: 2019-IPPC-M-171 e 2020-IPPC-M-140
Localización: Concello das Somozas (A Coruña)	Núm. rexistro AAI: 2006/0261_NAA/IPPC_052

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (DXCASCC), con base nas súas competencias e funcións para a tramitación e seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos conforme ao establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e na disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade coa proposta do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

#### ANTECEDENTES

- 1 UTE Protección Medio Ambiental S.L. – Contenedores de la Coruña S.L. (UTE PMA – CONTECO SL) é titular do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG) que dispón de autorización ambiental integrada co número de rexistro número 2006/0261\_NAA/IPPC\_052. Con anterioridade a Sociedad Gallega de Residuos Industriales S.A. (SOGARISA) foi titular desta instalación.
- 2 O 21.8.2019 UTE PMA – CONTECO SL comunica, de conformidade co disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016), a súa intención de executar unha modificación na dita instalación que considera substancial. Aínda que no apartado 3 desta resolución, se describe con detalle a modificación proxectada, esta está referida a unha variación da xeometría final do depósito de seguridade actualmente en explotación (DDS II) na Área II do CTRIG, o que suporá un aumento da súa capacidade en 37.728 m<sup>3</sup>, e a execución dun novo depósito de seguridade (DDS III) de 1.031.330 m<sup>3</sup> de capacidade, na explanada existente ao leste do anterior depósito (expediente: 2019-IPPC-M-171).
- 3 A modificación formulada encádrase dentro do grupo 8 a) do Anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296 do 11.12.2013), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes e a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro; e polo tanto, de acordo co artigo 7.1 a) da antedita lei, cómpre sometelo unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.
- 4 Neste caso o titular opta pola tramitación ambiental conxunta conforme ao establecido no artigo 27.1 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, do fomento de iniciativas empresariais en Galicia polo que a tramitación do procedemento efectuouse de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 5/2017, do





19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia (DOG núm. 203 do 25.10.2017).

- 5 O 25.3.2020 publicouse no DOG núm. 59 o anuncio do 11.3.2020, da entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se sometía a información pública a documentación para a modificación substancial da autorización ambiental integrada. Os 4.6.2020 e 8.6.2020 presentaron escritos con alegacións, respectivamente, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) – Ferrol, que se resumen e valoran no apartado 6 desta resolución. O 3.7.2020 recíbense aclaracións formuladas pola titular ás anteditas alegacións recibidas.
- 6 As administracións públicas ás que se solicitou informe para a avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento da autorización ambiental integrada, de conformidade co disposto nos artigos 29 e 30 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia (DOG núm. 203 do 25.10.2017) e os informes que se recibiron son:

Órganos consultados	Informes recibidos
Augas de Galicia	Si
Consellería de Economía e Industria - Servizo de Administración Industrial	Si
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si
Concello das Somozas	Si
Subdirección Xeral de Residuos	Si
Instituto de Estudos do Territorio	Si
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	Si
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Si
Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil	Si

- 7 O 22.12.2020 UTE PMA – CONTECO SL, en virtude do disposto polo disposición transitoria única do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro (BOE núm. 187 do 8.7.2020), solicita a revisión da autorización dos depósitos de seguridade do CTRIG de conformidade cos artigos 10, 11 e 12 do referido RD 646/2020 (expediente: 2020-IPPC-M-140).
- 8 O 22.01.2021 UTE PMA – CONTECO SL solicita a modificación dalgún aspecto do plan de vixilancia ambiental actual en relación cun aumento da periodicidade dos controis sonoros, actualmente anual, tendo en conta que desde o ano 2008 non houbo ningún problema en relación cunha posible contaminación sonora derivada da actividade desta instalación, e en relación tamén coa redución dos puntos de toma de mostraxe dos lixiviados procedentes dos depósitos de seguridade situados neste centro de tratamento de residuos industriais de Galicia. As referidas modificacións considéranse non substanciais.
- 9 O 18.2.2021 formulouse a declaración de impacto ambiental (DIA) relativa ao proxecto da modificación da xeometría final do DDSII e execución dun novo depósito de seguridade DDSIII no CTRIG. O seu contido recóllese de xeito íntegro no texto desta resolución. Cabe mencionar que o 10 de novembro de 2006 publicouse o anuncio do 25 de outubro de 2006 polo que se fixo pública a declaración de impacto ambiental orixinal formulada pola entón Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 10 de outubro de 2006 relativa ao proxecto sectorial do CTRIG ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón: <https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos>, ("Clave Expediente": 2006/0176).





- 10 O 5.3.2021 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, de conformidade co artigo 30.3 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. O 8.3.2021 UTE PMA-CONTECO comunica a súa intención de non formular obxeccións.
- 11 Non consta que comparecesen outros interesados no procedemento.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Esta instalación está incluída no anexo I, categorías 5.1 e 5.5, do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) e no grupo 8 a) do Anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296 do 11.12.2013), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes e a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- O artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) recolle a posibilidade de modificación da autorización ambiental integrada.
- O capítulo I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, do fomento de iniciativas empresariais en Galicia, establece o procedemento para a tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada ou, de ser o caso, modificación substancial da devandita autorización e de avaliación de impacto ambiental ordinaria.
- A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (BOE núm. 181 do 29.7.2011) regula a xestión dos residuos e o réxime xurídico dos solos contaminados. O artigo 27.1 desta lei establece que quedan sometidas ao réxime de autorización as instalacións onde vaian desenvolverse operacións de tratamento de residuos e no 27.5 establece a obrigatoriedade de contar co resultado favorable da preceptiva inspección de comprobación para a súa concesión.
- A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (DOG núm. 38 do 25.2.2021) establece as obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos, entre outros aspectos.
- Por outra banda, tendo en conta que no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos de ámbito nacional ese titular ten inscrita unha actividade de almacenamento D 15, "Almacenamento en espera de calquera das operacións numeradas de D 1 a D 14 (excluído el almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo)", baixo o número de inscrición de actividade de eliminación: SC-I-IPPC-XE-00013, e segundo o artigo 27 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, a actividade de almacenamento está suxeita ao seu propio réxime de autorización, procede adaptar a inscrición dando de baixa a inscrición SC-I-IPPC-XE-00013 e pasando os residuos que nela figuraba ao asento que se reflicten na seguinte táboa:

Inscrición de baixa	Inscrición de alta	Descrición de actividade
SC-I-IPPC-XE-00013	SC-I-IPPC-XA-00025	Almacenamento en espera de calquera das operacións numeradas de D 1 a D 14 (excluído el almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo)





- 7 O Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro (BOE núm. 187 do 8.7.2020), establece nos seus artigos 11 e 12 que as solicitudes de autorización, a ampliación ou modificación substancial dun vertedoiro xa existente, así como a solicitude de autorización da entidade explotadora ou cambio desta, serán revisadas conforme a este texto normativo.
- 8 O artigo 15.9 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013), establece que a resolución que aprobe a modificación substancial integrárase na autorización ambiental integrada, xunto ás modificacións habidas desde o seu outorgamento nun único texto.
- 9 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático é o órgano competente na tramitación e seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 79 do 25.4.2019) e na disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18.9.2020).

De acordo con todo o indicado, **PROPONSE:**

1. Modificar a autorización ambiental núm. 2006/0261\_NAA/IPPC\_052 outorgada a UTE PMA – CONTECO SL para a variación da xeometría final do depósito de seguridade actualmente en explotación (DDS II) na Área II do CTRIG, o que suporá un aumento da súa capacidade en 37.728 m<sup>3</sup>, e a execución dun novo depósito de seguridade (DDS III) de 1.031.330 m<sup>3</sup> de capacidade, no centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG) localizado no Concello das Somozas (A Coruña).
2. Revisar a autorización dos depósitos de seguridade de residuos perigosos do CTRIG de conformidade cos artigos 10, 11 e 12 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro (BOE núm. 187 do 8.7.2020).
3. Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia a UTE PMA - CONTECO SL co número de rexistro SC-I-IPPC-XA-00025 para a actividade de xestor de almacenamento de residuos non perigosos, mediante a operación D 15, "Almacenamento en espera de calquera das operacións numeradas de D 1 a D 14 (excluído el almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo)", que se realizará nas instalacións obxecto desta autorización.  
  
Os residuos que comprenden esta inscrición, as características da actividades e os seus condicionados están establecidos no punto 8.5 do apartado 4 desta resolución. Esta autorización queda supeditada á constitución da fianza que se cita no cadro de datos administrativos.
4. En consecuencia, unha vez cumprido o condicionado vinculado a nova inscrición referida no anterior parágrafo 3, dar de baixa a inscrición núm. SC-I-IPPC-XE-00013, existente.
5. Renovar o Informe de Situación do Solo por modificación substancial (IS) da UTE PMA-CONTECO (NIF: U70499561), para O Centro de Tratamiento de Residuos Industriales de Galicia (CTRIG) situado en Parque Empresarial As Somozas s/n, 15565, As Somozas (A Coruña).
6. Incluír na autorización ambiental integrada o contido da declaración de impacto ambiental formulada o 18.2.2021 para o proxecto de modificación substancial desta instalación:





## Declaración de Impacto Ambiental

### DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DA MODIFICACIÓN DA XEOMETRÍA FINAL DO DDS II E EXECUCIÓN DUN NOVO DEPÓSITO DE SEGURIDADE DDS III NO CTRIG, NO CONCELLO DAS SOMOZAS (A CORUÑA), PROMOVIDO POLA UTE PMA-CONTECO (CLAVE: 2019/0123)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE nº 294 do 6 de decembro), establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 8 a), as instalacións de incineración de residuos perigosos definidos no artigo 3 e) da Lei 22/2001, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como as de eliminación de ditos residuos mediante depósito en vertedoiro, depósito de seguridade ou tratamento químico (como se define no epígrafe D9 do anexo I da Lei 22/2001).

Este sería o caso da actuación pretendida, polo que o proxecto foi sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo ao disposto no artigo 41 da Lei 21/2013.

## 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a Unión Temporal de Empresas Protección Medio Ambiental, S.L. - Contedores de La Coruña, S.L. (UTE PMA-CONTECO), e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

A actividade do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG) baséase na valorización e eliminación de residuos perigosos e non perigosos, actividade que desenvolve en dúas áreas no concello das Somozas, coñecidas como Área I, no Parque empresarial das Somozas, e Área II, na ladeira nor-nordeste do monte Marbán.

Para a eliminación dos residuos perigosos, o CTRIG dispón na súa Área II de dous depósitos de seguridade, o DDS I e o DDS II. Na actualidade, o DDS I está selado e clausurado, estando soamente operativo o segundo depósito, o DDS II.

O DDS II, conta cunha capacidade de vertedura autorizada, na autorización ambiental integrada (AAI) vixente, de 1.130.000 m<sup>3</sup> ou 1.132.967,6 t, e unha capacidade normal de eliminación de 115.000 t/ano. O depósito consta de sete celas, das que cinco xa están colmatadas e seladas, quedando en explotación as celas 5 e 6.





O promotor, pretende variar a xeometría final do DDS II co obxectivo de optimizar a xestión das augas pluviais e os traballos finais de explotación e selado. Por outra banda, estímase que a vida útil do DDS II finalizará no último trimestre do ano 2022, polo que tamén propón dotar ás instalacións dun novo depósito de seguridade, o DDS III.

Os residuos que serán eliminados no novo depósito son os mesmos que os actualmente autorizados para a súa eliminación no DDS II:

- Residuos con código LER 17.05.03\* Terras e pedras que conteñen substancias perigosas.
- Residuos con código LER 19.03.04\* Residuos perigosos parcialmente estabilizados.

Con estes obxectivos, o proxecto desenvólvese dentro do perímetro da mesma Área II do CTRIG, á cal se accede a través da estrada CP 7010. Esta área ocupa unha superficie de 570.000 m<sup>2</sup>, na que ademais dos dous depósitos de seguridade (DDS II e DDSIII), localízanse outras instalacións. Cómpre destacar a planta de estabilización (PE), na que se producen compostos quimicamente estables para a súa deposición nos depósitos de seguridade; unha nave de maduración (NM), onde ten lugar a maduración dos residuos estabilizados na PE; ou a planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados dos DDS (PLIX), que no momento da elaboración da documentación atopábase en fase de posta en marcha.



Instalacións actuais na Área II do CTRIG (Fonte: Proxecto básico para a modificación substancial da AAI do CTRIG. Decembro 2019)

Para a **variación da xeometría final do DDS II**, propónse efectuar o enchido con noiros 3H:1V e bermas cada 10 m de altura, salvo no lado oeste e entre as celas 4 e 6. A dita variación, suporá un aumento do volume de depósito de 37.728 m<sup>3</sup> (37.827,1 t), e polo tanto, un incremento do volume autorizado de ata 1.167.728 m<sup>3</sup> ou ata unha capacidade total de eliminación de 1.170.794,7 t.






Porén, a modificación proposta non suporá unha variación da pegada ou da superficie ocupada polo depósito, que se manterá en aproximadamente 68.000 m<sup>2</sup>.

Respecto do **novo depósito DDS III**, localizarase na explanada existente ao leste do DDS II, de acordo co expresado polo promotor, dentro dos actuais límites do CTRIG aprobados no correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Ocupará unha superficie en planta de aproximadamente 60.000 m<sup>2</sup> e contará cunha capacidade de 1.031.330 m<sup>3</sup> dividida en 4 celas. Con esta capacidade, calcúlase que o DDS III podería dar servizo ata o ano 2036.



Localización do DDS III proposto, na Área II do CTRIG (Fonte: proxecto básico para a modificación substancial da AAI do CTRIG. Decembro 2019)

O acceso ao novo DDS III, manterase a través da estrada CP 7010, para o que se executará unha estrutura viaria interior que complemente á existente, a partir dun eixo que conecta coa dita estrada e que bordea ao actual DDS II e ao futuro DDS III. O trazado será en forma de anel no perímetro para o acceso entre plataformas, e un trazado radial de acceso aos noiros e ao perímetro exterior da parcela.

No que respecta á súa xeometría, as 4 celas do fondo do vaso estarán separadas por noiros para permitir a súa explotación en 4 fases. Os noiros, terán cunha inclinación 2,5H:1V, e bermas, no caso de ser necesario, de 8 metros de ancho cada 10 m de altura.

Todo o perímetro superior do vaso estará circunvalado por unha plataforma de 10 m de ancho mínimo, e contará cunha pista perimetral dun solo sentido de 4,5 m (co correspondente sobreaño nas curvas).

Na súa escavación, prevese un volume de movemento de terras total de 281.205 m<sup>3</sup>, que afectará a unha superficie real de 100.024 m<sup>2</sup>.





No que respecta ás súas características construtivas, o DDS III contará con dobre sistema de impermeabilización do fondo do vaso. Por baixo do sistema secundario de impermeabilización, instalarase o sistema de alivio de presión, para captar e evacuar os posibles aportes de augas subterráneas existentes.

Ademais, instalarase unha rede de tubaxes para recoller as augas pluviais limpas que entren no vaso nas zonas aínda non impermeabilizadas, e sen residuos.

Deséñase unha rede de lixiviados para recoller os líquidos acumulados no sistema de impermeabilización primario do vaso e das celas de vertido, para a súa extracción e posterior tratamento.

O selado da superficie do vaso realizarase cun sistema multicapa baseado nun paquete de xeosintéticos para a impermeabilización do residuo e unha cobertura final de terras seleccionadas e terra vexetal para a realización dunha hidrosementeira con herbáceas e arbustivas, de acordo coa documentación, con sementes de especies xa presentes no medio.

Esta cobertura final, disporá de noiros con pendentes máximas de 3H:1V e desniveis de 10 m como máximo, pistas interiores cunha anchura mínima de 4,50 m, sistema de desaugue superficial, e sistema de desaugue do sistema de impermeabilización, é dicir, da auga percolada a través da capa de cobertura vexetal que será recollida pola xeorrede do paquete de xeosintéticos para a súa evacuación ao exterior do DDS III.

No referente á xestión das augas, as augas pluviais actualmente capturadas polos sistemas superficiais de drenaxe dos DDS I e DDS II, e as augas subterráneas procedentes do sistema de alivio de presión dos mesmos, condúcense á cadansúa balsa de almacenamento, para ser tratadas por decantación antes da súa vertedura ao medio hídrico. Concretamente, as augas vértense nun único punto no rego de Pereiro (afluente do río Mera), nas coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29T) (589.545X, 4.823.753Y).

A balsa de decantación de augas pluviais da área de influencia do DDS I conta con 7.300 m<sup>3</sup> de capacidade, e a do DDS II, con 5.960 m<sup>3</sup>.

As augas do sistema de alivio de presión e as augas pluviais procedentes do novo depósito DDS III, dirixiranse tamén á balsa de decantación existente ao noroeste do depósito, asociado ao DDS II.

Toda vez executado o novo depósito, o promotor estima que, na situación máis desfavorable, se producirá un caudal de vertedura total de augas residuais pluviais ao rego de Pereiro de 713.052 m<sup>3</sup>/ano, inferior en todo caso ao caudal máximo de vertedura autorizado na Autorización Ambiental Integrada vixente (1.636.815 m<sup>3</sup>/ano).

Na actualidade, os lixiviados recollidos de cada cela dos depósitos de seguridade son bombeados ata os tanques verticais de almacenamento. A capacidade de almacenamento temporal de lixiviados é duns 2.397 m<sup>3</sup> distribuídos en sete depósitos, tres de 100 m<sup>3</sup>, outros tres de 514 m<sup>3</sup> e outro de 555 m<sup>3</sup>. Ata o de agora, dende aquí son enviados mediante camiión cisterna á Área I do CTRIG (xestor interno autorizado), ou en caso de necesidade, tamén se contempla envalos a un xestor externo autorizado, ou á planta de estabilización para ser utilizados como fluidificante no proceso. Toda vez estea en funcionamento, os lixiviados conduciranse ata a nova planta (PLIX) para o seu tratamento.

As augas procedentes do sistema de xestión de lixiviados do DDS III, serán tamén bombeados ata os anteriores tanques e dende aquí, á nova PLIX.

A PLIX conta cunha capacidade máxima de tratamento de 2,5 m<sup>3</sup>/h (60 m<sup>3</sup>/día) e 20.000 t/ano. Estímase que se depurarán nela unhas 10.000 t/ano.





En canto ás augas residuais fecais xeradas na Área II, estas son canalizadas a unha fosa estanca e posteriormente xestionadas no CTRIG.

No tocante ás emisións á atmosfera, na documentación indícase que nos vertedoiros de residuos perigosos non existe nin existirá fracción orgánica biodegradable, polo que non se prevé a xeración de biogás.

### 1.3. Principais elementos ambientais da contorna

O proxecto desenvólvese na Área II do CTRIG, na ladeira nor-nordeste do monte Marbán ou monte da Solana, en torno aos 450-475 m de altitude.

Trátase dunha contorna rural con pequenos asentamentos dispersos e alternancia de áreas agrícolas e terreo forestal, onde ademais do CTRIG, localízanse outras instalacións de xestión de residuos e un parque eólico.

Os núcleos poboacionais máis próximos son Vilar da Fraga, a Queiroga, Os Enxertados, O Couce e As Lueiras, todos situados na fronte norte da Área II, a unha distancia de entre aproximadamente os 400 m e 1.000 m das novas instalacións.

Aínda que o lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, sitúase a apenas 200 m do espazo natural protexido ZEC ES1110001 Ortigueira-Mera, pertencente á Rede Natura 2000.

No que respecta á fauna e flora protexida, de acordo coas dúas cuadrículas na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10X10 29T NJ82 e NJ92), poderían existir:

- 17 especies de fauna: 5 catalogadas como en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) (*Elona quimperiana*, *Milvus milvus*, *Anas crecca*, *Gallinago gallinago* e *Vanellus vanellus*); e 12 recollidas na categoría de vulnerable (*Geomalacus marinus*, *Rana iberica*, *Chioglossa lusitanica*, *Rana temporaria*, *Petromyzon marinus*, *Iberolacerta monticola*, *Circus pygargus*, *Scolopax rusticola*, *Galemys pyrenaicus*, *Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *R. Hipposideros*).
- 7 especies de flora: *Culcita macrocarpa*, que estaría recollida como en perigo de extinción; e 6 catalogadas como vulnerables (*Dryopteris aemula*, *D. Guanchica*, *Festuca brignatina* subsp. *actiophyta*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Vandesbochia speciosa* e *Woodwardia radicans*).

Ademais, tal e como se recolle nas propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación das especies ameazadas *Dryopteris aemula*, *Hymenophyllum tunbrigense* e *Vandesbochia speciosa*, a área de actuación localízase na área de protección da primeira e na área de presenza das dúas últimas.

A Área II do CTRIG enmárcanse na conca hidrográfica do río Mera, concretamente, os DDS II e DDS III localízanse nas subconcas do rego de Pereiro e do rego de Marván. Cómpre resaltar que o río Mera, xunto cos seus hábitats asociados, forman parte fundamental do espazo protexido ZEC Ortigueira-Mera.

O rego de Pereiro, ata a súa desembocadura no río Mera, circula a aproximadamente 420 m ao norte do futuro emprazamento do DDS III, e o rego de Marván, a aproximadamente 270 m ao sur. Ademais, ambos regos contan tamén con senllos regatos tributarios, cuxo nacemento atópase grafado no visor IDE de Augas de Galicia (<http://visorgis.cmatl.xunta.es/dhgc/>) a menos de 300 m do emprazamento previsto para o DDS III. No entanto, non se ten constancia da existencia de ningunha canle fluvial que atravesase o ámbito do proxecto.

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación





O 30.08.2019 recíbese no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos un oficio remitido polo Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en calidade de órgano substantivo, no que informa acerca do comezo da tramitación conxunta do proxecto da modificación da xeometría final do DDS II e execución dun novo depósito de seguridade DDS III, conforme o establecido no artigo 27.1 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, do fomento de iniciativas empresariais en Galicia.

Posteriormente, de acordo co establecido no artigo 29 da antedita Lei 5/2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, como órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, realiza o trámite de información pública, consultando simultaneamente ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Segundo o establecido no artigo 30.2 a) da Lei 5/2017, finalizado o trámite de información pública, o 17.12.2020 o órgano substantivo remite ao Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos o expediente completo co obxectivo de que elabore a declaración de impacto ambiental.

Unha vez revisado o contido do expediente ambiental, o 12.01.2021 solicítase unha serie de documentación necesaria para continuar coa análise técnica do expediente. O 18.01.2021 o órgano substantivo remite a documentación requirida.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA, así como as addendas ou documentación complementaria que o promotor foi elaborando como resposta ás alegacións e aos informes dos organismos consultados.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
  - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, informa baseándose na documentación recibida en nas observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña.

Salienta nun primeiro informe que, a pesar de que o ámbito do proxecto non ostenta ningunha categoría de protección dos espazos naturais, a proximidade do novo depósito ao espazo protexido da Rede Natura 2000 ZEC Ortigueira-Mera, así como tamén o emprazamento da instalación na vertente da conca do río Mera, aumenta o risco de afección ao espazo natural. Este aspecto, indica que debe ser analizado co obxectivo de asegurar que os efectos indirectos das instalación non teñan repercusións sobre os obxectivos de conservación do espazo protexido.

En función das cuadrículas nas que se inclúe o proxecto e as propostas técnicas de zonificación de Plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están a elaborar na súa dirección xeral, identifica as especies de fauna e flora protexidas con probabilidade de presenza no ámbito, e resalta a importancia de verificar a súa presenza ou ausencia dentro da área das actuacións propostas.

Considera tamén fundamental garantir a eficiencia da impermeabilización e contemplar a posibilidade de ocorrencia de escenarios accidentais (o escorregamento do depósito, a incorporación de augas subterráneas contaminadas, fallos no sistema de vertedura, etc.), tendo en conta a súa repercusión no espazo protexido en caso de materializarse. Engade que o dito aspecto non é recollido na documentación aportada. A este respecto, ademais das medidas adoptadas polo promotor, tamén establece a necesidade de adoptar





as medidas que garantan que no caso de materializarse escenarios de risco, non se produza un prexuízo á integridade da ZEC Ortigueira-Mera.

Conclúe o seu informe indicando que non é posible determinar que non se vaian a producir efectos negativos sobre os valores naturais da contorna, polo que considera necesario completar o estudo de impacto ambiental incorporando os aspectos anteriormente mencionados.

En resposta, o promotor achega unha addenda ao estudo de impacto ambiental datada en setembro do 2020, onde analiza a afección sobre a ZEC e sobre as especies ameazadas. Baseándose nas medidas propostas e nas actuacións a levar a cabo, fundamenta a non existencia dunha afección no espazo protexido. Por outra banda, indica que durante os labores de campo non se detectaron especies ameazadas de flora ou fauna no ámbito de actuación, aínda que si que se detectou a presenza dalgúñas destas especies de flora na contorna, e tampouco descartan que podan existir no entorno algunha das especies de fauna protexidas.

Na addenda valora tamén máis detalladamente os principais accidentes que poderían ocorrer nas instalacións, analiza os riscos e os impactos ambientais que se derivarían da súa materialización. Destaca que unicamente o risco de que exista contaminación do aire a causa de incendios ou o risco de contaminación das augas superficiais por derrube do vaso, poderían valorarse como moderados, a diferenza do resto de impactos, cuxo risco é compatible. Polo que conclúe que tendo en conta as medidas preventivas e correctoras establecidas, a vulnerabilidade global do proxecto será baixa. No entanto, recolle outra serie de medidas encamiñadas á mitigación do risco e as consecuencias de ocorrencia de accidentes ou catástrofes.

Finalmente, incorpora un anexo coa análise de riscos ambientais segundo o Real Decreto 183/2015, do 13 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, aprobado polo Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro.

Nun segundo informe, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, indica que trala análise efectuada polo promotor, non é previsible que no ámbito do proxecto estean presentes as especies de flora *Dryopteris aemula*, *Hymenophyllum tunbrigense* e *Vandesbochia speciosa*, ás que se referiu no seu primeiro informe. No entanto, aínda que non se identifique no ámbito ningún curso fluvial, si que considera necesario considerar os efectos indirectos sobre algunha das especies de fauna catalogadas no CGEA como vulnerables e vinculadas aos hábitats fluviais (*Rana iberica*, *R. temporaria*, *Chioglossa lusitanica*, *Galemys pyrenaeus*, etc.).

Salienta novamente a importancia de verificar periodicamente e garantir a eficiencia da impermeabilización, encapsulamento e selado do depósito, así como do sistema de xestión de lixivias.

Finalmente, engade que as medidas preventivas, protectoras e correctoras propostas polo promotor resultan apropiadas e coherentes cos riscos analizados, e salienta a necesidade de tomar inmediatamente as medidas adecuadas en caso de aparición de calquera afección significativa non contemplada previamente.

Como conclusión establece que o proxecto é compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade sempre e cando se teñan en conta unha serie de consideracións que detalla no seu informe en relación cos anteriores aspectos.

- Augas de Galicia, informa de acordo co sinalado polas áreas de Vertidos, de Autorizacións e Concesións e de Calidade das Augas, da súa Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico.

A Área de Vertidos realiza unha serie de consideracións e, ademais de requirir a elaboración dun plano da rede de augas pluviais, solicita aclaración respecto da capacidade da balsa de pluviais do DDS II e respecto





do cálculo do caudal de augas residuais pluviais total estimado e que se dirixirá ao punto de vertedura previsto no rego de Pereiro.

O promotor, elabora senllos documentos de xullo e setembro de 2020 para dar resposta ao seu requirimento, indicando que a capacidade da balsa é de 5.960 m<sup>3</sup> e estimando que o caudal máximo anual de augas pluviais na situación máis desfavorable é de 713.052 m<sup>3</sup>.

A Área de Autorizacións e Concesións integra no seu informe as consideracións emitidas pola Área de Calidade das Augas:

En canto as canles e masas de auga presentes, indica que se ben o ámbito de actuación non se atopa afectado por ningunha canle e ningunha zona de protección asociada ao Dominio Público Hidráulico (DPH), si que existen varias nacentes nas súas proximidades. Ademais, identifica tamén na contorna ata catro zonas protexidas incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC). Ambos aspectos, haberá que telos en conta durante a execución do proxecto e durante o funcionamento da actividade.

Establece tamén unha serie de criterios técnicos en relación coa xestión dos escoamentos e as medidas preventivas necesarias para a non afección ao DPH.

No que respecta ao abastecemento, a Área II abastécese a través dun pozo de captación, e de acordo cos datos consultados, resalta a diferenza existente entre o consumo medio e o volume máximo anual que figura na inscrición.

Consonte as consideracións da Área de Calidade das Augas, resalta a obrigatoriedade de manter as condicións e usos do medio receptor, a calidade e os obxectivos ambientais das augas superficiais e subterráneas, tendo en conta se fora o caso, a existencia de determinadas figuras de protección.

Refírese á valoración do estado que de acordo o PHGC teñen a masa de auga superficial (masa de auga do río Mera) e a masa de auga subterránea (Ortegal – A Mariña) nas que se enmarca o proxecto, e identifica as estacións de control do programa de control e as captacións superficiais para abastecemento humano asociadas á primeira delas.

Concretamente, en relación coas augas subterráneas, describe as principais características das que deberán constar os piezómetros existentes e a instalar, así como unha serie de cuestións en canto a realización das mostraxes das augas que deberá integrar o programa de vixilancia ambiental.

No que concirne ao caudal de vertedura de augas pluviais, tendo en conta que o máximo caudal estimado polo promotor na situación máis desfavorable (713.052 m<sup>3</sup>/ano) é inferior ao caudal máximo autorizado na AAI vixente (1.636.815 m<sup>3</sup>/ano), non fai observacións ao respecto sempre e cando se manteñan as características físico-químicas do vertido. O dito extremo deberá de ser obxecto de seguimento e control.

Por último, relaciona unha serie de condicións adicionais a adoptar polo promotor para evitar a contaminación das augas superficiais e subterráneas durante as fases de execución, explotación e selado do novo depósito de seguridade DDS III.

Conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o medio hídrico, tendo en conta as consideracións ao efecto referidas no seu informe.

- A Subdirección Xeral de Residuos, informa en relación ao Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA), afirmando que a nova instalación adáptase aos criterios de situación nel recollidos. No





entanto, engade outra serie de criterios de obrigado cumprimento e aos que se deberá adaptar a actividade, fundamentalmente, en relación coa rastrexabilidade dos residuos e outros trámites procedementais de aplicación para as actividades de tratamento de residuos.

Conclúe informando favorablemente pero tendo en conta as aclaracións e consideración formuladas no seu informe.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), verifica que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) incluído no estudo de impacto ambiental axústase á estrutura recollida na normativa en materia de paisaxe, e o considera correcto e suficiente dado o alcance do proxecto.

Baseándose na reducida exposición visual do ámbito e tendo en conta que as actuacións proxectadas están directamente vinculadas ás instalacións xa existentes, non espera que se vaian a producir impactos significativos sobre a paisaxe, aínda que considera importante adoptar as medidas incorporadas no EIIP. Incorpora ademais a necesidade de prever o mantemento de franxas ou masas arboradas no bordo leste do depósito DDS III, para minimizar a afección visual durante a fase de construción e explotación.

O promotor, dentro do seu documento de contestación aos informes e alegacións recibidas datado en xullo do 2020, indica que intentará manter durante as fases de construción e explotación do DDS III a masa arborea existente no borde leste, e en caso de afección, procederá á reposición da masa arborea con especies autóctonas como o loureiro (*Laurus nobilis*).

O IET afirma que esta medida é correcta e axeitada para minimizar a afección visual durante a construción e explotación do DDS III.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, unha vez revisada a documentación, informa de que a proposta non está afectada pola aplicación do Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, e tampouco se atopa en ningunha zona con riscos naturais apreciábeis, polo que non se pode considerar que teña vulnerabilidades derivadas do risco de accidentes graves ou desastres.

No entanto, lembra que no caso de que o proxecto estea afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección de acordo coa normativa.

O promotor, no seu documento de xullo 2020, sinala que o CTRIG xa dispón dun plan de autoprotección implantado e que será actualizado ás novas instalacións obxecto de proxecto.

- O Servizo de Administración Industrial emite un primeiro informe no que, ademais de lembrar as obrigas legais ás que están suxeitas as instalacións en relación co regulamento de seguridade industrial, resalta que o promotor, na documentación portada, indica que ao novo depósito de seguridade (DDS III) e á variación da xeometría final do depósito de seguridade en explotación (DDS II) non lle é de aplicación o Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, sobre medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas. Solicita que o promotor acredite o tal extremo.

Con este fin, o promotor aporta en abril do 2020 un informe xustificativo da exclusión das instalacións do ámbito de aplicación do RD 840/2015. O dito informe é avaliado novamente polo Servizo de Administración Industrial, quen ratifica que, a tenor da información aportada polo titular, a actuación obxecto de proxecto non está incluída no ámbito de aplicación do citado real decreto.





- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, indica que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que considera que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras para incluír na declaración de impacto ambiental.
- O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, informa dentro do ámbito da resolución de autorización ambiental integrada en relación ás obrigas e á situación das instalacións en canto as emisións á atmosfera e a súa vixilancia e control.

Cómpre resaltar que tamén sinala a necesidade de elaborar un plan de xestión de olores tendo en conta a identificación dos focos e a súa cuantificación nas zonas habitadas próximas á instalación.

O promotor, dentro do seu documento de resposta de xullo 2020, alude a que o estudo de olores presentado en data de xaneiro 2020 como parte integrante da documentación requirida para o procedemento da modificación substancial da AAI, conclúe que non existe afección á poboación da contorna. Consecuentemente, de acordo co sinalado polo órgano competente para a emisión da AAI, non é necesario elaborar o dito plan de xestión de olores.

- O Concello das Somozas, indica que, dentro da súa competencia en materia urbanística, non existen ordenanzas que limiten a actividade pretendida.

▪ Resúmense a continuación as alegacións recibidas e como foron tomadas en conta polo promotor:

- A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza – ADEGA, realiza unha serie de consideracións solicitando a denegación da modificación substancial da AAI, que se asegure a capacidade da PLIX, e que se realicen os estudos técnicos e executen as instalacións precisas para albergar os residuos contaminados do Prestige.

O promotor, dentro do seu documento de contestación aos informes e alegacións recibidas datado en xullo do 2020, resposta ás alegacións efectuadas resaltando que a superficie do novo DDS III atópase dentro dos límites actuais do CTRIG e que a modificación solicitada para o DDS II non suporá un aumento da súa pegada. En todo caso, da análise efectuada no EsIA, despréndese que a alternativa escollida para a execución da proposta, é a máis favorable dende o punto de vista ambiental.

No que respecta á capacidade da PLIX, indica que a estimación do volume de lixiviados xerados no DDS III é o volume máximo, non correspondéndose con ningún valor medio ao longo da vida útil do depósito. Ademais, tamén salienta que o DDS III non empezará a funcionar ata que se esgote a capacidade do DDS II, e unha vez selados os vertedoiros, a xeración de lixiviados reducirase substancialmente.

Respecto da necesidade da realización dun estudo xeotécnico para o DDS III, o promotor indica que aínda que considera válido o presentado no ano 2007, realizado para a execución dunhas novas instalacións que finalmente non se levaron a cabo, argumenta que, nese momento, está a realizar un estudo máis específico que será aportado ao organismo competente para a súa avaliación.

Finalmente, apunta a que a necesidade de execución do DDS III baséase na necesidade de dispor da capacidade suficiente para a eliminación dos residuos perigosos durante os próximos 17 anos e a partir do 2022, cando se estima se esgote a capacidade do DDS II. O DDS III tamén terá a capacidade necesaria para facer fronte ás emerxencias ou catástrofes ambientais que se puideran ocasionar.

- O Consello Comarcal do BNG-FERROLTERRA, expón unha serie de cuestións das que solicita aclaración e que foron contestadas polo promotor remitíndose ás respostas efectuadas para outras achegas ou alegacións, en canto que a alternativa escollida é a máis favorable para o medio ambiente e que está a elaborar un estudo xeotécnico máis específico para a execución do DDS III.





### 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto obxecto da presente declaración de impacto ambiental, consiste na variación da xeometría final do depósito de seguridade DDS II, incrementando o seu volume en 37.728 m<sup>3</sup> e mantendo constante a súa pegada; e a execución dun novo depósito de seguridade, DDS III, que ocupará unha superficie en planta de aproximadamente 60.000 m<sup>2</sup> e contará cunha capacidade de 1.031.330 m<sup>3</sup>.

Ambas actuacións, terán lugar dentro dos límites da Área II do CTRIG, no monte de Marbán, no concello das Somozas.

### 4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

Considerando o exposto nos anteriores apartados, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto, o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA, nas súas addendas e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas, e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

Ademais, ao proxecto seranlle de aplicación as seguintes condicións xerais que complementan, matizan ou suavizan as anteriormente indicadas e, en todo caso, as que se poidan incluír na autorización ambiental integrada:

#### 4.1. Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

1. Con carácter xeral, deberá garantirse que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que especies da flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables, así como os hábitats naturais. Tanto na fase de execución das obras como de funcionamento das instalacións, garantirase a non afección e a conservación dos exemplares de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA – Decreto 88/2007, do 19 de abril e Decreto 167/2011, do 4 de agosto) que puideran verse afectados, directa ou indirectamente. En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e, en particular, o estipulado no seu artigo 95.

Así mesmo atenderase ás obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

2. Tendo en conta a proximidade do novo depósito ao espazo protexido ZEC Ortigueira-Mera, a situación das instalacións na conca do río Mera, e a localización do punto de vertedura das augas pluviais no rego de Pereiro, terase en especial consideración a posibilidade da existencia de efectos indirectos, ademais dos directos, sobre a ZEC. Con este obxectivo, garantirase o estrito cumprimento das medidas previstas no estudo de impacto ambiental, e prestarase especial atención ao cumprimento e verificación periódica da correcta impermeabilización do novo depósito, xunto co selado e xestión de lixiviados.

3. Debido á natureza do proxecto e aos riscos asociados, resulta imprescindible que ante a aparición de calquera afección significativa sobre o medio non contemplada previamente, se paralicen inmediatamente as actuacións e se informe ao organismo competente.

4. Adoptaranse as medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación...). No programa de vixilancia ambiental





incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

#### 4.2. Protección das augas e leitos fluviais

1. De xeito xeral, evitarase a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor, polo que se deberán cumprir os obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas establecidas na correspondente normativa de aplicación, así como, se fora o caso, aqueles que se deriven das normas de aplicación como consecuencia de determinadas figuras de protección na zona de vertedura.

2. Sen menos cabo do que se poida establecer na AAI, prestarase especial atención ao seguimento da calidade das augas subterráneas, sendo necesario ter en conta todos os factores, tanto en termos cualitativos como cuantitativos.

A tal efecto, garantirase e controlarse a estanquidade do novo DDS III, a efectividade da rede de recollida de lixiviados e, tendo en conta as consideracións efectuadas polo organismo de cunca, seguirase minuciosamente o plan de vixilancia e seguimento ambiental que se estableza na devandita AAI respecto do control dos piezómetros e a mostraxe das augas subterráneas.

3. Analogamente, realizarase un exhaustivo seguimento e control da calidade das augas residuais pluviais que serán vertidas ao rego de Pereiro, sendo tamén necesario o seguimento dos parámetros de calidade nos puntos establecidos ao seu efecto no medio receptor.

4 Tendo en conta a proximidade do nacemento de varios regatos tributarios do rego de Pereiro e rego de Marván, de xeito previo á execución das obras, comprobarase a ausencia de calquera zona húmida (zonas de braña, turba, matogueiras húmidas, etc.) que puidera verse afectada polas obras ou polo funcionamento das instalacións. No caso de detectarse algunha, informarase ao organismo competente e tomaranse as medidas máis efectivas para garantir a súa protección.

5. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as sinaladas que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, os amontoamentos de materiais durante o movemento de terras e de estendido de terra vexetal realizaranse en zonas sen pendente, lonxe de calquera canle ou manancial e sen interferir nas redes naturais de drenaxe; e, conforme avance a obra, procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren.

En todo caso, os traballos de revexetación executaranse con inmediata continuidade ás operacións de estendido de terra vexetal e, no caso de ser necesario, instalaranse sistemas que impidan a incorporación de arrastres ao medio hídrico (mallas antiescorrega, barreiras de retención de sedimentos ou outros dispositivos análogos) garantindo que a colocación destes sistemas non supoña a alteración dos valores ambientais que se pretenden protexer.

O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras, e deberán ser retirados unha vez finalizada a súa función. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Asegurarase tamén a estabilidade de todos os noiros de nova creación, especialmente os noiros do DDS III, cuxa configuración final deberá ser froito dun estudo detallado para evitar a ocorrencia de fenómenos erosivos ou des-





prendementos que poidan afectar ao medio hídrico, ás zonas con algunha figura de protección e aos seus valores naturais.

O estado e a estabilidade dos anteditos noiros deberá ser obxecto de seguimento e control.

7. Asegurarase a axeitada evacuación dos excedentes hídricos, evitando tanto a formación de apozamentos de auga como a xeración de escorrentas incontroladas.

As conducións de drenaxe da escorrega natural do terreo disporanse procurando evitar modificar a aportación a cada unha das microconcas receptoras, co fin de non influír nos ecosistemas naturais situados augas abaixo das infraestruturas. En todo caso, evitarase engadir a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10% a superficie da bacía propia.

8. Implantaranse os mecanismos ou medidas oportunas para asegurar que a incorporación das augas de vertedura ao medio receptor sexa gradual, de xeito que se eviten fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas.

9. Tanto na fase de obras como na de explotación das instalacións, realizarase un control do correcto funcionamento da rede de drenaxe, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os anteditos fenómenos. Así mesmo, esta rede de drenaxe será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade. Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxe.

10. Extremaranse as precaucións sobre vertidos accidentais de materiais de construción e aceites, combustibles e residuos, retirando en caso de accidente o residuos vertidos o máis rapidamente posible co fin de evitar a contaminación do solo e das augas.

As zonas para a realización das operacións de mantemento, lavado, repostaxe, etc. da maquinaria, estarán previstas das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. Durante as obras, evitarase a vertedura directa aos cursos fluviais máis próximos.

#### **4.3 Protección da atmosfera e poboación**

1. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas.

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque, o promotor deberá levar a cabo a través de entidade acreditada conforme a normativa vixente, un plan de seguimento do nivel de ruído que, ademais dos puntos xa preestablecido na área das instalacións, deberá incluír os núcleos poboacionais máis cercanos, prestando especial atención a Vilar da Fraga e a Queiroga pola súa proximidade á área do DDS III.

#### **5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL**

Xa que na autorización ambiental integrada das instalacións se imporá un programa de vixilancia e seguimento ambiental do cumprimento das condicións referentes á protección da atmosfera, verteduras, solos e augas subterráneas, etc., este órgano ambiental non considera establecer un programa de vixilancia adicional, pero si que se inclúa nel o seguimento e vixilancia do cumprimento das condicións esta-





blecidas nesta declaración de impacto ambiental, ademais do proposto no EsIA e restante documentación ambiental avaliada, de xeito que se garanta o correcto funcionamento das instalacións dende o punto de vista ambiental.

## 6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

Conforme  
Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
(asinado electronicamente)

---

## RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto da modificación da xeometría final do DDS II e execución dun novo depósito de seguridade DDS III no CTRIG, no concello das Somozas (A Coruña), promovido pola UTE PMA-CONTECO, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente, deberáselle notificar previamente a esta dirección xeral, quen o avaliará e decidirá sobre a súa aceptación e comunicará, se é o caso, se procede ou non modificar a declaración ou iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

Esta DIA farase publica a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos oportunos.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan necesarios para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

De acordo co artigo 41.4 da Lei 21/2013, contra esta declaración de impacto ambiental non procederá recurso algún sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(asinado electronicamente)





Esta autorización outórgase coa descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos seguintes apartados:

#### **1. Datos administrativos**

1. Datos do titular
2. Datos da instalación
3. Categorias e rexistros da instalación/actividade
4. Seguros e garantías financeiras

#### **2. Condicións xerais**

1. Produción e xestión de residuos
2. Rexistro estatal de emisións contaminantes
3. Informe de situación
4. Condicións de explotación en situacións distintas das normais e en caso de accidente/incidente
5. Inspeccións de seguimento
6. Revisións sucesivas da autorización ambiental integrada
7. Comunicación de modificacións na instalación e de cambio de titularidade
8. Cesamento temporal
9. Cesamento definitivo e peche da instalación
10. Responsabilidade medioambiental
11. Incumprimento das condicións da autorización
12. Outras autorizacións e licenzas

#### **3. Descrición da instalación**

1. Ampliación proxectada
2. Estado actual do CTRIG
3. Descrición dos procesos e instalacións do CTRIG
4. Capacidade produtiva
5. Consumos
6. Almacenamento de residuos, materias primas e produtos
7. Fluxograma

#### **4. Condicións de explotación**

1. Adaptación ás conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD)
2. Posta en marcha e comprobación
3. Sistemas de xestión ambiental
4. Emisións á atmosfera
5. Ruído
6. Emisións á auga
7. Solos e augas subterráneas
8. Produción e xestión de residuos

#### **5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental**

1. Responsable do control do programa de vixilancia e seguimento ambiental
2. Metodoloxía de medición e ensaios
3. Presentación da memoria de seguimento ambiental
4. Contido das memorias de seguimento ambiental
5. Arquivo da información

#### **6. Alegacións**





## 1. DATOS ADMINISTRATIVOS

### 1 Datos do titular

Razón social: UTE PMA-CONTECO		
NIF: U-70.499.561.		
Enderezo: Parque Empresarial As Somozas		
Provincia: A Coruña	Concello: As Somozas	Código postal: 15565

### 2 Datos da instalación

Denominación da instalación: Centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG)			
Actividade principal: Vertedoiro de todo tipo de residuos que reciban mais de 10 t/día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 t con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes (epígrafe 5.5 do do Anexo I do RD1/2006)			
Actividade secundaria: Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos perigosos, cunha capacidade de máis de 10 t/d que realicen unha o mais das actividades contempladas no epígrafe 5.1 (5.1.b) e 5.1.c) do do Anexo I do RD1/2006.			
Enderezo: Parque Empresarial As Somozas e Monte Marbán			
Provincia: A Coruña	Concello: As Somozas	Código postal: 15565	
Área I: UTM X (m): 587.003,32 UTM Y (m): 4.820.985,98	Área II: UTM X (m): 589.481,91 UTM Y (m): 4.822.808,14	Fuso: 29	Datum ETRS 89
Referencias catastrais:			
CTRIG Área I (7112902NJ8271N0001XS )			
DDS I Área II (15082A005004700000GE)			
DDSII Área II (15082A009000007, 15082A00500212, 15082A00500202, 15082A00500214, 15082A00500204, 15082A00500218, 15082A00500205, 15082A00900227, 15082A00500206, 15082A00500159, 15082A00500207e 15082A00500470)			
DDSIII Área II (15082A00500204, 15082A00500158, 15082A00500138, 15082A009000005, 15082A00500202, 15082A00500142, 15082A00500140, 15082A00900018, 15082A00500203, 15082A00500162, 15082A00500151, 15082A00900019, 15082A00500161, 15082A00500134, 15082A00500150, 15082A00900017, 15082A00500159, 15082A00600225, 15082A00500149, 15082A00900227, 15082A00500143, 15082A00600421, 15082A00500148, 15082A00900007, 15082A00500144, 15082A00600422, 15082A00500145, 15082A00900154, 15082A00500156, 15082A00600417, 15082A00900001, 15082A00900153, 15082A00500155, 15082A00600424, 15082A00900003, 15082A00500157, 15082A00500137 e 15082A00900004)			
Superficie total da Área I (m <sup>2</sup> ): 44.000 m <sup>2</sup>		Superficie total da Área II (m <sup>2</sup> ): 570.000 m <sup>2</sup>	
Vertedura de augas residuais da Área I: si (augas fecais e augas residuais pluviais)		Xestor da rede de saneamento: Concello das Somozas	
Vertedura de augas residuais da Área II: si (augas residuais pluviais)		Punto de vertido: rego de Pereiro (cunca do río Mera)	
Sistema de xestión medioambiental: Si dispón			
NIMAs (números de identificación medioambiental)		CENTRO DAS SOMOZAS: 1500001271 CENTRO DAS SOMOZAS – ÁREA II: 1500106690	





### 3 Categorías e rexistros da instalación/actividade

CNAE (principal): 38.22 – Tratamento e eliminación de residuos perigosos	
Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 5.1.b), 5.1.c) e 5.5
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 5.1.b), 5.1.c) e 5.4
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Avaliación ambiental ordinaria
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: 778
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Depósitos de seguridade non afectados Centro de tratamento de residuos si afectado.
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade non incluída
Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (código ID instalación)	Actividade non regulada
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada: prioridade 1 e 2 (xa constituída garantía financeira obrigatoria)
Inscripción como produtor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-P-00012
Inscripción como produtor de residuos non perigosos	---
Autorización de xestor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-XE-00001, SC-RP-IPPC-XE-00002, SC-RP-IPPC-XE-00007 e SC-RP-IPPC-XV-00006
Autorización de xestor de residuos non perigosos	SC-I-IPPC-XE-00015, SC-I-IPPC-XA-000xx, SC-I-IPPC-XV-00088, SC-I-IPPC-XV-00079 e SC-I-IPPC-XV-00080

### 4 Seguros e garantías financeiras

a. Seguro de responsabilidade civil medioambiental	Núm. Póliza: 00000102278892 Contía: 4.000.000 €
b. Fianzas	





Actividade	Núm. rex.	Contía (€)
SC-I-IPPC-XE-00015 , SC-I-IPPC-XV-00088 e SC-I-IPPC-XV-00080 Xestor de valorización e eliminación de residuos non perigosos (D9, R12 e R5) (Capacidade normal total: 13.582 t/a)	661/2019 (a depositar) (complementaria)	46.366,87 € 142.050,31 € 95.683,44 €
SC-RP-IPPC-XE-00001 Xestor de eliminación de residuos perigosos mediante depósito en vertedoiro (D5) (Capacidade normal total: 115.000 t/a para o DDSII e 87.400 t/a para o DDSIII)	659/2019 (a depositar) 657/2019 (a depositar)	DDSII: 3.101.018,40 € DDSII: 1.113.842,52 € DDSI: 1.830.250,80 € DDSIII: 629.280,00 €
SC-RP-IPPC-XV-00006 e SC-RP-IPPC-XE-00002 Xestor de valorización e eliminación de residuos perigosos (D9, R12 e R5) (Capacidade normal total: 121.632 t/a)	660/2019 (a depositar) (a devolver)	530.127,50 € 466.565,67 € 63.561,83 €
SC-I-IPPC-XA-00025 Xestor de almacenamento de residuos non perigosos (D15) (Capacidade normal total: 12.750 t/a)	(a depositar)	84.630,82 €





## 2. CONDICIÓN XERAIS

### 1 Producción e xestión de residuos

Contarase coas inscricións que correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, manteranse actualizadas e cumpriranse cos condicionantes recollidos nestas.

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas en todo momento as garantías asociadas á xestión autorizada e a póliza do seguro de responsabilidade civil, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 20.4.c da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e nas súas normas de desenvolvemento. O incumprimento desta obriga suporá a suspensión da eficacia da autorización outorgada e non poderá exercer as actividades mentres persista esta circunstancia.

En todo caso, deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

#### Para as actividades de xestión de residuos:

##### 1.1. Arquivo cronolóxico das actividades

O titular debera dispor dun arquivo onde se recollan por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 27.5 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Levar o arquivo cronolóxico a través da plataforma GAIA é obrigatorio para os suxeitos xestores que leven a cabo operacións de tratamento de residuos perigosos e non perigosos, incluída a almacenaxe de residuos, en instalacións situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante recoméndase a súa utilización para levar o arquivo cronolóxico tamén para aqueles suxeitos xestores de residuos non obrigados xa que deste xeito poderá obter a memoria resumo anual dunha forma automática a través de esta plataforma cando esta funcionalidade estea dispoñible en futuras versións.

Pode atoparse toda a información necesaria ao respecto no seguinte enlace:

<http://sirga.cmati.xunta.es/a-plataforma-gaia>

##### 1.2. Presentación de información

A empresa deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo. No caso do desenvolvemento do tratamento de residuos de competencia municipal esta remisión deberá facerse tamén ao concello correspondente. O procedemento a seguir e o modelo oficial que deben presentar pódese atopar na seguinte páxina web:

<http://sirga.cmati.xunta.es/declaracion-anual-tramites>

### 2 Rexistro estatal de emisións contaminantes





A instalación está afectada polo Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 96 do 21.04.2007) polo que o titular debe comunicar a información requirida anualmente vía telemática ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE-Sección PRTR).

A notificación incluírá todas as substancias do anexo II do antedito real decreto que polos seus procesos, materias primas e combustibles empregados poidan ser emitidas ou vertidas. O órgano ambiental considera, para as substancias que non declare, que a instalación afirma que non son parte da emisión ou vertido e que podería demostralo documentalmente.

Ademais do anterior, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de contaminantes medidos: norma que contén ao método de medida, número de medidas (en caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máscica anual (resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda e resultados en kg/ano ou t/ano).
- Para o caso de contaminantes calculados: indicaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máscica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de contaminantes estimados: indicaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máscica das emisións.

### 3 Informe de situación

A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados (DOG núm. 57 do 24.03.2009).

De acordo co disposto no artigo 5 do antedito decreto, o titular da instalación está obrigado a remitir un informe de situación cada 5 anos. O informe deberá presentarse dentro dos tres meses anteriores á data de expiración do prazo.

Tamén implicará a obriga de presentar un informe de situación en caso de modificación substancial da instalación, ou cando se pretenda levar a cabo o peche definitivo ou se produza a transmisión de titularidade da actividade.

### 4 Condicións de explotación en situacións distintas das normais e en caso de accidente/incidente

Sen prexuízo das medidas que o titular deba adoptar en cumprimento do seu plan de autoprotección, a normativa de protección civil, de prevención de riscos laborais, do seu plan de emerxencia exterior no marco das medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, ou de calquera outra normativa de obrigado cumprimento que afecte á instalación e da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007), o titular da instalación deberá:

- a) Ante situacións de explotación que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, como nos casos de posta en marcha e/ou parada, derramos de





materias primas, residuos, vertidos ou emisións á atmosfera superiores ás admisibles, fallos de funcionamento ou paradas temporais:

- Dispor dun plan específico de actuacións e medidas para as condicións de explotación distintas ás normais, co fin de prever ou, cando isto non sexa posible, minimizar os danos ao medio ambiente e as posibles repercusións na saúde das persoas.
- Comunicar inmediatamente ao órgano de cunca e ao órgano ambiental competente calquera anomalía na actividade e/ou nas instalacións de depuración de augas residuais que poidan orixinar un vertido, autorizado ou non, en condicións inadecuadas ou que poida supor a realización dun *by-pass* de augas non tratadas. Simultaneamente, adoptaranse as actuacións e medidas necesarias para corrixila no menor tempo posible, debendo cesar o vertido de inmediato.
- Comunicar inmediatamente ao órgano ambiental competente os casos de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos, os incidentes na instalación que poidan afectar negativamente á calidade do solo, así como calquera emisión á atmosfera non incluída na autorización ou que supere os límites establecidos, adoptando simultaneamente as actuacións e medidas necesarias para corrixilas.

Dentro destas medidas considerárase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

b) No caso de accidente, adoptar as medidas recollidas nos plans de emerxencia, realizando as comunicacións inmediatas que procedan aos diferentes organismos que deban intervir. Dentro destas comunicacións incluírase o órgano ambiental competente.

Ademais, nun prazo máximo de 48 horas, realizaranse as ditas comunicacións por escrito indicando: tipo de incidencia/accidente ou suceso, localización, causas, hora na que se produciu e duración; no caso de vertido accidental: caudal e materias vertidas; no caso de superacións de límites: datos de emisións; estimación dos danos causados; medidas correctoras adoptadas; medidas preventivas para evitar a súa repetición; prazos previstos para a aplicación efectiva de medidas preventivas. Finalizado o suceso, nun prazo máximo de 30 días a contar dende este, presentarase un informe detallado coas medidas adoptadas debidamente acreditadas, persistencia dos problemas e propostas de solución para evitar a súa repetición.

## 5 Inspeccións de seguimento

De acordo co disposto no capítulo III do Real decreto 815/2013 ao longo da vixencia da autorización realizaranse inspeccións de seguimento da actividade para verificar o cumprimento das condicións establecidas nesta.

Sen detrimento do anterior, en todo momento e sen previo aviso, poderase acceder á instalación e realizar as inspeccións que se estime convenientes para comprobar o cumprimento das condicións impostas nesta autorización.

## 6 Revisións sucesivas da autorización ambiental integrada

Á instalación aplícalle o procedemento de revisión da autorización ambiental integrada regulado no artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2016:

- O órgano ambiental competente revisará as condicións da autorización ambiental integrada nun prazo de 4 anos a partir da publicación de novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, en canto á principal actividade da instalación. A revisión terá en conta todas as conclusións relativas aos documentos de referencia MTD aplicables á instalación, dende que a autorización fora concedida, actualizada ou revisada.





- A esta instalación non lle son de aplicación os documentos de conclusións sobre as mellores tecnoloxías dispoñibles (MTD) no tratamento de residuos, xa publicados. Non obstante o anterior as MTDs que se mostran corresponden ao documento de conclusións sobre as MTD no tratamento de residuos.
- Se a instalación non está cuberta por ningunha das conclusións relativas ás MTD, as condicións da autorización revisaranse e, de selo caso, adaptaranse cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións.
- A autorización revisarase de oficio nos supostos sinalados no apartado 4 do dito artigo 26.

## 7 Comunicación de modificacións na instalación e de cambio de titularidade

O titular da instalación deberá comunicar ao órgano ambiental competente calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación, de conformidade co disposto nos artigos 10 do Real decreto lexislativo 1/2016 e 14 do Real decreto 815/2013.

Ademais, tamén deberá comunicar a transmisión ou cambio de titularidade da instalación, aportando a documentación acreditativa e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009.

## 8 Cesamento temporal

O titular comunicará o cesamento temporal da actividade ao órgano ambiental competente cunha antelación mínima de 3 meses á data prevista. O reinicio debe ser comunicado cunha antelación mínima dun mes.

Durante este período o titular deberá cumprir coas condicións establecidas na autorización.

O cesamento temporal non poderá superar os 2 anos dende a súa comunicación.

## 9 Cesamento definitivo e peche da instalación

O titular comunicará o cesamento da actividade ao órgano ambiental competente cunha antelación mínima de 6 meses á data prevista. Xunto coa dita comunicación, de ser o caso, deberá presentar o proxecto completo de desmantelamento das instalacións para a súa aprobación.

Este proxecto deberá conter, polo menos, unha previsión das actuacións para o desmantelamento de equipos e infraestruturas en función do uso posterior do terreo, unha descrición dos tipos e cantidades de residuos a xerar durante o desmantelamento, xestión, planificación temporal das actuacións, presuposto previsto para todas as operacións, unha proposta de seguimento e control ambiental e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. En particular, deberá darse cumprimento ao artigo 23 do Real decreto lexislativo 1/2016 e ao artigo 16 do Real decreto 646/2020. de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Tras a avaliación da antedita documentación o órgano ambiental competente establecerá as condicións que lles aplican a estas actuacións.

## 10 Responsabilidade medioambiental

O operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007) e na súa normativa de desenvolvemento.





Dado que a actividade está clasificada cos niveis de prioridade 1 e 2 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establece a orde de prioridade e o calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será esixible a constitución de garantía financeira obrigatoria, previstas na disposición final cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 154 do 29.6.2011) a empresa xa conta cunha garantía financeira co obxecto de facer fronte á responsabilidade medioambiental inherente á actividade, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, de 23 de outubro, clasificadas co nivel de prioridade 1 e 2 conforme ao anexo da Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño (BOE núm. 248 do 15.6.2019) .

### **11 Incumprimento das condicións da autorización**

O incumprimento das condicións recollidas na resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no título IV do Real decreto legislativo 1/2016, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

### **12 Outras autorizacións e licenzas**

Esta autorización ambiental outórgase sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas que sexan esixibles polo ordenamento xurídico vixente.





### 3. DESCRIPCIÓN DA INSTALACIÓN

#### 1 Ampliación proxectada

O sometemento da instalación existente ao trámite de modificación substancial da autorización ambiental integrada xurde da ampliación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG) baséase na valorización e eliminación de residuos perigosos e non perigosos, actividade que desenvolve en dúas áreas no concello das Somozas, coñecidas como Área I, no Parque empresarial das Somozas, e Área II, na ladeira nor-nordeste do monte Marbán.

Para a eliminación dos residuos perigosos, o CTRIG dispón na súa Área II de dous depósitos de seguridade, o DDS I e o DDS II. Na actualidade, o DDS I está selado e clausurado, estando soamente operativo o segundo depósito, o DDS II.

O DDS II, conta cunha capacidade de vertedura autorizada, na autorización ambiental integrada (AAI) vixente, de 1.130.000 m<sup>3</sup> ou 1.132.967,6 t, e unha capacidade normal de eliminación de 115.000 t/ano. O depósito consta de sete celas, das que cinco xa están colmatadas e seladas, quedando en explotación as celas 5 e 6.

O ampliación prevista polo promotor, pretende variar a xeometría final do DDS II co obxectivo de optimizar a xestión das augas pluviais e os traballos finais de explotación e selado. Por outra banda, estímase que a vida útil do DDS II finalizará no último trimestre do ano 2022, polo que o promotor tamén propón dotar ás instalacións dun novo depósito de seguridade, o DDS III.

Con estes obxectivos, o proxecto desenvólvese dentro do perímetro da mesma Área II do CTRIG. Esta área ocupa unha superficie de 570.000 m<sup>2</sup>, na que ademais dos dous depósitos de seguridade (DDS II e DDSIII), localízanse outras instalacións. Cómpre destacar a planta de estabilización (PE), na que se producen compostos quimicamente estables para a súa deposición nos depósitos de seguridade; unha nave de maduración (NM), onde ten lugar a maduración dos residuos estabilizados na PE; ou a planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados dos DDS (PLIX), que no momento da elaboración da documentación atopábase en fase de posta en marcha.

Para a variación da xeometría final do DDS II, propónse efectuar o enchido con noiros 3H:1V e bermas cada 10 m de altura, salvo no lado oeste e entre as celas 4 e 6. A dita variación, suporá un aumento do volume de depósito de 37.728 m<sup>3</sup> (37.827,1 t), e polo tanto, un incremento do volume autorizado de ata 1.167.728 m<sup>3</sup> ou ata unha capacidade total de eliminación de 1.170.794,7 t. Porén, a modificación proposta non suporá unha variación da pegada ou da superficie ocupada polo depósito, que se manterá en aproximadamente 68.000 m<sup>2</sup>.

Respecto do novo depósito DDS III, localizarase na explanada existente ao leste do DDS II, de acordo co expresado polo promotor, dentro dos actuais límites do CTRIG aprobados no correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Ocupará unha superficie en planta de aproximadamente 60.000 m<sup>2</sup> e contará cunha capacidade de 1.031.330 m<sup>3</sup> dividida en 4 celas. Con esta capacidade, calcúlase que o DDS III podería dar servizo ata o ano 2036.

Para a modificación substancial da autorización ambiental integrada da instalación preséntanse os seguintes proxectos/documentos:

- Proxecto básico para a modificación substancial da AAI do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Decembro 2019.





- Resumo non técnico do proxecto básico para a modificación substancial da AAI do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Decembro 2019
- Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019.
- Anexo documental: CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Abril 2020
- Anexo documental: análise económico da ampliación do DDS II e construción do novo DDS III no CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xuño 2020.
- Anexo documental: contestación ao informe de Augas de Galicia no procedemento de modificación substancial da AAI do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xullo 2020.
- Anexo técnico: addenda ao estudo de impacto ambiental do proxecto básico para a modificación substancial da AAI do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Setembro 2020.
- Anexo técnico: avaliación da evolución de augas subterráneas e proposta de puntos de control no CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Novembro 2020.
- Anexo técnico: solicitude de revisión da autorización dos depósitos de seguridade do CTRIG segundo o Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. Decembro 2020.
- Anexo técnico: "Estudio geológico-geotécnico para la construcción del depósito de seguridad DDS III en Sogarisa. Agosto 2020".

## 2 Estado actual do CTRIG

As instalacións do CTRIG están divididas en dúas áreas. A continuación, defínese o estado actual das instalacións existentes e/ou autorizadas en cada unha destas.

### 2.1.- Instalacións da Área I:

A área I atópase situada no Parque Empresarial das Somozas, ocupando unha superficie de aproximadamente 44.000 m<sup>2</sup>. Na seguinte figura móstranse a localización das instalacións existentes e/ou autorizadas na área I.





Figura 1. Instalacións existentes da Área I do CTRIG

Como se observa na figura anterior a Área I está formada polas seguintes instalacións:

2.1.1. Planta de tratamento fisicoquímico ( PFQ).

2.1.2. Planta de evaporación – oxidación ( EVOX).

2.1.3. Zona auxiliar EVOX – PFQ. Sitúase no antigo emprazamento da planta de tratamento biolóxico (PTB), xa dada de baixa en anteriores modificacións da AAI. Ocupa unha superficie duns 1.000 m<sup>2</sup>. De acordo á resolución da modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018, parte desta superficie, aproximadamente 580 m<sup>2</sup>, será cuberta mediante unha estrutura metálica co obxectivo de reducir ao mínimo a entrada de auga e dar protección aos equipos e tanques de apoio á explotación da EVOX e a PFQ.

2.1.4. Nave de transferencia ( NT). Para mellorar a operatividade e funcionalidade da nave de traballo da área I, autorizada na modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018 e descrita posteriormente (véxase punto 2.1.5), en lugar de utilizar a antiga zona de depósitos de fuel da EVOX para a ampliación NT3, trasladouse a ese lugar a NT, ocupando unha superficie de aproximadamente 380 m<sup>2</sup>, e destinando a área ocupada actualmente pola NT para a nave de traballo. Consecuentemente, a nave de transferencia ocupará unicamente dous espazos na área I.

2.1.4.1. Nave de transferencia (NT), cunha superficie de aproximadamente 380 m<sup>2</sup>, trasladada da súa localización actual á antiga zona de depósitos de fuel da EVOX.





2.1.4.2. Nave de transferencia 2 ( NT2), cunha superficie de aproximadamente 550 m<sup>2</sup>, situada na antiga planta de tratamento de pilas ( PTP) de acordo ao recollido na modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018.

2.1.5. Nave de traballo. De acordo á resolución da modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018, a nave de traballo construíuse segundo o deseño proxectado na superficie circundante á actual nave de transferencia (NT) acadando unha a superficie total desta duns 2.650 m<sup>2</sup>. Non obstante o seu equipamento completouse coa implementación dunha instalación fotovoltaica, novas tolvas de descarga de residuos líquidos e ampliación e mellora dos medios de protección contra incendios (PCI).

2.1.5.1. Estación de transvasamento de pequenos recipientes: a nova nave de traballo dispón dunha área reservada para o transvasamento de pequenos recipientes e instalouse unha báscula para a pesada dos mesmos, xunto ao novo laboratorio de análise de mostras.

Do mesmo xeito que a propia nave de traballo, a estación de transvasamento aínda non está totalmente operativa e aínda non se dispón de volteadora. Con todo, ao tratarse dun equipo autónomo e móbil, a súa futura implantación non aparelha a realización de obras adicionais en emprazamento, nin obra civil ou montaxe mecánica para a súa suportación, nin novas instalacións para a alimentación de servizos para o seu funcionamento.

2.1.5.2. Traslado da nave existente: a nave de transferencia NT trasladouse a unha nova localización próxima á planta EVOX, para o que houbo que realizar as obras proxectadas para acondicionar a zona. Con todo, a implantación desta nave modificou lixeiramente durante o transcurso das obras, véndose modificado o movemento de terras e parte da obra civil a executar. Ademais, a posta en servizo da nave na súa nova localización completouse coa mellora do seu equipamento en canto medios de protección contra incendios.

2.1.5.3. Modificación de vial de acceso e estacionamento: executouse unha chaira para manobra e estacionamento de camións, acondicionando a zona axardinada existente.

2.1.6. Almacén de equipos do servizo de emerxencia. Situarase nunha pequena zona cuberta de 30 m<sup>2</sup> anexa á NT2.

2.1.7. Planta satélite de gas natural licuado.

2.1.8. Edificio de recepción e pesada.

2.1.9. Oficinas e laboratorio.

2.1.10. Edificio de persoal.

2.1.11. Nave taller.

2.1.12. Aula de Medio Ambiente.

2.1.13. Centro de transformación.

2.1.14. Alxibe do sistema contra incendios.

2.1.15. Arqueta de pluviais.

2.2.- Instalacións da Área II:





A área II atópase situada na ladeira nordeste do Monte Marbán no Concello das Somozas, ocupando unha superficie de aproximadamente 570.000 m<sup>2</sup>. Na seguinte figura móstranse a localización das instalacións existentes e/ou autorizadas na área II.




Figura 2. Instalacións actuais da Área II do CTRIG

Como se observa na figura anterior a Área II está formada polas seguintes instalacións:

### 2.2.1. Planta de estabilización (PE).

### 2.2.2. Nave de maduración (NM).

Executáronse cambios na nave de maduración. O cerramento lateral desta realizouse con chapa simple grecada a partir dunha altura de 2 m desde a cota de urbanización exterior, de maneira que, entre o murete perimetral e o inicio do cerramento, queda un oco aberto duns 2 m en ambos os laterais. Deixáronse varios vans diáfanos nos laterais da nave. O oco con acceso directo desde a chaira urbanizada, quedará sen cerramento, servindo como portal de acceso a descarga de camións. Este acceso complétase coa colocación dunha chapa de aceiro desde a coroación do noiro ata o seu parte inferior, co obxecto de protexer a impermeabilización durante as descargas dos camións. Os demais ocros quedarán cubertos por toldos microperforados tensados ao chan e a ambos os piares laterais.

A soleira executouse mediante a aplicación de formigón en masa ao encontro entre a soleira e a impermeabilización dos noiros, ata unha altura de 50 cm, aproximadamente. Na esquina suroeste da





soleira, executouse unha arqueta de 1,50x1,50x1,50 m, con obxecto de que se poida utilizar como pozo de achique mediante bombas sumergibles portátiles, chegado o caso.

2.2.3. Depósito de seguridade I (DDS I).

2.2.4. Depósito de seguridade II (DDS II).

2.2.5. Depósito de seguridade III (DDS III). Nova instalación de eliminación prevista.

2.2.6. Planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados (PLIX). De acordo á última modificación non substancial de AAI do CTRIG, construíuse, anexa á zona de tanques onde se almacenaban as augas resultantes da planta de recuperación de hidrocarburos (PRHC), a planta de tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados dos DDS, e que actualmente se atopa en fase de posta en marcha.

2.2.7. Tanques de almacenamento de lixiviados.

2.2.8. Balsa de almacenamento de residuos contaminados con hidrocarburos. De acordo á resolución de modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018, os residuos contaminados con hidrocarburos, procedentes na súa totalidade da catástrofe do petroleiro Prestige (traxes, envases, areas, etc.) están depositados na antiga balsa de augas pluviais do DDS I, impermeabilizada na súa base e cuberta no seu parte superior. O anterior concesionario do CTRIG cuantificou estes residuos en 10.000 t pendentes de tratamento.

2.2.9. Planta de recepción, clasificación, acondicionamento de residuos e recuperación de envases (PRE).

O obxecto desta planta é tratar os envases baleiros que se xeran no CTRIG mediante o desmontaxe dos seus elementos construtivos segregables (armazóns metálicos, palets de madeira, vasos e accesorios de plástico, etc), lavado e enxaugue de recipientes e formación de balas de plástico e balas de metais para o seu envío a xestor autorizado.

A continuación, móstrase un diagrama de proceso cos pasos de tratamento de acordo coa configuración definitiva da Planta de Lavado de Envases.




Figura 3. Diagrama de proceso definitivo da PRE





Os recipientes que chegan á planta presentan unha ampla variedade de condicións, distintos formatos, distinto grao e tipoloxía de sucidade. O lavado interior destes recipientes realizarao o persoal do CTRIG cunha hidrolimpadora con lanza de auga a presión. As augas de lavado resultantes quedarán no interior do recipiente e serán retiradas mediante unha cisterna de succión axustada a un tractor agrícola.

Esta operación de lavado repetirase as veces que sexa necesario ata que o recipiente quede limpo e baleiro de residuos. As augas de lavado envíanse a tratamento na Planta de Estabilización situada tamén na área II do CTRIG.

Unha vez limpos, os recipientes someteranse a desmorte manual, co obxecto de segregarmos os distintos materiais valorizables que os integran (xeralmente, carcacas e accesorios metálicos, palés de madeira e vasos – ou burbullas – de plástico).

A PRE dispón dunha prensa que se encarga de converter en balas (unha bala de plásticos por cada 36 burbullas e unha bala de metal por cada 12 carcacas) as burbullas e carcacas que se introduzan. A alimentación á prensa faise mediante carretilla elevadora, depositando os elementos sobre o camiño de rodets que os fai avanzar ata a cámara de prensado. Esta cámara conta cun sistema de detección e extinción, como continxencia ante o risco de que se poida producir un incendio no proceso de prensado, provocado pola formación dunha atmosfera explosiva no seu interior.

As balas formadas saen da prensa mediante outro camiño de rodets e, con axuda dunha carretilla, un operario encárgase de transportala a unha zona de almacenamento temporal, onde permanece ata a súa recollida por parte dun xestor de valorización de plásticos.

Por medio doutra entrada do equipo, os elementos metálicos desmontados tamén poden alimentarse á prensa para formar balas metálicas, o que permitirá facilitar o manexo e almacenamento temporal destes materiais, que serán amoreados á espera da súa recollida por parte dun xestor de valorización de metais.

As madeiras segregadas no desmorte consistirán principalmente en palés. Estes palés e demais restos de madeira, amorearanse temporalmente para a súa recollida por parte dun xestor de valorización de madeira, ou ben serán retornados á súa orixe, para a súa reutilización.

As áreas de provisión de cada material (recipientes a tratar, burbullas de plástico, metais, madeiras, balas de plástico e balas de metal) mantéñense claramente definidas e separadas e, salvo situación excepcional, non se invadirán nin intercambiarán os seus usos.

Cabe destacar que o tratamento da PRE completouse coa construción dunha zona para o baleirado de recipientes con residuos compatibles coa tecnoloxía de tratamento da Planta de Lixiviados (situada na proximidade da Planta de Lavado de Envases). Esta zona dispón dun novo palco de descarga no que se baleira o contido destes recipientes, que é pre-filtrado nun filtro banda previo ao seu almacenamento nun depósito horizontal desde o que se envía a tratamento na Planta de Tratamento de Lixiviados. Os recipientes xa baleirados amoréanse xunto aos recipientes baleiros que esperan a súa incorporación á liña principal de tratamento da Planta de Lavado de Envases. O palco de descarga dispón de tomas de ventilación e unha rede de condutos para a extracción mecánica dos vapores que se poidan xerar na operación de baleirado dos recipientes.

2.2.10. Zonas á espera de futuros usos no CTRIG. Actualmente existen dúas zonas na área II do CTRIG sen uso, e que se utilizarán para albergar futuras instalacións:





2.2.10.1. Zona sen uso I (en obras na actualidade). Nela situarase a nova Planta de Estabilización de Residuos (PER), xa recollida na modificación non substancial da AAI con data 7 de xuño de 2018.

2.2.10.2. Zona sen uso II. Trátase da nave da antiga planta de recuperación de metais (PRM), dada de baixa en anteriores modificacións non substanciais da AAI, e recentemente desmantelada á espera de ser aproveitada para futuros usos do CTRIG.

2.2.11. Edificio de recepción e pesada.

2.2.12. Oficinas.

2.2.13. Nave taller.

2.2.14. Balsas de pluviais.

2.2.14.1. Balsa de decantación das augas pluviais da área de influencia do DDS I.

2.2.14.2. Balsa de decantación das augas pluviais da área de influencia do DDS II e do futuro DDS III.

2.2.15. Estación de bombeo na balsa de decantación do DDS I.

2.2.16. Centro de extinción de incendios.

2.2.17. Centros de acometida e de transformación.

2.2.17.1. Centro de transformación DDS de 250 kVA.

2.2.17.2. Centro de transformación antigo PRHC de 800 kVA.

2.2.17.3. Centro de transformación antiga PRM de 630 kVA.

2.2.17.4. Centro de transformación Área I ( EVOX) DE 1.000 kVA.

### 3 Descrición das instalacións e procesos do CTRIG

Tras sintetizar o estado actual das instalacións existentes e/ou autorizadas do CTRIG, recóllese a continuación unha descrición algo máis detallada dos seus procesos e instalacións.

#### 3.1.- Instalacións da Área I:

##### 3.1.1. Planta de tratamento físico-químico (PFQ).

A planta de tratamento físico-químico (PFQ) atópase situada nunha nave situada no centro da área I, ocupando unha superficie de 2.130 m<sup>2</sup>. A planta está equipada cos equipos necesarios para levar a cabo os procesos de tratamento dos residuos líquidos perigosos para eliminar a súa toxicidade.

Os residuos tratados nesta planta son:

- Residuos cianurados.
- Residuos acedos.
- Residuos crómicos.
- Residuos básicos con metais.

Os puntos de control de ruídos deberán localizarse nos perímetros das zonas ou áreas afectadas (zona 1 e zona 2), garantindo a representatividade das medicións e, no seu caso, nas zonas habitadas máis próximas. Os controis realizaranse no horario de funcionamento da instalación, dentro dos períodos definidos no Real decreto 1367/2007 (día, tarde e noite), coincidindo cos intervalos de máxima actividade. Os resultados e o informe valorativo remítirase a esta dirección xeral. O informe valorativo incluírá a avaliación da necesidade de realizar controis periódicos e, no seu caso, a correspondente proposta de vixilancia e control, para a súa aprobación por parte desta dirección xeral.

No caso de executar modificacións nas instalacións ou postas en marcha de novas instalacións que poidan afectar aos niveis de presión sonora, así como no caso de recibir denuncias veciñais relacionadas cunha posible contaminación acústica derivada da actividade desa instalación, realizarase unha campaña de control de ruídos adicional, que incluírá medicións en horario diúrno e nocturno (no





caso de funcionamento neste horario), determinando o nivel de presión sonora xerado coas novas unidades de funcionamento ou coas actuais, no caso de que a realización desa campaña de control de ruídos adicional veña motivada pola recepción de denuncias veciñais.

Todas as medicións realizaralas un Organismo de Control Acreditado, seguindo ao efecto os procedementos establecidos na normativa de aplicación.

O titular incluírá os resultados destes estudos nas memorias ambientais que se requiren no apartado 5, "Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental", xunto coa análise e avaliación dos mesmos en relación co cumprimento dos valores límite de ruído ambiente. Os informes de avaliación da contaminación acústica conterán un anexo co especificado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

En caso de superación dos niveis, o titular reformulará o seu plan de xestión de ruído, tal e como se indica na MTD 17, no que se inclúan as medidas a adoptar para garantir que se cumpran os valores límite establecidos pola normativa vixente, indicando a súa planificación temporal. Esta información tamén se incluírá nas memorias de seguimento que se requiren no apartado 5 desta resolución.

## 6 EMISIÓNS Á AUGA

### 6.1 Xestión das augas residuais

Segundo a documentación presentada, o titular declara que a xestión das augas residuais xeradas nas instalacións de referencia é a seguinte:

#### 6.1.1 Na denominada área I:

- As liñas de produción existentes nesta área son as seguintes:

- Planta de tratamento físico – químico (PFQ).
- Planta de evaporación – oxidación (EVOX).
- Zona auxiliar EVOX – PFQ, localizada no antigo emprazamento da planta de tratamento biolóxico (PTB).
- Nave de transferencia (NT).
- Nave de transferencia 2 (NT2).
- Nave de traballo.

- O titular declara que a xestión das augas residuais xeradas nesta área I é a seguinte:

- As augas residuais industriais son enviadas para o seu tratamento interno na EVOX ou na planta de lixiviados (PLIX) existente na área II, ou ben xestionadas como xestor autorizado.
- As augas residuais pluviais e as augas residuais domésticas son vertidas á rede de saneamento municipal.

En consecuencia, non se realiza vertido ao dominio público das augas residuais xeradas na área I das instalacións de UTE PMA-CONTECO asentadas no Parque Empresarial das Somozas. De acordo co artigo 101.2 do texto refundido da Lei de augas, a autorización para a conexión das augas residuais á rede de sumidoiros atribúese ao titular da devandita rede.

#### 6.1.2 Na denominada área II:





- As liñas de produción existentes nesta área, localizadas na ladeira do monte Marván e próximas ao monte A Solana, son as seguintes:

- Planta de estabilización de residuos (PER).
- Nave de maduración (NM).
- Depósitos de Seguridade (DDS).
  - O depósito de seguridade 1 (DDSI) alcanzou o final da súa vida útil, de xeito que está selado e clausurado.
  - O depósito de seguridade 2 (DDSII) está actualmente en uso.
  - O depósito de seguridade 3 (DDSIII) está pendente de execución.
- Planta de tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados (PLIX).
- Tanques de almacenamento de lixiviados.
- Balsa de almacenamento de residuos contaminados con hidrocarburos (os residuos procedentes da catástrofe do petroleiro Prestige encóntranse depositados na antiga balsa de augas pluviais do DDSI, impermeabilizada na súa base e cuberta na parte superior, á espera de autorización para a súa xestión final).
- Planta de recepción, clasificación, acondicionamento de residuos e recuperación de envases (PRE).
- Zonas á espera de futuros usos (nave da antiga planta de tratamento de residuos contaminados con hidrocarburos I -PRHC I, actualmente demolida- na que se asentará a nova planta de estabilización de residuos (PER); e nave da antiga planta de recuperación de metais -PRM- desmantelada).
- Nave taller.

- O titular declara que a xestión das augas residuais xeradas nesta área II é a seguinte:

- Os lixiviados bombeados de cada unha das celas dos depósitos de seguridade son recollidos en tanques verticais de almacenamento. Estes lixiviados almacenados serán bombeados para o seu tratamento á planta de lixiviados (PLIX). En caso de necesidade tamén poderán ser transportados en camións cisterna á planta de evaporación – oxidación (EVOX) para o seu tratamento, ou a un xestor autorizado. Asemade, tamén poden ser bombeados á planta de estabilización (PE) para ser utilizado como fluidificante no proceso.
- As augas residuais pluviais captadas polos sistemas superficiais de drenaxe dos depósitos de seguridade e as procedentes do sistema de alivio de presión destes, son recollidas mediante conducións e canalizadas a dúas balsas de almacenamento e decantación impermeabilizadas. Posteriormente, mediante cadansúas conducións vértense nun único punto de vertido ao rego de Pereiro (cunca do río Mera).
- As augas residuais domésticas son canalizadas a unha fosa estanca e posteriormente xestionadas no CTRIG.

Así pois, segundo a documentación presentada, na área II das instalacións de UTE PMA-CONTECO localizadas na ladeira do monte Marván, a empresa declara a existencia de vertidos directos ao dominio público hidráulico correspondentes ás augas residuais pluviais.

Como valores límite de emisión para as augas residuais vertidas ao dominio público, que corresponden ás augas residuais pluviais depuradas procedentes da área II, establécense os criterios que seguen, con base no disposto nas mellores técnicas dispoñibles, segundo os documentos de referencia existentes e a documentación técnica consultada.

## 6.2 Valores límite de vertido

### 6.2.1 Caudais máximos de vertido:





O caudal máximo de vertido de augas residuais pluviais depuradas ao rego de Pereiro (cunca do río Mera) é de 713.052 m<sup>3</sup>/ano, distribuído tal e como se reflicte na seguinte táboa:

EFLUENTE		CAUDAL MÁXIMO (m <sup>3</sup> /ano)
Aguas residuais pluviais na balsa de decantación núm.1, correspondentes ao depósito de seguridade 1 (DDS I)		
TOTAL		290.224 *
Aguas residuais pluviais depuradas na balsa de decantación núm.2, correspondentes ao depósito de seguridade 2 (DDSII) e 3 (DDSIII)		
Aguas residuais pluviais correspondentes ao depósito de seguridade 2 ( DDSII)		250.674
Aguas residuais pluviais correspondentes ao depósito de seguridade 3 (DDSIII)		172.154
TOTAL		422.828 *

(\* ) Este caudal poderá ser variable en función da pluviometría rexistrada na zona, debendo garantirse en calquera caso a súa correcta xestión previamente ao seu vertido ao dominio público.

### 6.2.2 Localización dos puntos de vertido:

As augas residuais pluviais depuradas procedentes das instalacións vértense ao rego do Pereiro (cunca do río Mera) no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=589.545; Y=4.823.753.

### 6.2.3 Calidade e control dos vertidos:

Os límites máximos permitidos para o vertido de augas residuais pluviais depuradas na balsa de decantación núm.1 (correspondente ao DDSI) e para o vertido das augas residuais pluviais depuradas na balsa de decantación núm.2 (correspondente aos DDSII e DDSIII), e a periodicidade mínima coa que se controlarán en cada unha das dúas arquetas de toma de mostra ou dispositivos equivalentes que deberán existir ao efecto á saída de cadansúa balsa de decantación e antes da súa confluencia con calquera outro efluente e do seu vertido ao rego de Pereiro; son os que se detallan a continuación:

PARÁMETRO (unidades)	VALOR LÍMITE	PERIODICIDADE
pH (ud. pH)	5,5 – 9,5	MENSUAL*
Sólidos en suspensión (mg/L)	80	
DQO (mg/L)	160	
Aluminio (mg/L)	1	
Ferro (mg/L)	2	
Chumbo (mg/L)	0,2	

\* **As análises realizaranse sobre unha mostra composta durante un período de 24 horas. No caso de verterse durante un período inferior ás 24 horas, realizarase a mostraxe composta durante o total do período de vertido.** No caso de non efectuarse analítica nalgún mes por non producirse vertido, notificarase este feito a Augas de Galicia antes da finalización do mes seguinte ao que non houbo vertido.

Para o resto dos parámetros os límites máximos permitidos serán os especificados a continuación:

Parámetro (Unidades)	Nota	Valores límites
Materia sedimentable (mL/L)	--	0,5
Sólidos grosos	--	Ausentes
Cor	--	Inapreciable en disolución: 1/20
Temperatura (°C)	(A)	3
Aluminio (mg/L)	(B)	1
Arsénico (mg/L)	(B)	0,5





Parámetro (Unidades)	Nota	Valores límites
Bario (mg/L)	(B)	20
Boro (mg/L)	(B)	2
Cadmio (mg/L)	(B)	0,1
Cromo III (mg/L)	(B)	2
Cromo VI (mg/L)	(B)	0,2
Ferro (mg/L)	(B)	2
Manganeso (mg/L)	(B)	2
Níquel (mg/L)	(B)	2
Mercurio (mg/L)	(B)	0,05
Chumbo (mg/L)	(B)	0,2
Selenio (mg/L)	(B)	0,03
Estaño (mg/L)	(B)	10
Cobre (mg/L)	(B)	0,2
Cinc (mg/L)	(B)	3
Tóxicos metálicos	(C)	3
Cianuros (mg/L)	--	0,5
Cloruros (mg/L)	--	2000
Sulfitos (mg/L)	--	1
Sulfatos (mg/L)	--	2.000
Sulfuros (mg/L)	--	1
Fluoruros (mg/L)	--	6
Nitróxeno amoniacal (mg/L)	--	15
Nitróxeno nítrico (mg/L)	--	10
Fenois (mg/L)	--	0,5
Aldehidos (mg/L)	--	1
Deterxentes (mg/L)	(D)	2
Pesticidas (mg/L)	--	0,05
Aceites e graxas (mg/L)	(D)	20

- (A) Nos ríos, o incremento de temperatura media dunha sección fluvial tras a zona de dispersión non superará os 3 °C.  
 (B) O límite refírese ao elemento disolto, como ión ou en forma complexa.  
 (C) Suma das fraccións concentración real/límite esixido relativa aos elementos tóxicos (arsénico, cadmio, cromo VI, níquel, mercurio, chumbo, selenio, cobre e cinc).  
 (D) Valor de aplicación en ausencia doutro indicado especificamente para o vertido de que se trate.

Os resultados destes controis remitiranse cunha periodicidade MENSUAL a Augas de Galicia, antes da finalización do mes seguinte ao da realización das mostraxes.

Asemade, realizarase un control en continuo dos parámetros pH e caudal de vertido das augas residuais pluviais depuradas para cada un dos dous vertidos, dos que se remitirán os valores medios diarios para pH e os valores diarios (en m<sup>3</sup>/día) e total mensual (en m<sup>3</sup>/mes) para caudal, mediante informe asinado polo responsable asignado e selado pola empresa, a incorporar no informe de vertido a remitir MENSUALMENTE a Augas de Galicia.

Todas as mostraxes e análises relativas ao control dos vertidos deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

Tal e como se recolle no artigo 245.5 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión poderá alcanzarse mediante dilución no punto de toma de mostraxas.

Esta Administración resérvase a facultade de modificar os límites impostos aos vertidos e a de esixir ao titular da autorización a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a adecuación





dos vertidos ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.

Se a práctica demostrase que os tratamentos de depuración son insuficientes pola calidade do vertido ou do medio receptor, en relación cos límites fixados nesta autorización, o titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar os vertidos ás características autorizadas. Neste senso, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e/ou calquera outra mellora nas instalacións de depuración que resulte axeitada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

#### 6.2.4 Calidade e control do medio receptor:

Deberase evitar a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor. No caso de que o vertido cause afección incompatible co medio receptor, Augas de Galicia poderá revisar os condicionantes da autorización outorgada.

Con independencia dos límites establecidos, no medio receptor deberanse cumprir os valores de calidade de augas establecidos na seguinte lexislación, ou na que se dite nun futuro:

- Anexo I do Real decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.
- Anexo V do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (aprobado mediante o Decreto 130/1997): Calidade mínima esixida ás augas continentais.
- Anexos IV e V do Real decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental: normas de calidade ambiental para as substancias prioritarias e outros contaminantes; e normas de calidade ambiental para substancias preferentes.

Co fin de realizar o seguimento do impacto de vertido na calidade do medio receptor e o cumprimento dos obxectivos de calidade, o titular deberá realizar un control do medio receptor nos seguintes puntos:

- 50 m augas arriba do punto de vertido de augas residuais pluviais depuradas no Rego do Pereiro.
- 50 m augas abaixo do punto de vertido de augas residuais pluviais depuradas no Rego do Pereiro.

Os parámetros a controlar e a frecuencia de control das augas superficiais en cada un dos puntos indicados establécense en base á *Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Controis	Acción	Frecuencia mínima Fase de explotación	Frecuencia mínima Fase posclausura
Controis de datos de emisión: augas superficiais	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais. <b>Nivel simplificado</b>	Trimestral (*)	Trimestral (*)
	Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais. <b>Nivel completo</b>	Semestral	Anual

(\*) Estes controis deberán efectuarse todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural.

Os parámetros a analizar na **fase de explotación** nos alcances analíticos a nivel simplificado e a nivel completo son os recollidos na táboa seguinte:





PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)	
	SIMPLIFICADO	COMPLETO		SIMPLIFICADO	COMPLETO
pH	X	X	Cromo VI (mg/L)	X	X
Temperatura (°C)		X	Manganeso (mg/L)	X	X
Condutividade (µS/cm)	X	X	Mercurio (mg/L)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /L)		X	Chumbo (mg/L)	X	X
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /L)	X	X	Aluminio (mg/L)	X	X
COD		X	Bario (mg/L)		X
COT	X	X	Berilio (mg/L)		X
O <sub>2</sub> disolto (mg/L)	X	X	Boro (mg/L)		X
Alcalinidade e dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /L)		X	Cobre (mg/L)	X	X
Carbonatos (mg/L)		X	Ferro (mg/L)	X	X
Bicarbonatos (mg/L)		X	Prata (mg/L)		X
Calcio (mg/L)		X	Zinc (mg/L)		X
Magnesio (mg/L)		X	Talio (mg/L)	X	X
Potasio (mg/L)		X	Teluro (mg/L)	X	X
Sodio (mg/L)		X	Antimonio (mg/L)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/L)	X	X	Níquel (mg/L)	X	X
Materia sedimentable (m/L)		X	Selenio (mg/L)	X	X
Cianuros (mg/L)		X	Cobalto (mg/L)		X
Cloruros (mg/L)	X	X	Molibdeno (mg/L)		X
Fluoruros (mg/L)	X	X	Vanadio (mg/L)		X
Nitratos (mg/L)	X	X	Coliformes totais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitritos (mg/L)	X	X	Coliformes fecais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/L)		X	Fenois (mg/L)	X	X
Amonio (mg/L)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/L)		X
Sulfatos (mg/L)		X	HPA (mg/L)		X
Sulfuros (mg/L)		X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/L)	X	X
Fostatos (mg/L)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/L)		X
Fósforo total (mg/L)		X	BTEX (mg/L)		X
Arsénico (mg/L)	X	X	PCBs (mg/L)		X
Cadmio (mg/L)	X	X	TPHs (mg/L)	X	X
Cromo total (mg/L)		X			

Os parámetros a analizar na **fase de posclausura** nos alcances analíticos a nivel simplificado e a nivel completo son os recollidos na táboa seguinte:

PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)	
	SIMPLIFICADO	COMPLETO		SIMPLIFICADO	COMPLETO
pH	X	X	Chumbo (mg/L)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/L)		X





PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)	
	SIMPLIFICADO	COMPLETO		SIMPLIFICADO	COMPLETO
Condutividade ( $\mu\text{S}/\text{cm.}$ )	X	X	Bario (mg/L)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /L)	X	X	Berilio (mg/L)		X
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /L)		X	Boro (mg/L)		X
COD	X	X	Cobre (mg/L)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/L)		X
Alcalinidade e dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /L)	X	X	Prata (mg/L)		X
Carbonatos/bicarbonatos (mg/L)		X	Zinc (mg/L)	X	X
Calcio (mg/L)		X	Talio (mg/L)		X
Magnesio (mg/L)		X	Teluro (mg/L)		X
Potasio (mg/L)	X	X	Antimonio (mg/L)	X	X
Sodio (mg/L)		X	Níquel (mg/L)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/L) e materia sedimentable (ml/L)	X	X	Selenio (mg/L)	X	X
Cianuros (mg/L)	X	X	Cobalto (mg/L)		X
Cloruros (mg/L)	X	X	Molibdeno (mg/L)	X	X
Fluoruros (mg/L)	X	X	Vanadio (mg/L)		X
Nitratos e nitritos (mg/L)	X	X	Coliformes totais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/L)	X	X	Coliformes fecais (NMP o UFC/100 ml)		
Amonio (mg/L)	X	X	Fenois (mg/L)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/L)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/L)	X	X
Fósforo total (mg/L)	X	X	HPA (mg/L)	X	X
Arsénico (mg/L)	X	X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/L)	X	X
Cadmio (mg/L)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/L)		X
Cromo total e VI (mg/L)	X	X	BTEX (mg/L)	X	X
Manganeso (mg/L)	X	X	PCBs (mg/L)	X	X
Mercurio (mg/L)	X	X	O <sub>2</sub> disolto (mg/L)	X	X

Trimestralmente remitirase a esta dirección xeral un estudo que inclúa as análises realizadas no medio receptor dos parámetros que corresponda segundo as dúas táboas anteriores, así como unha avaliación dos efectos de vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática. A empresa remitirá a esta dirección xeral o resultado destes informes antes da finalización do mes seguinte ao do estudo.

Todas as mostraxes e análises do medio receptor deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

Estes controis do medio para cada un dos puntos indicados, deberán efectuarse coincidindo co correspondente control de vertido de augas residuais pluviais depuradas procedentes do DDSII e futuro DDSIII; e de ser posible, tamén co control do vertido das augas residuais pluviais depuradas procedentes do DDSI.

### 6.3 Sistemas e procedementos para o tratamento e o control de vertidos





### 6.3.1 Tratamento de augas residuais:

As augas residuais xeradas nas instalacións de UTE PMA-CONTECO son xestionadas do seguinte xeito:

- Na área I das instalacións de UTE PMA-CONTECO, localizada no parque empresarial das Somozas, non se realiza vertido ao dominio público de augas residuais.

- Na área II das instalacións de UTE PMA-CONTECO, localizadas na ladeira do monte Marván e próximas ao monte A Solana, a empresa declara a existencia de vertidos directos ao dominio público hidráulico correspondentes ás augas residuais pluviais. O tratamento destas augas residuais é o reflectido a continuación:

- As augas residuais pluviais das cunetas perimetrais do depósito de seguridade número 1 (DDSI), xa selado e clausurado, son recollidas mediante conducións e canalizadas á balsa de decantación núm.1 impermeabilizada con lámina PEAD de 2.400 m<sup>2</sup> de superficie e 7.300 m<sup>3</sup> de capacidade.

- As augas residuais pluviais das cunetas perimetrais dos depósitos de seguridade número 2 e 3 (DDSII e DDSIII), os aliviados de presión e as augas de achique das celas non explotadas, captadas polos sistemas superficiais de drenaxe, son recollidas mediante conducións e canalizadas á balsa de decantación núm.2 impermeabilizada con lámina PEAD de 2.240 m<sup>2</sup> de superficie e 5.960 m<sup>3</sup> de capacidade.

Posteriormente, as augas residuais depuradas nas dúas balsas de decantación, correspondentes aos tres depósitos de seguridade, son canalizadas a un único punto de vertido no rego do Pereiro (cunca do río Mera).

Por outra banda, nin os lixiviados nin as augas residuais domésticas, son vertidos ao dominio público, dado que son xestionados do seguinte xeito:

- Os lixiviados bombeados de cada unha das celas dos depósitos de seguridade son recollidos en tanques verticais de almacenamento. Estes lixiviados almacenados serán bombeados para o seu tratamento á planta de lixiviados (PLIX). En caso de necesidade tamén poderán ser transportados en camións cisterna á planta de evaporación – oxidación (EVOX) para o seu tratamento, ou a un xestor autorizado. Asemade, tamén poden ser bombeados á planta de estabilización (PE) para ser utilizado como fluidificante no proceso.

- As augas residuais domésticas xeradas na zona 2 son canalizadas a unha fosa estanca e posteriormente xestionadas no CTRIG.

### 6.3.2 Control e rexistro dos resultados dos vertidos:

Disporase de cadansúas arquetas ou dispositivos equivalentes para o control e mostraxe das augas residuais pluviais depuradas á saída das instalacións de depuración (balsa de decantación núm.1) do DDSI e á saída do sistema de depuración (balsa de decantación núm.2) do DDSII e DDSIII, antes da súa confluencia con outros efluentes e do seu vertido ao rego do Pereiro; con acceso directo para a súa inspección por parte de Augas de Galicia.

A empresa disporá de instrumentos para o control en continuo dos parámetros pH e caudal dos dous vertidos de augas residuais pluviais depuradas. A empresa manterá en servizo e calibrará os devanditos instrumentos con métodos axeitados.

A titular deberá dispor de certificacións emitidas por entidades externas de verificación das características dos equipos de medición en continuo dos parámetros pH e caudal de vertido.

Deberá existir un libro de rexistro (físico ou informático adecuadamente protexido contra dano ou contra modificación non autorizada) a disposición da Administración, no que se anotarán:





- Tomas de mostras realizadas e resultados analíticos obtidos nos ensaios en laboratorio efectuados ao abeiro do establecido no presente informe.
- Incidencias acontecidas na operación que poidan influír na calidade dos vertidos ou na calidade do medio receptor. Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

## 7 SOLOS E AUGAS SUBTERRÁNEAS

### 7.1 Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

Todos os depósitos de almacenamento de substancias que se poidan derramar contarán cun cubeto de retención.

Manterase en perfecto estado de revisión os cubetos de seguridade fronte a derramos de substancias perigosas, procedéndose á recollida inmediata de todo derramo accidental que puidera afectar ao solo.

Para os restantes sistemas e procedementos non especificados anteriormente, deberán cumprirse as medidas indicadas na documentación presentada.

Complementariamente ás medidas indicadas, a empresa debe considerar medidas que favorezan a prevención da contaminación das augas subterránea tales coma:

- Existencia de tanques de almacenamento e instalacións de carga/descarga deseñados para prevenir derrames e evitar a contaminación do solo e da auga causados por fugas.
- Instalación de sistemas de detección de desbordamentos.
- Utilización de solos de materiais impermeables na zona de proceso con sistemas de canalización a sumidoiro.
- Instalación de sistemas de recollida de derrames nas áreas onde poidan ocorrer (cubetos) con destino final na depuradora de augas residuais.
- Instalación de sistemas de detección de fugas e realización de programas de mantemento de todos os tanques (especialmente os que se atopen baixo terra).
- Tomar accións de recuperación para a contaminación potencial do solo e da auga

### 7.2 Vixilancia e control das augas subterráneas

Para o control da calidade dos solos e das augas subterráneas, continuarase coa determinación periódica da calidade das augas subterráneas ampliándose a rede existente cos novos piezómetros (P6Z1, P7Z1, P8Z1, P9Z2, P10Z2 e P11Z2) a executar no prazo máximo de 3 meses e localizados nas coordenadas UTM recollidas na seguinte táboa:

Puntos	Coordenadas UTM – ETRS89, fuso 29	
	X	Y
<b>P1Z1</b>	586.939	4.821.134
<b>P2Z1</b>	587.000	4.821.078
<b>P3Z1</b>	587.083	4.821.012
<b>P4Z1</b>	586.820	4.821.014
<b>P5Z1</b>	586.936	4.820.845





Puntos	Coordenadas UTM – ETRS89, fuso 29	
	X	Y
<b>P6Z1</b> (substitúe á P5Z1)	586.881	4.820.975
<b>P7Z1</b> (substitúe á P4Z1)	586.943	4.820.895
<b>P8Z1</b> (substitúe á P3Z1)	587.062 <sup>1</sup>	4.821.028 <sup>1</sup>
<b>P1Z2</b>	589.536	4.822.789
<b>P2Z2</b>	589.389	4.823.006
<b>P3Z2</b>	589.375	4.823.183
<b>P4Z2</b>	589.533	4.823.298
<b>P5Z2</b>	589.587	4.823.089
<b>P6Z2</b>	589.620	4.823.219
<b>P7Z2</b>	589.739	4.822.920
<b>P8Z2</b>	589.816	4.823.284
<b>P9Z2</b>	589.955	4.823.507
<b>P10Z2</b>	590.119	4.823.439
<b>P11Z2</b>	590.049	4.823.018

<sup>1</sup> Situación aproximada do novo piezómetro

Lémbrese que cada piezómetro estará executado de acordo a estándares recoñecidos e alcanzará o nivel do acuífero na área de instalación.

A profundidade dos piezómetros a executar deberá garantir que se alcance o nivel freático alargándose entre 2-3 m máis por debaixo deste nivel para posibilitar a mostraxe das augas subterráneas.

A instalación dos piezómetros realizarase coa colocación de tubaxe cega ata 1 metro de profundidade e o resto con tubaxe ranurada ata a base do piezómetro. Se se colocase un metro de tubaxe cega no fondo do piezómetro, deberá alongarse leste un metro máis para garantir a mostraxe en época de augas baixas.

Deberanse analizar polo menos dúas mostras de solo por sondaxe.

O programa analítico para as mostras de solo deberá incluír os parámetros recollidos no Anexo V do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do chan e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, os incluídos no Anexo V do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de chans contaminados e os hidrocarburos totais do petróleo (TPH).

Estes traballos deberán ser realizados por unha entidade acreditada segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 para inspección medioambiental no campo solos. A relación de organismos de control está dispoñible na seguinte dirección web: <https://www.enac.es>. No apartado “Consulte las entidades acreditadas”, “Búsqueda por productos y servicios” buscar “Seleccionar el esquema de acreditación al que pertenece la empresa”, e dentro del seleccionar “Inspección”, unha vez dentro seleccionar o sector “Medioambiental” e o campo “suelos”. As análises químicas correrán a cargo de laboratorios acreditados segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, para os parámetros que se determinen, de conformidade co artigo 22 do citado Decreto 60/2009, do 26 de febreiro.

Os parámetros de control para augas serán os recollidos na normativa vixente (*Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*):





Parámetro	Alcance analítico		Parámetro	Alcance analítico	
	Nivel simplificado	Nivel completo		Nivel simplificado	Nivel completo
pH	X	X	Plomo (mg/l)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/l)		X
Conductividade (µS/cm.)	X	X	Bario (mg/l)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /l)	X	X	Berilio (mg/l)		X
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /l)		X	Boro (mg/l)		X
COD	X	X	Cobre (mg/l)	X	X
COT	X	X	Hierro (mg/l)		X
Alcalinidad y dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /l)	X	X	Plata (mg/l)		X
Carbonatos/bicarbonatos (mg/l)		X	Zinc (mg/l)	X	X
Calcio (mg/l)		X	Talio (mg/l)		X
Magnesio (mg/l)		X	Teluro (mg/l)		X
Potasio (mg/l)	X	X	Antimonio (mg/l)	X	X
Sodio (mg/l)		X	Níquel (mg/l)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/l) y materia sedimentable (ml/l)	X	X	Selenio (mg/l)	X	X
Cianuros (mg/l)	X	X	Cobalto (mg/l)		X
Cloruros (mg/l)	X	X	Molibdeno (mg/l)	X	X
Fluoruros (mg/l)	X	X	Vanadio (mg/l)		X
Nitratos y nitritos (mg/l)		X	Coliformes totales (NMP o UFC/100 ml)		
Nitrógeno Kjeldahl total (mg/l)	X	X	Coliformes fecales (NMP o UFC/100 ml)		
Amonio (mg/l)		X	Fenoles (mg/l)	X	X
Sulfatos y sulfuros (mg/l)	X	X	Hidrocarburos y aceites (mg/l)	X	X
Fósforo total (mg/l)	X	X	HPA (mg/l)	X	X
Arsénico (mg/l)	X	X	Orgánicos volátiles y semivolátiles (mg/l)	X	X
Cadmio (mg/l)	X	X	Pesticidas y herbicidas (mg/l)		X
Cromo total y VI (mg/l)	X	X	BTEX (mg/l)	X	X
Manganeso (mg/l)	X	X	PCB (mg/l)	X	X
Mercurio (mg/l)	X	X	O <sub>2</sub> disuelto (mg/l)*	X	X

\* Únicamente analizar para aguas superficiales.

A empresa realizará e remitirá á esta Dirección Xeral as análises das mostraxes nos puntos de control indicados anteriormente coas periodicidades indicadas nas seguintes táboas:

Puntos de mostraxe	Determinación	Frecuencia fase explotación
P1Z1	Nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Mensual <sup>(1)</sup>
P2Z1		Trimestral <sup>(2)</sup>
P3Z1		
P4Z1	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel simplificado</u>	Mensual <sup>(1)</sup>
P5Z1		Trimestral <sup>(2)</sup>
P4Z2		
P5Z2		
P6Z2	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel completo</u>	Semestral
P7Z2		
P8Z2		
P9Z2		
P10Z2		
P11Z2		

<sup>(1)</sup> No momento no que se comece coa explotación do DDS III os controis pasarán a realizarse cunha periodicidade mensual. <sup>(2)</sup> Realizaranse controis todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural mentres se estea a explotar o DDS II.





Puntos de mostraxe	Determinación	Frecuencia fase posclausura
P1Z2 P2Z2 P3Z2	Nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Trimestral*
	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel simplificado</u>	Trimestral*
	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel completo</u>	Anual

\* Estes controis deberán efectuarse todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural.

As determinacións analíticas deberán ser realizadas por laboratorios acreditados segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, para todos os parámetros que se determinen, de conformidade co artigo 22 do citado Decreto 60/2009, do 26 de febreiro.

Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, realizándose as operacións de mantemento necesarias cara a garantir a súa permanencia. Revisaranse as tapas exteriores para evitar a entrada de elementos externos, e realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e tupir a tubaxe de PVC.

No caso dos piezómetros que se atopan secos frecuentemente, deberán executarse novos piezómetros que os substitúan, coa profundidade suficiente para permitir a mostraxe de auga.

A mostraxe das augas subterráneas será representativa das condicións do acuífero e incluírá os pertinentes bombeos de volume de auga para garantir a súa representatividade, determinándose cunha periodicidade MENSUAL (nivel simplificado) e SEMESTRAL (nivel completo) para a fase de explotación e TRIMESTRAL (nivel simplificado) e ANUAL (nivel completo) para a fase postclausura, segundo o anexo III da *Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

O informe da mostraxe dos controis periódicos deberá recoller as coordenadas de situación dos puntos de mostraxe (sistema ETRS 89, fuso 29), describir os antecedentes e instalacións do establecemento, os posibles incidentes ou modificacións que houbera, a metodoloxía de inspección e toma de mostras, incluíndo a previa determinación da situación do nivel freático e a posible presenza, e no seu caso, espesor de produto libre, así coma unha reportaxe fotográfica ilustrativo das instalacións e os traballos realizados. Todos os planos deberán estar orientados e con escala gráfica e numérica.

No caso de producirse algún incidente ou accidente que poida afectar ao solo, ou de realizarse estudos do solo ou das augas subterráneas, probas de estanquidade, revisións, ou balances con resultado negativo, deberá comunicalo a esta Subdirección Xeral coa maior brevidade posible, sen prexuízo das medidas de emerxencia que se adopten.

Informámoslle que está terminantemente prohibido botar calquera produto nos piezómetros existentes nas instalacións, se esta actuación non se atopa amparada por un proxecto de recuperación aprobado pola Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental ou sen a previa autorización do organismo de conca. Lembrámoslle que, o feito de realizar estas labores de manipulación sobre os piezómetros é constitutivo





dunha infracción grave segundo se establece nos artigos 45 e seguintes *da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*.

Ademais tomaranse mostras de solos nos terreos circundantes dos DDS. Os valores obtidos contrastáranse cunha mostra da zona que servirá de branco ambiental. Os puntos de control indícanse a continuación:

Puntos de mostraxe	Localización Coordenadas UTM	Puntos de mostraxe	Localización Coordenadas UTM
S1	X: 589.590 Y: 4.822.849	S6	X: 589.620 Y: 4.823.219
S2	X: 589.671 Y: 4.822.878	S7	X: 589.739 Y: 4.822.920
S3	X: 589.375 Y: 4.823.183	S8	X: 589.816 Y: 4.823.284
S4	X: 589.533 Y: 4.823.298	S9	X: 590.079 Y: 4.823.052
S5	X: 589.233 Y: 4.822.856	S10	X: 589.889 Y: 4.823.471

Os parámetros a analizar nas mostras de solo e a frecuencia de control, especificanse na seguinte táboa:

Parámetro	Parámetro	Periodicidade
Antimonio	Selenio	Semestral
Arsénico	Telurio	
Cadmio	Talio	
Cromo VI	Estaño	
Cobre	3 pesticidas de uso común	
Chumbo	TPHs	
Mercurio	PCBs	
Níquel		

A mostraxe dos solos deberá ser realizado por unha entidade de inspección de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17020, no sector medioambiental, campo solos.

As análises químicas deberán correr a cargo de laboratorios acreditados segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, para os parámetros que se determinen, de conformidade co artigo 22 do devandito *Decreto 60/2009, do 26 de febreiro*, e os límites de detección deberán ser inferiores aos valores de referencia utilizados comunmente para a súa avaliación (Intervention values, Soil Remediation Circular 2013).

Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

No caso de cese definitivo da actividade deberá ser comunicada á administración co obxecto de adopción de medidas de acordo ó artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.





## 8 PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

### 8.1 Resumo das autorizacións para a xestión de residuos na instalación.

Na seguinte táboa amósase un resumo das autorizacións que ese titular posúe, mediante o cumprimento das condicións esixidas nesta resolución, para a xestión de residuos na instalación obxecto desta autorización:

#### 8.1.1 Valorización de residuos non perigosos (RNP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Nave de transferencia - NT (R12)	Operacións de manipulación, segregación, trasfega de líquidos, envasado, paletizado, etiquetaxe e almacenamento de residuos antes da súa xestión nas instalacións ou expedición a xestores autorizados.	SC-I-IPPC-XV-00080	4.350 t/ano 17,40 t/día 2,175 t/h	25.000 t/ano(*) 100,00 t/día(*) 12,5 t/h(*)
Planta de recepción, clasificación, acondicionamento de residuos e recuperación de envases – PRE (R5)	Operacións de lavado, desmontaxe, prensado ou compactación para a súa valorización externa ou reutilización.	SC-I-IPPC-XV-00079	632 t/ano 2,53 t/día 0,32 t/h	1.267 t/ano(*) 5,07 t/día(*) 0,63 t/h(*)

(\*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos

#### 8.1.2 Valorización de residuos perigosos (RP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Nave de transferencia - NT (R12)	Operacións de manipulación, segregación, trasfega de líquidos, envasado, paletizado, etiquetaxe e almacenamento de residuos antes da súa xestión nas instalacións ou expedición a xestores autorizados.	SC-RP-IPPC-XV-00006	2.000 t/ano 8,00 t/día 1,00 t/h	25.000 t/ano(*) 100,00 t/día(*) 12,5 t/h(*)
Planta de recepción, clasificación, acondicionamento de residuos e recuperación de envases – PRE (R5)	Operacións de lavado, desmontaxe, prensado ou compactación para a súa valorización externa ou reutilización.	SC-RP-IPPC-XV-00007	632 t/ano 2,53 t/día 0,32 t/h	1.267 t/ano(*) 5,07 t/día(*) 0,63 t/h(*)

(\*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos





### 8.1.3 Eliminación de residuos non perigosos (RNP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Planta de tratamento físico-químico (PFQ) -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento dos residuos líquidos non perigosos para eliminar a súa toxicidade a través de homoxeneización e neutralización. Finalmente realízase unha floculación e un filtrado final do produto de reacción obtendo un efluente a tratar na EVOX ou na PLIX e tortas de filtración que se envían a xestor autorizado.	SC-I-IPPC-XE-00015	590 t/ano 2,36 t/día 0,19 t/h	6.550 t/ano(*) 26,20 t/día(*) 2,18 t/h(*)
Planta de evaporación-oxidación – EVOX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de evapo-concentración dos efluentes e residuos líquidos da planta coa fin de reducir o volume de residuos a estabilizar.	SC-I-IPPC-XE-00015	2.910 t/ano 7,97 t/día 0,33 t/h	40.000 t/ano(*) 109,6 t/día(*) 4,57 t/h(*)
Planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados – PLIX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados do DDS mediante catro fases de tratamento: 1. Tratamento físico-químico 2. Evaporación e concentración 3. Stripping e scrubbing 4. Ósmosis inversa	SC-I-IPPC-XE-00015	100 t/ano 0,27 t/día 0,01 t/h	20.000 t/ano(*) 54,79 t/día(*) 2,28 t/h(*)
Planta de estabilización-inertización – PE -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Estabilización, inertización e/ou solidificación dos residuos antes da súa eliminación no DDS mediante adición de reactivos segundo a receita de tratamento preparada polo laboratorio.	SC-I-IPPC-XE-00015	5.000 t/ano 20,00 t/día 1,25 t/h	100.000 t/ano(*) 400,00 t/día(*) 25,00 t/h(*)

(\*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos

### 8.1.4 Eliminación de residuos perigosos (RP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Eliminación en vertedoiro- DDS (D5)	Eliminación en vertedoiro mediante deposición no depósito de seguridade	SC-RP-IPPC-XE-00001	115.000 t/ano	1.167.728m <sup>3</sup> (DDSII) 1.031.330m <sup>3</sup> (DDSIII)
Planta de tratamento físico-químico (PFQ) -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento dos residuos líquidos non perigosos para eliminar a súa toxicidade a través de homoxeneización e neutralización. Finalmente realízase unha floculación e un filtrado final do produto de reacción obtendo un efluente a tratar na EVOX ou na PLIX e tortas de filtración que se depositan no DDS previa estabilización.	SC-RP-IPPC-XE-00002	4.000 t/ano 16,00 t/día 1,33 t/h	6.550 t/ano(*) 26,20 t/día(*) 2,18 t/h(*)





Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Planta de evaporación-oxidación – EVOX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de evapo-concentración dos efluentes e residuos líquidos da planta coa fin de reducir o volume de residuos a estabilizar.	SC-RP-IPPC-XE-00002	15.100 t/ano 41,37 t/día 1,72 t/h	40.000 t/ano(*) 109,6 t/día(*) 4,57 t/h(*)
Planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados – PLIX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados do DDS mediante catro fases de tratamento: 1. Tratamento físico-químico 2. Evaporación e concentración 3. Stripping e scrubbing 4. Ósmosis inversa	SC-RP-IPPC-XE-00002	9.900 t/ano 27,12 t/día 1,13 t/h	20.000 t/ano(*) 54,79 t/día(*) 2,28 t/h(*)
Planta de estabilización- inertización – PE -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Estabilización, inertización e/ou solidificación dos residuos antes da súa eliminación no DDS mediante adición de reactivos segundo a receita de tratamento preparada polo laboratorio.	SC-RP-IPPC-XE-00002	90.000 t/ano 360,00 t/día 22,50 t/h	100.000 t/ano(*) 400,00 t/día(*) 25,00 t/h(*)
(*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos				

### 8.1.5 Almacenamento de residuos non perigosos (RNP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Nave de transferencia - NT (D15)	Almacenamento de residuos non perigosos antes da súa expedición a xestores externos autorizados	SC-I-IPPC-XA-00025	12.750 t/ano 51,00 t/día 6,38 t/h	25.000 t/ano(*) 100,00 t/día(*) 12,5 t/h(*)
(*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos				

## 8.2 Condicións para a xestión de residuos perigosos e non perigosos mediante clasificación e compactado (R12).

### 8.1.1. Residuos perigosos:

A actividade que abrangue a inscrición do titular núm. **SC-RP-IPPC-XV-00006** no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como xestor de residuos perigosos para a valorización mediante clasificación, autorizarase coas características, residuos e condicionantes que se establecen a continuación:

Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo):

R12 - Intercambio de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas entre R 1 e R 11

Actividade de xestión:

Valorización de residuos perigosos mediante clasificación e compactado

Instalación

Nave de transferencia (NT)





Descrición do proceso:

Operacións previas á valorización incluído o tratamento previo, operacións tales como a desmontaxe, a clasificación, a trituración, a compactación, a peletización, o secado, a fragmentación, o acondicionamento, o reenvasado, a separación, a combinación ou a mestura, previas a calquera das operacións enumeradas de R1 a R11.

Capacidade máxima de tratamento:

25.000 t/ano

Capacidade normal de tratamento:

2.000 t/ano

**Táboa 3. Actividade autorizada (inscrición nº SC-RP-IPPC-XV-00006, para residuos perigosos).**

LER	Descrición
010304*	Estériles que xeran ácido procedentes da transformación de sulfuros ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
010305*	Outros estériles que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
010307*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas procedentes da transformación física e química de minerais metálicos ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
010407*	Residuos que conteñen substancias perigosas procedentes da transformación física e química de minerais non metálicos ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
010505*	Lodos e residuos de perforacións que conteñen hidrocarburos ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
010506*	Lodos e outros residuos de perforacións que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais</a> )
020108*	Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca</a> )
030104*	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da transformación da madeira e da produción de taboleiros e mobles</a> )
030201*	Conservantes da madeira orgánicos non haloxenados ( <a href="#">Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</a> )
030202*	Conservantes da madeira organoclorados ( <a href="#">Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</a> )
030203*	Conservantes da madeira organometálicos ( <a href="#">Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</a> )
030204*	Conservantes da madeira inorgánicos ( <a href="#">Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</a> )
030205*	Outros conservantes da madeira que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</a> )
040103*	Residuos de desengraxamento que conteñen disolventes sen fase líquida ( <a href="#">Residuos da industria téxtil</a> )
040214*	Residuos do acabado que conteñen disolventes orgánicos ( <a href="#">Residuos da industria téxtil</a> )
040216*	Colorantes e pigmentos que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da industria téxtil</a> )
040219*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da industria téxtil</a> )
050102*	Lodos de desalinización ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050103*	Lodos de fondos de tanques ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050104*	Lodos de alquil ácido ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050105*	Derramos de hidrocarburos ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do</a> )





LER	Descrición
	<a href="#">tratamento pirolítico do carbón</a> )
050106*	Lodos oleosos procedentes de operacións de mantemento de instalacións ou equipamentos ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050107*	Alcatráns ácidos ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050108*	Outros alcatráns ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050109*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050111*	Residuos procedentes da limpeza de combustibles con bases ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050112*	Hidrocarburos que conteñen ácidos ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050115*	Arxilas de filtración usadas ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050601*	Alcatráns ácidos ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050603*	Outros alcatráns ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
050701*	Residuos que conteñen mercurio ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón</a> )
060101*	Ácido sulfúrico e ácido sulfuroso ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060102*	Ácido clorhídrico ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060103*	Ácido fluorhídrico ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060104*	Ácido fosfórico e ácido fosforoso ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060105*	Ácido nítrico e ácido nitroso ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060106*	Outros ácidos ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos</a> )
060201*	Hidróxido cálcico ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases</a> )
060203*	Hidróxido amónico ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases</a> )
060204*	Hidróxido potásico e hidróxido sódico ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases</a> )
060205*	Outras bases ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases</a> )
060311*	Sales sólidos e solucións que conteñen cianuros ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos</a> )
060313*	Sales sólidos e solucións que conteñen metais pesados ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos</a> )
060315*	Óxidos metálicos que conteñen metais pesados ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos</a> )
040217	Colorantes e pigmentos distintos dos mencionados no código 04 02 16 ( <a href="#">Residuos da industria téxtil )</a>
050110	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 05 01 09 ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo )</a>
050113	Lodos procedentes da auga de alimentación de caldeiras ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo )</a>
050114	Residuos de columnas de refrixeración ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo )</a>
050116	Residuos que conteñen xofre procedentes da desulfuración do petróleo ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo )</a>
050117	Betumes ( <a href="#">Residuos da refinación do petróleo )</a>
050604	Residuos de columnas de refrixeración ( <a href="#">Residuos do tratamento pirolítico do carbón )</a>
060314	Sales sólidas e solucións distintas das mencionadas nos códigos 06 03 11 e 06 03 13 ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos )</a>
060316	Óxidos metálicos distintos dos mencionados no código 06 03 15 ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos )</a>
060503	Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos mencionados no código 06 05 02 ( <a href="#">Lodos do tratamento in situ de efluentes )</a>
060603	Residuos que conteñen sulfuros distintos dos mencionados no código 06 06 02 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen xofre, de procesos químicos do xofre e de procesos de desulfuración )</a>
060904	Residuos cálcicos de reacción distintos dos mencionados no código 06 09 03 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen fósforo e de procesos químicos do fósforo )</a>
061303	Negro de fume ( <a href="#">Residuos de procesos químicos inorgánicos non especificados noutra categoría )</a>
070112	Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 07 01 11 ( <a href="#">Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base )</a>
070212	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 02 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais )</a>
070215	Residuos procedentes de aditivos, distintos dos especificados no código 07 02 14 ( <a href="#">Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais )</a>
070217	Residuos que conteñen siliconas distintas das mencionadas no código 07 02 16 ( <a href="#">Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais )</a>
070312	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 03 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11) )</a>
070412	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 04 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas )</a>
070512	Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 07 05 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos )</a>
070514	Residuos sólidos distintos dos especificados no código 07 05 13 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos )</a>
070612	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 06 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos )</a>





LER	Descrición
070712	Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 07 07 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de produtos químicos resultantes da química fina e produtos químicos non especificados noutra categoría</a> )
080318	Residuos de tóner de impresión distintos dos especificados no código 08 03 17 ( <a href="#">Residuos da FFDU de tintas de impresión</a> )
080410	Residuos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 09 ( <a href="#">Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</a> )
080412	Lodos de adhesivos e seladores, distintos dos especificados no código 08 04 11 ( <a href="#">Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</a> )
080414	Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores distintos dos especificados no código 08 04 13 ( <a href="#">Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</a> )
090110	Cámaras dun só uso sen pilas nin acumuladores ( <a href="#">Residuos da industria fotográfica</a> )
100123	Lodos acuosos, procedentes da limpeza de caldeiras, distintos dos especificados no código 10 01 22 ( <a href="#">Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19)</a> )
100125	Residuos procedentes do almacenamento e preparación de combustible de centrais eléctricas de carbón ( <a href="#">Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19)</a> )
100126	Residuos do tratamento da auga de refrixeración ( <a href="#">Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19)</a> )
100208	Residuos sólidos do tratamento de gases distintos dos especificados no código 10 02 07 ( <a href="#">Residuos da industria do ferro e do aceiro</a> )
100212	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 02 11 ( <a href="#">Residuos da industria do ferro e do aceiro</a> )
100214	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 02 13 ( <a href="#">Residuos da industria do ferro e do aceiro</a> )
100302	Fragmentos de ánodos ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100316	Escumallos distintos dos especificados no código 10 03 15 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100318	Residuos que conteñen carbono procedentes da fabricación de ánodos, distintos dos especificados no código 10 03 17 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100320	Partículas procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 03 19 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100322	Outras partículas e po (incluído o po de trituración) distintos dos especificados no código 10 03 21 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100324	Residuos sólidos, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 03 23 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100326	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 03 25 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100328	Residuos do tratamento do auga de refrixeración, distintos dos especificados no código 10 03 27 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100330	Residuos do tratamento de escouras salinas e escouras graúdas negras distintos dos especificados no código 10 03 29 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do aluminio</a> )
100410	Residuos do tratamento do auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 04 09 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do chumbo</a> )
100501	Escouras da produción primaria e secundaria ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do zinc</a> )
100504	Outras partículas e pos ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do zinc</a> )
100509	Residuos do tratamento do auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 05 08 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do zinc</a> )
100511	Escouras graúdas e escumallos distintas das especificadas no código 10 05 10 ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do zinc</a> )
100601	Escouras da produción primaria e secundaria ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do cobre</a> )
100602	Escouras graúdas e escumallos da produción primaria e secundaria ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do cobre</a> )
100604	Outras partículas e pos ( <a href="#">Residuos da termometalurxia do cobre</a> )
100610	Residuos do tratamento do auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 06 09





LER	Descrición
	( <a href="#">Residuos da termometaluxia do cobre</a> )
100701	Escouras da produción primaria e secundaria ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100702	Escouras graúdas e escumallos da produción primaria e secundaria ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100703	Residuos sólidos do tratamento de gases ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100704	Outras partículas e pos ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100705	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100708	Residuos do tratamento do auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 07 07 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia da prata, ouro e platino</a> )
100811	Escouras graúdas e escumallos distintas das especificadas no código 10 08 10 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100813	Residuos que conteñen carbono procedentes da fabricación de ánodos distintos dos especificados no código 10 08 12 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100814	Fragments de ánodos ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100816	Partículas procedentes dos efluentes gasosos distintas das especificadas no código 10 08 15 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100818	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 08 17 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100820	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 08 19 ( <a href="#">Residuos da termometaluxia doutros metais non férreos</a> )
100910	Partículas procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 09 09 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas férreas</a> )
101006	Machos e moldes de fundición sen coada distintos dos especificados no código 10 10 05 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101008	Machos e moldes de fundición con coada, distintos dos especificados no código 10 10 07 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101010	Partículas procedentes dos efluentes gasosos, distintas das especificadas no código 10 10 09 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101012	Outras partículas distintas das especificadas no código 10 10 11 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101014	Ligantes residuais distintos dos especificados no código 10 10 13 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101016	Residuos de axentes indicadores de fisuración distintos dos especificados no código 10 10 15 ( <a href="#">Residuos da fundición de pezas non férreas</a> )
101105	Partículas e po ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101110	Residuos da preparación de mesturas antes do proceso de cocción distintos dos especificados no código 10 11 09 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101112	Residuos de vidro distintos dos especificados no código 10 11 11 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101114	Lodos procedentes do pulimento e esmerilado do vidro, distintos dos especificados no código 10 11 13 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101116	Residuos sólidos do tratamento de gases de combustión, distintos dos especificados no código 10 11 15 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101118	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 11 17 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101120	Residuos sólidos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 10 11 19 ( <a href="#">Residuos da fabricación do vidro e os seus derivados</a> )
101210	Residuos sólidos do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 12 09 ( <a href="#">Residuos da fabricación de produtos cerámicos, ladrillos, tellas e materiais de construción</a> )
101212	Residuos da vitrificación distintos dos especificados no código 10 12 11 ( <a href="#">Residuos da fabricación de produtos cerámicos, ladrillos, tellas e materiais de construción</a> )
101213	Lodos do tratamento in situ de efluentes ( <a href="#">Residuos da fabricación de produtos cerámicos, ladrillos, tellas e materiais de construción</a> )
101307	Lodos e tortas de filtración do tratamento de gases ( <a href="#">Residuos da fabricación de cemento, cal e xeso</a> )





LER	Descrición
	<a href="#">e de produtos derivados )</a>
101310	Residuos da fabricación de fibrocemento distintos dos especificados no código 10 13 09 ( <a href="#">Residuos da fabricación de cemento, cal e xeso, e de produtos derivados )</a>
101311	Residuos de materiais compostos a partir de cemento distintos dos especificados nos códigos 10 13 09 e 10 13 10 ( <a href="#">Residuos da fabricación de cemento, cal e xeso, e de produtos derivados )</a>
110110	Lodos e tortas de filtración distintos dos especificados no código 11 01 09 ( <a href="#">Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización )</a>
110114	Residuos de desengraxamento distintos dos especificados no código 11 01 13 ( <a href="#">Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización )</a>
110203	Residuos da produción de ánodos para procesos de electrólise acuosa ( <a href="#">Residuos de procesos hidrometalúrxicos non férreos )</a>
110206	Residuos de procesos da hidrometalurxia do cobre distintos dos especificados no código 11 02 05 ( <a href="#">Residuos de procesos hidrometalúrxicos non férreos )</a>
120115	Lodos de mecanizado distintos dos especificados no código 12 01 14 ( <a href="#">Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos )</a>
120117	Residuos de granallado ou chorreado distintos dos especificados no código 12 01 16 ( <a href="#">Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos )</a>
150203	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras distintos dos especificados no código 15 02 02 ( <a href="#">Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras)</a>
160304	Residuos inorgánicos distintos dos especificados no código 16 03 03 ( <a href="#">Lotes de produtos fóra de especificación e produtos non utilizados )</a>
160509	Produtos químicos desbotados distintos dos especificados nos códigos 16 05 06, 16 05 07 ou 16 05 08 ( <a href="#">Gases en recipientes a presión e produtos químicos desbotados )</a>
161102	Revestimentos e refractarios a partir de carbono, procedentes de procesos metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 01 ( <a href="#">Residuos de revestimentos de fornos e de refractarios )</a>
161104	Outros revestimentos e refractarios procedentes de procesos metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 03 ( <a href="#">Residuos de revestimentos de fornos e de refractarios )</a>
161106	Revestimentos e refractarios procedentes de procesos non metalúrxicos, distintos dos especificados no código 16 11 05 ( <a href="#">Residuos de revestimentos de fornos e de refractarios )</a>
180107	Produtos químicos distintos dos especificados no código 18 01 06 ( <a href="#">Residuos de maternidades, do diagnóstico, tratamento ou prevención de enfermidades humanas )</a>
180206	Produtos químicos distintos dos especificados no código 18 02 05 ( <a href="#">Residuos da investigación, diagnóstico, tratamento ou prevención de enfermidades de animais )</a>
190114	Cinzas voantes distintas das especificadas no código 19 01 13 ( <a href="#">Residuos da incineración ou pirólise de residuos )</a>
190116	Po de caldeira distinto do especificado no código 19 01 15 ( <a href="#">Residuos da incineración ou pirólise de residuos )</a>
190118	Residuos de pirólise distintos dos especificados no código 19 01 17 ( <a href="#">Residuos da incineración ou pirólise de residuos )</a>
190119	Areas de leitos fluidizados ( <a href="#">Residuos da incineración ou pirólise de residuos )</a>
190203	Residuos mesturados previamente, compostos exclusivamente por residuos non perigosos ( <a href="#">Residuos de tratamentos físico-químicos de residuos (incluídas a descromatación, descianuración e neutralización )</a>
190206	Lodos de tratamentos físico-químicos, distintos dos especificados no código 19 02 05 ( <a href="#">Residuos de tratamentos físico-químicos de residuos (incluídas a descromatación, descianuración e neutralización )</a>
190305	Residuos estabilizados distintos dos especificados no código 19 03 04 ( <a href="#">Residuos estabilizados/solidificados )</a>
190307	Residuos solidificados distintos dos especificados no código 19 03 06 ( <a href="#">Residuos estabilizados/solidificados )</a>





LER	Descrición
190401	Residuos vitrificados ( <a href="#">Residuos vitrificados e residuos da vitrificación</a> )
190905	Resinas intercambiadoras de ións saturadas ou usadas ( <a href="#">Residuos da preparación de auga para consumo humano ou auga para uso industrial</a> )
190906	Soluciones e lodos da rexeneracion de intercambiadores de ións ( <a href="#">Residuos da preparación de auga para consumo humano ou auga para uso industrial</a> )
191004	Fraccións lixeiras de fragmentación (fluff-light) e po distintos dos especificados no código 19 10 03 ( <a href="#">Residuos procedentes da fragmentación de residuos que conteñen metais</a> )
191006	Outras fraccións distintas das especificadas no código 19 10 05 ( <a href="#">Residuos procedentes da fragmentación de residuos que conteñen metais</a> )
191106	Lodos do tratamento in situ de efluentes, distintos dos especificados no código 19 11 05 ( <a href="#">Residuos da rexeneracion de aceites</a> )
191212	Outros residuos (incluídas mesturas de materiais) procedentes do tratamento mecánico de residuos, distintos dos especificados no código 19 12 11 ( <a href="#">Residuos do tratamento mecánico de residuos (por exemplo, clasificación, trituración, compactación, peletización) non especificados noutra categoría</a> 191201 Papel e cartón )
200128	Pinturas, tintas, adhesivos e resinas distintos dos especificados no código 20 01 27 ( <a href="#">Fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15 01)</a> )
200130	Deterxentes distintos dos especificados no código 20 01 29 ( <a href="#">Fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15 01)</a> )
200141	Residuos da limpeza de chemineas ( <a href="#">Fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15 01)</a> )
200203	Outros residuos non biodegradables ( <a href="#">Residuos de parques e xardíns (incluídos os residuos de cemiterios)</a> )
200303	Residuos da limpeza viaria ( <a href="#">Outros residuos municipais</a> )

Táboa 24. Residuos xestionados (inscrición nº SC-I-IPPC-XA-00025, para residuos non perigosos)

### 1. Desenvolvemento das actividades.

Primeira. A autorización está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas nos proxectos e anexos que se presentaron xunto coa solicitude e aclaracións posteriores.

- Nas memorias de seguimento presentarase un plano dos almacenamentos e unha táboa, onde se indiquen a data de comezo de depósito por cúmulo para poder facer un seguimento dos tempos de almacenamento das fraccións.

### 2. Mantemento das garantías e activación da autorización.

Durante a vixencia da autorización débense manter viventes e actualizadas en todo momento as garantías exixidas para o seu outorgamento.

A inscrición número SC-I-IPPC-XA-00025 manterase en suspenso ata a presentación da correspondente garantía financeira indicada no punto 4 do cadro de datos administrativos, calculada segundo o disposto na Orde do 16 de xaneiro de 2007 pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza nas actividades determinadas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño e a realización da preceptiva inspección de comprobación das instalacións.

### 8.6 Condicións para a eliminación residuos perigosos en vertedoiro.

A actividade que abrangue a inscrición do titular núm. **SC-RP-IPPC-XE-00001** no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como xestor de eliminación en vertedoiro de residuos perigosos, autorizarase coas características, residuos e condicionantes que se establecen a continuación:





Instalación:	Deposito de seguridade I (DDSI)
Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Leí 22/2011, do 28 de xullo):	D5 – Vertedura en lugares especialmente deseñados (por exemplo, colocación en celas estancas separadas, recubertas e illadas entre si e o ambiente, etc.)
Propietaria da instalación:	XUNTA DE GALICIA
Responsable da xestión da instalación	UTE PMA-CONTECO SL
Actividade de xestión:	Eliminación mediante depósito en vertedoiro de residuos perigosos
Tipoloxía de vertedoiro:	Vertedoiro para residuos perigosos
Situación da xestión:	Vertedoiro clausurado con declaración de clausura de data 22.9.2011.
Descrición do proceso que se desenvolveu:	Vertido no depósito de seguridade dos residuos previamente estabilizados.
Celas do vaso de vertido:	Oito (8) celas
Capacidade máxima autorizada de vertido:	857.417 m <sup>3</sup> / 859.668,74 t
Residuo admitido:	190304*, “Residuos perigosos parcialmente estabilizados”.
Fianza depositada na actualidade:	1.830.250,80 euros
Coordenadas UTM (ETRS89 H29T):	589.481,91 X 4.822.808,14 Y

**Táboa 25. Datos básicos do DDSI (inscrición nº SC-I-IPPC-XE-00001, para residuos perigosos)**

### 1. Situación actual do DDSI.

Actualmente atópase selado e clausurado, aínda que se continúa levando a cabo a xestión post-clausura do mesmo a través do plan de vixilancia ambiental para xestionar os seus lixiviados e verificar o bo estado e adecuado comportamento do vaso tras a súa selaxe.

Os lixiviados xerados no DDS I son bombeados desde cada cela á zona de almacenamento de lixiviados. Os lixiviados serán bombeados desde os devanditos depósitos de almacenamento ata a planta, aínda que, en caso necesario, tamén poderían ser enviados mediante camión cisterna a un xestor externo autorizado, ou á planta EVOX da área I do CTRIG (xestor interno autorizado), do mesmo xeito que vén efectuándose ata a data.

Instalación:	Deposito de seguridade II (DDSI)
Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Leí 22/2011, do 28 de xullo):	D5 – Vertedura en lugares especialmente deseñados (por exemplo, colocación en celas estancas separadas, recubertas e illadas entre si e o ambiente, etc.)
Propietaria da instalación:	XUNTA DE GALICIA
Responsable da xestión da instalación	UTE PMA-CONTECO SL
Actividade de xestión:	Eliminación mediante depósito en vertedoiro de residuos perigosos
Tipoloxía de vertedoiro:	Vertedoiro para residuos perigosos
Situación da xestión:	Vertedoiro en explotación





Descrición do proceso:

Celas do vaso de vertido

Capacidade máxima autorizada de vertido:

Cantidade anual a eliminar

Vida útil

Fianza depositada na actualidade:

Fianza adicional por depositar:

Fianza total:

Coordenadas UTM (ETRS89 H29T):

Vertido no depósito de seguridade dos residuos previamente estabilizados. Esta actividade inclúe o almacenamento previo dos residuos na NM cando as condicións climatolóxicas sexan adversas para o seu vertido directo.

Sete (7) celas

1.167.728 m<sup>3</sup>/ 1.170.794,7 t (tras a ampliación de 37.728 m<sup>3</sup>/ 37.827,1 t adicionais)

115.000 t/ano de residuos perigosos

Ata o derradeiro trimestre do ano 2022

3.101.018,40 euros

1.113.842,52 euros

4.214.860,92 euros

589.903 X 4.823.214 Y

**Táboa 26. Datos básicos do DDSII (inscrición nº SC-I-IPPC-XE-00001, para residuos perigosos)**

LER	Descrición
170503*	Terras e pedras que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Terra (incluída a escavada de zonas contaminadas), pedras e lodos de drenaxe</a> )
190304*	Residuos perigosos parcialmente estabilizados ( <a href="#">Residuos estabilizados/solidificados</a> )

**Táboa 27. Residuos xestionados no DDSII (inscrición nº SC-I-IPPC-XE-00001, para residuos perigosos)**

**1. Características técnicas relativas ao deseño e construción, así como as operacións de vertido do DDSII.**

As características de deseño e construción do vertedoiro, así como as operación de vertido, son as recoillidas no "Proxecto construtivo da fase IV da ampliación do CTRIG: apertura da cela 1 e plataformas no concello das Somozas (A Coruña). Novembro 2007" visado polo Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia con data 16 de novembro de 2007, no "Proxecto básico para a solicitude da AAI do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia. Xaneiro 2007", no "Proxecto básico para a ampliación das instalacións do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia. Xaneiro 2007" visado Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia\_Sede Ferrol, nas Addendas aos últimos presentadas (1ª addenda Xullo 2007 e 2ª addenda Novembro 2007) e no "Proxecto básico para modificación substancial de AAI do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG). Decembro 2019", que se resumen a continuación:

- Paquete de impermeabilización do vaso de vertido (de teito a base):

Capa de grava de 50 cm de espesor con tubo dren perforado de 160 mm de diámetro
Xeotextil antipunzonamento 540 g/m <sup>2</sup>
Lámina de PEAD dobre texturizada 2 mm
Manta de bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup>
Xeodrén de seguridade con xeotetxil por ambas caras
Lámina de PEAD dobre texturizada 2 mm
Manta de bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup>
Lámina de PEAD dobre texturizada 1 mm
Xeodrén con xeotetxil por ambas caras
Rede de alivio de presión (tubaría PEAD ranurada de 125 mm de diámetro embebida nunha capa de grava de recuberta por xeodrén)





- Rede de recollida de augas pluviais:

Para a evacuación das augas pluviais deséñanse 10 tipos de cunetas, a súa distribución e detalle son as amosadas nos planos 3.05 a 3.09 do proxecto construtivo. As augas pluviais recollidas polas cunetas serán conducidas cara á balsa de decantación de augas pluviais, por rebose procederase ao seu vertido a curso mediante conducións e baixantes. O deseño destas infraestruturas seguirá o indicado no Anexo VI “Climatoloxía e hidroloxía” do proxecto construtivo presentado.

- Rede de recollida de lixiviados:

Consistirá nunha rede de conducións de drenaxe unidas a un colector xeral de lixiviados. Esta rede conducirá mediante bombeo, segundo o amosado no plano 3.03 e 3.04 do proxecto construtivo, o lixiviado ata o parque de almacenamento de lixiviados. Estes lixiviados serán tratados nas propias instalacións da empresa, ben sexa na PE como fluidificante, tratados na PFQ ou na EVOX ou transferidas a xestor externo autorizado. O deseño destas redes seguirá o indicado no Anexo VIII “Control e extracción de lixiviados” do proxecto construtivo presentado.

- Selado provisional:

Capa de regularización de 30 cm e xeomembrana de PEBD de 1 mm de espesor.
---

- Paquete de impermeabilización de selado definitivo previsto (de teito a base):

Terra vexetal 30 cm
Capa de solo 70 cm
Xeodrén con xeotetxil por ambas caras
Lámina de PEAD dobre texturizada 2 mm
Manta de Bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup>
Capa de acondicionamento (terras de regularización)

- Operacións de vertido:

A explotación realizarase mediante a explotación de 7 celas de vertido. O avance da fronte de explotación en cada cela farase en dirección norte-sur. O plan de enchido inclúe a instalación de rain-flaps que permite diminuír a xeración de lixiviados. Todo isto segundo o descrito no plan de explotación presentado e nos planos DDS-05 a DDS-12 do proxecto básico de ampliación. Na actualidade, e segundo declara o titular, se executaron as celas I, II, III, IV, V, sub-cela 6A e 6B, e VII (cela temporal) do DDSII.

- Variación da xeometría final do DDSII (en explotación):

O obxecto da variación da xeometría final do DDS II é optimizar a xestión das augas pluviais e os traballos de explotación e selaxe do depósito. Para iso, previuse efectuar un enchido con noiros 3H:1V e bermas cada 10 metros de altura, salvo no lado oeste e entre as bermas 4 e 6. Nos *Planos 04. Modificación substancial da AAI. DDS II do Documento 2. Planos do “Proxecto básico para modificación substancial de AAI do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG). Decembro 2019”* pódese observar en detalle a xeometría final prevista para o DDS II.

Dita variación suporá un lixeiro aumento do volume do depósito en 37.728 m<sup>3</sup> que, de acordo á densidade prevista actualmente na AAI para os residuos eliminados no DDS II, significará un aumento na capacidade de eliminación do DDS II de 37.827,1 t, o que supón un incremento inferior ao 3,5% respecto a a capacidade actualmente autorizada na AAI vixente. A modificación





proposta non supoñerá en ningún caso unha variación na pegada ou superficie ocupada polo DDS II respecto á actualmente autorizada.

## 2. Situación actual do DDSII

Está a achegarse o final da vida útil do DDS II, prevista para o último trimestre do ano 2022, xurdindo a necesidade de dispor para esas datas dun novo depósito de seguridade ( DDS III).

Respecto aos lixiviados xerados no DDS II, do mesmo xeito que os do DDS I son bombeados desde cada cela aos tanques de almacenamento de lixiviados para a súa xestión na planta de tratamento de lixiviados, ou caso necesario na EVOX ou nun xestor externo autorizado.

Instalación:	Deposito de seguridade III (DDSIII)
Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo):	D5 – Vertedura en lugares especialmente deseñados (por exemplo, colocación en celas estancas separadas, recubertas e illadas entre si e o ambiente, etc.)
Propietaria da instalación:	XUNTA DE GALICIA
Responsable da xestión da instalación	UTE PMA-CONTECO SL
Actividade de xestión:	Eliminación mediante depósito en vertedoiro de residuos perigosos
Tipoloxía de vertedoiro:	Vertedoiro para residuos perigosos
Situación da xestión:	Vertedoiro a explotar tras a súa execución
Descrición do proceso:	Vertido no depósito de seguridade dos residuos previamente estabilizados. Esta actividade inclúe o almacenamento previo dos residuos na NM cando as condicións climatolóxicas sexan adversas para o seu vertido directo.
Celas do vaso de vertido	Catro (4) celas
Capacidade máxima autorizada de vertido:	1.031.330 m <sup>3</sup> / 1.034.039 t
Cantidade anual a eliminar	87.400 t/ano de residuos perigosos
Vida útil	Doce (12) anos a contar desde o derradeiro trimestre do ano 2022
Fianza por depositar:	629.280 euros
Coordenadas UTM (ETRS89 H29T):	589.911 X 4.823.449 Y

Táboa 28. Datos básicos do DDSIII (inscrición nº SC-I-IPPC-XE-00001, para residuos perigosos)

LER	Descrición
170503*	Terras e pedras que conteñen substancias perigosas ( <a href="#">Terra (incluída a escavada de zonas contaminadas), pedras e lodos de drenaxe</a> )
190304*	Residuos perigosos parcialmente estabilizados ( <a href="#">Residuos estabilizados/solidificados</a> )

Táboa 29. Residuos xestionados no DDSIII (inscrición nº SC-I-IPPC-XE-00001, para residuos perigosos)

## 1. Características técnicas relativas ao deseño e construción, así como as operacións de vertido do DDSIII.





As características de deseño e construción do vertedoiro, así como as operación de vertido, son as recollidas no “*Proxecto execución do novo depósito de seguridade DDSIII do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG) en As Somozas. Proxecto código P-2018-149-001 REV: 03. Xaneiro 2020*” e no “*Proxecto básico para modificación substancial de AAI do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG). Decembro 2019*”, que se resumen a continuación:

- Paquete de impermeabilización do vaso de vertido (de teito a base):

Capa de grava de 50 cm de espesor con tubo dren perforado de 160 mm de diámetro
Xeotextil antipunzamento
Lámina de PEAD texturizada 2 mm
Manta de bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup> (espesor de 6,5 mm)
Xeodrén de seguridade con xeotextil por ambas caras (espesor de 10 mm)
Lámina de PEAD de 1,5 mm
Manta de bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup> (espesor de 6,5 mm)
Lámina de PEAD de 1,5 mm
Xeodrén con xeotextil por ambas caras (espesor de 10 mm)
Rede de alivio de presión (tubaria PEAD ranurada de 125 mm de diámetro embebida nunha capa de grava de recuberta por xeodrén)

- Rede de recollida de augas pluviais:

Os criterios adoptados para o deseño da rede de evacuación de augas superficiais están encadrados dentro do deseño do sistema de explotación onde se prevé que as bermas teñan pendente lonxitudinal e transversal, co que se dota ao sistema dun sistema de recollida e condución de augas cara ao seu punto de evacuación.

A construción e explotación do novo depósito ( DDS III) non incrementa a superficie de recollida polo que se conclúe que o sistema actual de recollida de augas pluviais e de alivio de presión está ben dimensionado e que non é necesario realizar ningunha modificación neste apartado. A súa xustificación inclúese dentro do Anejo 4, Cálculo hidráulico e hidrolóxico, do “*Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019*” presentado.

- Cunetas: Realizaranse en formigón in situ, con sección en “V” ou trapezoidal.
- Tajeas: Instalaranse para o paso das augas baixo pistas. A súa construción realizarase con tubos de formigón ou de PVC corrugado de dobre capa, apto para soportar circulación de vehículos pesados.
- Rede de drenaxe profunda: Exponse deseñalo como unha gabia drenante rechea con grava filtrante sen clasificar, envolvida en xeotextil, en cuxo fondo se dispón un tubo ranurado de PVC de dobre parede, a exterior corrugada e a interior lisa, con ranurado ao longo dun arco de 220°, de 160 mm de diámetro.
- Evacuación final: A evacuación final das augas realizarase cara á balsa de decantación xa existente e situada ao noroeste do depósito.

- Rede de recollida de lixiviados:

A rede de lixiviados recollerá todos os líquidos acumulados no sistema de impermeabilización primario do vaso e noiros internos das celas de vertedura para a súa extracción e posterior tratamento.





Os principais elementos deste sistema, tal e como se recolle no punto 3.2.5 do apartado 3, “Descrición da instalación” desta resolución, son os seguintes: capa de drenaxe, sumidoiro, bombeo cunha capacidade máxima de bombeo de 1.152 m<sup>3</sup>/día, colector de lixiviados, consistente nunha rede de tubaxes de polietileno que se encargan de transvasar o lixiviado bombeado aos seus puntos de almacenamento provisional en espera do seu traslado final a planta de tratamento, tubos de limpeza e sistema de detección de fugas que consistirá nunha drenaxe (formado por un composto xeodrenante), que recollerá os líquidos que se puideron infiltrar no primeiro sistema de impermeabilización e transportaralos a un sumidoiro de recollida secundario.

Tal e como se xustifica no *Anexo 4. Cálculo hidráulico e hidrolóxico*, as instalacións dispoñibles na actualidade no CTRIG contan con capacidade suficiente para xestionar o aumento esperable de lixiviados tras a execución do novo DDS III. O deseño desta rede seguirá o indicado no Documento 2 “Planos” do “Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019” presentado.

Utilizaranse bombas sumerxibles para evacuar os lixiviados dos sumidoiros, que irán colocadas en tubos de PEAD que comunicarán os sumidoiros primarios e secundarios, coas cabeceiras dos noiros das celas. As bombas dos sumidoiros funcionarán automaticamente e ademais estarán provistas dun interruptor para conectar e desconectar as bombas en caso de necesidade. O tubo de saída da bomba estará conectado ao tubo colector que conducirá os lixiviados cara aos tanques de almacenamento de lixiviados existentes. As bombas utilizadas serán resistentes ás propiedades físico-químicas dos lixiviados e de potencia suficiente para evacuar o caudal xerado.

Os lixiviados bombeados ata a cabeceira do noiro da cela fluirán por gravidade ata uns tanques específicos situados no parque de almacenamento de lixiviados, situado nas proximidades dos DDS existentes. Por último, cabe destacar que unha vez clausurada unha cela prevese un brusco descenso da produción de lixiviados na mesma, dado que xa non haberá entradas de auga na mesma (nin da choiva nin dos residuos). Por tanto, o único lixiviado que se xerará será o que vaia sendo liberado polo propio residuo en función da evolución da súa capacidade de campo.

Tras o tratamento dos lixiviados xerados, as augas depuradas á saída da ósmosis serán almacenadas nun tanque do sistema de protección contra incendios, existente xunto á PLIX, para a súa reutilización nas instalacións do CTRIG (como auga de abastecemento de protección contra incendios, auga de servizo para preparación de reactivos, fluidificante na planta de estabilización de auga de uso industrial e operacións internas de limpeza). Así mesmo, e unicamente no caso de excedente de augas, estas serán vertidas á rede de saneamento municipal con depuración posterior na EDAR municipal das Somozas.

#### Rain-flaps:

Co obxecto de minimizar a cantidade de lixiviado, iranse instalando no fondo da cela en operación dispositivos “rain flap” para conter a auga limpa que entra na parte da cela que non estea en uso, para a súa posterior incorporación á rede de drenaxe superficial.

O dispositivo consiste en soldar por extrusión unha tira de lámina de polietileno de 1.5 mm, cunhas dimensións duns 10 metros de ancho e do mesmo longo que o fondo do vaso.

Para levantar a lámina e deste xeito conseguir fabricar un dique provisional colócanse cubertas de camión amontoadas ata conseguir a altura desexada, que adoita estar ao redor do metro e medio.





Unha vez construída colócase unha bomba de achique sumerxible con sensores de nivel para facela actuar en presenza de auga e proceder ao seu bombeo ao exterior xunto co resto de auga limpa.

A disposición dos rain- flaps en cada unha das fases de explotación previstas será a que se indica no Documento 2. Planos do “Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019” presentado, elaborándose esta de forma que se minimize a xeración de augas contaminadas.

- Rede de alivio de presión:

Por baixo do sistema de impermeabilización secundario de cada cela existirá un sistema de drenaxe de augas subterráneas ou de alivio de presión que ten por obxecto captar e evacuar as posibles achegas de augas subterráneas existentes por baixo do propio sistema de impermeabilización, de maneira que non exista carga hidráulica ascendente que comprometa a estanquidade e a estabilidade do sistema de impermeabilización.

As augas captadas serán conducidas a través da gabia drenante con tubaría de drenaxe ata a cara exterior do dique, desembocando nunha serie de arquetas de control. Un colector xeral unirá as arquetas de todas as celas e desembocará na balsa de decantación existente. Desta maneira será posible manter un control individualizado das augas procedentes do subsolo de cada cela.

O Anexo VI. Climatoloxía e Hidroloxía do Proxecto Construtivo da Fase IV da ampliación do CTRIG: Apertura da Cela 1 e plataformas no Concello das Somozas (A Coruña) , e que se inclúe dentro do Anejo 4. Cálculo hidráulico e hidrolóxico do “Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019” presentado, o posible volume de captación de augas que se conducirán á balsa existente poderá ser asumido por este, debido a que a construción do DDS III non incrementa a actual superficie de recollida de augas.

- Paquete de impermeabilización de selado definitivo previsto (de teito a base):

No apartado 7.3. Deseño de selaxe e clausura da memoria do “Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019” presentado, detállanse as características do sistema de selaxe. Trátase dun paquete de xeosintéticos para a impermeabilización do residuo e unha cobertura final a base de terras seleccionadas e terra vexetal para a plantación de herbáceas.

Terra vexetal 30 cm
Capa de solo 70 cm
Xeodrén con xeotetxil por ambas caras
Lámina de PEAD dobre texturizada 2 mm
Manta de Bentonita 5.000 g/m <sup>2</sup>
Capa de acondicionamento (terras de regularización)

A cobertura final do DDS III compoñeráse tamén dos seguintes elementos:

- Noiros finais: Os noiros finais serán os mesmos que para a explotación, manterase a xeometría do recheo realizado xa e o resto proxéctase con pendentes máximas de 3H:1V e desniveis de 10 metros como máximo.





- Pistas interiores: Asentaranse sobre as pistas de explotación cun ancho mínimo de 4,50 m unha pendente lonxitudinal máxima do 10% e transversal do 2%, sobre unha plataforma de 6,00 metros de ancho.
- Sistema de desaugadoiro superficial: O desaugadoiro superficial da zona selada realízase por cunetas de formigón e tajeas para o cruzamento de pistas.
- Sistema de desaugadoiro do sistema de impermeabilización: A auga percolada a través da capa de cobertura (vexetal + terra) é recollida pola xeorred do paquete de xeosintéticos e conducida aos sistemas de drenaxe situados baixa as cunetas para a súa pronta evacuación ao exterior do DDS III.




Figura 6. Modelización do enchido do DDSIII

Método de explotación:

No anexo 8, Superficies e volumes, do "Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019" presentado, detállase a cubicación da capacidade de enchido do mesmo.

A continuación descríbense as actuacións principais a realizar durante a fase de explotación do novo DDS III:

- Descarga dos residuos nas celas de seguridade:

A localización e tamaño do punto de descarga decidirase ao comezo de cada xornada de operación, dependendo da cantidade de residuos, a dirección do vento esperado ese día e o estado de desenvolvemento da cela en explotación, primando sempre o fácil acceso e descarga dos camiões que vaian depositar residuos na zona en explotación da cela (fronte activa do vaso). En calquera caso, tentarase situar este punto en zonas protexidas do vento para mitigar o espaxamento de partículas de residuo, procurando ademais que o volume de residuo exposto teña unha área mínima para reducir a produción de lixiviados.

Os equipos accederán ao vaso polo vial perimetral proxectado para o efecto e por ramplas provisionais que desde este darán acceso ao momento de descarga. Estas ramplas terán unha pendente máxima do 10% para permitir a circulación dos camiões en condicións seguras.

Por outra banda, o acceso dos vehículos cargados ao momento de descarga farase a través dos viais internos deseñados de forma que os vehículos que teñan que realizar a descarga non circulen sobre o residuo depositado na cela, evitando a súa contaminación. Se aínda así





prodúcese a contaminación dos vehículos empregados na fronte activa do DDS III, estes serán descontaminados mediante un enxaugue con equipos de auga a alta presión.

Finalmente, e unha vez realizada a descarga do residuo, unha pa de cadeas ou un bulldózer procederá ao estendido en finas capas e compactado do residuo, como se explica no seguintes parágrafos.

Cando as condicións climatolóxicas sexan adversas, o DDS III cubrirase cunha impermeabilización temporal para impedir que a auga de choiva percole a través dos residuos confinados e xere grandes volumes de lixiviados (ver parágrafo sobre “Cuberta temporal”). É tamén por este motivo que é necesario que as instalacións contén cun espazo de almacenamento temporal cuberto para depositar os residuos ata que as condicións climatolóxicas permitan o seu envío á cela de vertedura.

Os noiros exteriores definitivos adecúanse a un noiro xeral (3H:1V), con 30 m de lonxitude, apoiado sobre o caballón perimetral. Este noiro confire estabilidade ao sistema e intégrase mellor na orografía rexional.

Unha vez alcanzado nunha zona cotas 20 centímetros inferiores ás finais de deseño, procederase á regularización dos noiros finais con material seleccionado, co propósito de preparar a superficie resultante para a aplicación das capas de impermeabilización e selaxe final e minimizar a entrada de auga de choiva na zona activa de explotación (ver parágrafo sobre “Cuberta intermedia”).

- Compactación do residuo:

Os residuos descargados polos camións serán distribuídos en tongadas cun espesor non superior aos 30 cm, a modo de capas homoxéneas, dentro dos límites da zona de descarga. Para obter unha eficiencia máxima e unha densidade óptima a máquina compactadora pasará sobre cada capa entre 3 -6 veces.

- Cuberta temporal:

Os residuos xa compactados e situados en zonas da cela onde non se van a depositar residuos por un período de tempo prolongado serán cubertos por unha geomembrana de polietileno de baixa densidade de 1,5 mm de espesor, cuxo propósito será o de reducir a infiltración de auga debida a precipitacións e, por conseguinte, diminuír a formación de lixiviado. Esta capa evitará tamén o espaxamento de partículas de residuos producido polo vento e minimizará a eventual emisión de cheiros.

Capa de regularización de 30 cm e xeomembrana de PEBD de 1,5 mm de espesor.

- Selados parciais:

As selaxes parciais instalaranse naquelas zonas do DDS III nas que o residuo depositado alcanzou as cotas finais de proxecto. Para a selaxe utilízase polietileno de alta densidade de polo menos 1 mm de espesor. Dispoñeranse as tiras de lámina de PEAD en sentido lonxitudinal á pendente, é dicir a dimensión longa mantense á mesma cota e, por tanto, a dimensión curta, é transversal (vai en sentido da pendente).

Ao realizar estes traballos terase especial coidado en deixar configuradas as cunetas tal e como se indica a continuación.

- Augas de escorrenta dos selados parciais:

O deseño do enchido está realizado de modo que a medida que se van alcanzando as cotas finais, as pendentes creadas favorecen a evacuación de augas ao exterior (cunetas perimetrais) en dirección norte.





Deste xeito, antes de proceder á selaxe parcial, escavarase o residuo de tal maneira que quede configurada unha cuneta tal e como se contempla para o final da selaxe.

Unha vez realizada, a selaxe parcial farase de tal maneira que se manteñan a forma das cunetas ao revestilas de polietileno.

Unha vez seladas e coas cunetas realizadas, colocaranse tajeas para o paso de pistas.

- Cuberta intermedia:

A cuberta intermedia será unha capa de terras procedentes do almacenamento dos préstamos excedentes das escavacións das celas, e de aproximadamente uns 20 cm. de espesor. Encima desta capa colocarse a cuberta final de selaxe.

- Fases de explotación:

Tanto a construción como a explotación do DDS III levarán a cabo de forma progresiva, en diferentes fases de execución do vaso. Concretamente, executarase en catro (4) celas de vertedura desenvoltas de norte a sur, coas súas correspondentes instalacións necesarias.

A división en catro celas realízase de forma que os seus fondos teñan unha superficie similar, facilitando no momento de execución os accesos e a instalación das infraestruturas necesarias para cada unha delas.

Os datos referidos a cada unha das fases de explotación, considerando un noiro activo entre cada fase de 2H:1V, recóllense na táboa 1, "Fases de enchido do novo DDS III", incluída no punto 3.2.5 do apartado 3, "Descrición da instalación" desta resolución.

As diferentes fases de execución e explotación do DDS III, recóllense nas seguintes figuras, e de xeito máis detallado, nos planos 04, "Desenvolvemento de fases", do "Proxecto de execución do novo depósito de seguridade DDS III do CTRIG de SOGARISA (UTE PMA-CONTECO), Concello das Somozas (A Coruña). Xaneiro 2019" presentado.




Figura 7. Planta das fases de explotación do novo depósito de seguridade (DDS III)






Figura 8. Perfil das fases de explotación do novo depósito de seguridade (DDS III)

### 3. Situación actual do DDSIII

Está a achegarse o final da vida útil do DDS II, prevista para o último trimestre do ano 2022, xurdindo a necesidade de dispor para esas datas dun novo depósito de seguridade ( DDS III), que actualmente está pendente de executar.

### 4. Condicións específicas para eliminación nos depósitos de seguridade DDSI, DDSII e DDSIII

#### 4.1. Xerais, réxime de garantías e xestión dos depósitos de seguridade:

Primeira.- En todo momento deberá cumprir as prescricións que sobre residuos se establecen na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, no Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro (BOE núm. 187 do 8.7.2020), na Decisión do Consello de 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e ao anexo II da Directiva 1999/31/CE, na Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia así como en cantas disposicións ou instrucións fosen ditadas ou se diten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia medioambiental.

Segunda.- A actividade autorizada está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas no proxecto e documentación adicional que se presentou xunto coa solicitude inicial para o outorgamento da autorización ambiental integrada.

Terceira.- Calquera modificación dos termos obxecto desta autorización deberá ser comunicada a este centro directivo para o seu coñecemento e avaliación.

Cuarta.- A fianza para garantir a xestión do vertedoiro, recollida no punto 4 do apartado 1 desta resolución, "Datos administrativos", deberá actualizarse cada dous (2) anos ou sempre que se modifiquen os criterios iniciais de fixación da fianza, ademais dita fianza deberá manterse mentres a entidade explotadora sexa responsable do mantemento posterior ao peche do vertedoiro, en cumprimento do disposto no artigo 11.1.c) do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Quinta.- Segundo o disposto no artigo 9.1 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, o prezo que a entidade explotadora cobre pola eliminación dos residuos no depósito de seguridade cubrirá, como mínimo:

- a) Os custos que ocasionen o seu establecemento e explotación.





- b) Os gastos derivados da subscrición do seguro ou garantía financeira equivalente de conformidade co sinalado no artigo 11.1.d) do RD 646/2020.
- c) Os custos estimados de clausúra, mantemento e control postclausura durante un período mínimo de trinta anos.
- d) Os custos das fianzas constituídas de conformidade co sinalado no artigo 11.1. c) do RD 646/2020.
- e) Os custos ligados á emisión de gases de efecto invernadoiro de acordo co sinalado na disposición final terceira.

Sexta.- Cada dous (2) anos, a entidade explotadora do vertedoiro presentará unha actualización, da análise económica, para dar cumprimento ao dito no artigo 9.2 do RD 646/2020 e no artigo 17 da *Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*. A dita actualización deberá ir acompañada dunha actualización do informe de revisión e verificación coa opinión favorable dun auditor ou censor xurado de contas a que se refire o artigo 16.3 da antedita Orde.

Sétima.- As cantidades recadadas en concepto de custos de emisión serán destinadas con carácter exclusivo á implantación de programas de reforzo e mellora dos sistemas de recollida e tratamento de gases sinalados no anexo I, apartado 4, do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, así como á intensificación das redes de vixilancia e control, frecuencias e parámetros de control sinalados no anexo III, apartados 3 e 4 do referido RD 646/2020. Estes programas serán aprobado por esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático en cada unha das revisións periódicas de custo sinaladas na condición sexta.

Oitava.- A empresa deberá manter un responsable coa cualificación técnica e experiencia profesional adecuada para a xestión do vertedoiro; en caso de cambio de responsable, ese titular deberá remitir unha proposta de cambio a esta dirección xeral para a súa aprobación. Asemade a empresa deberá ter previsto o desenvolvemento e formación profesional técnica do persoal, tanto ao inicio da explotación como durante a vida útil do vertedoiro.

Novena.- Durante a explotación do vertedoiro adoptaranse as medidas necesarias para evitar accidentes e limitar as súas consecuencias, en particular a aplicación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, e disposicións regulamentarias que a desenvolven.

Décima.- A entidade explotadora responsable da xestión das instalacións manterá subscrito un seguro ou achegará unha garantía financeira equivalente para cubrir as responsabilidades que eventualmente se poidan derivar das operacións de eliminación por vertedura. Devandito seguro ou garantía financeira debe cubrir, como mínimo, as seguintes continxencias:

- As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidade das persoas.
- As indemnizacións debidas por danos nas cousas.
- Os custos de reparación e recuperación do medio ambiente alterado. Esta contía determinarase conforme as previsións da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.

Décimo primeira.- A entidade explotadora remitirá anualmente á esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a seguinte información:

- As cantidades de residuos admitidos calculadas independentemente tanto a partir de acuses de recibo dos documentos de identificación como dos rexistros de pesada dos residuos admitidos.
- A localización exacta de residuos perigosos (por lotes) nos depósitos de seguridade.
- A memoria resumen anual prevista na Lei 22/2011, do 28 de xullo e na Lei 6/2021, do 17 de febreiro.
- O resultado do programa de vixilancia contemplado na presente Resolución.





Décimo segunda.- Relativo aos procedementos de vixilancia e control ambiental, durante a fase de explotación e postclausura, e en cumprimento do artigo 15 e 16 do RD 646/2020, fíxanse as seguintes directrices mínimas:

- A entidade explotadora do vertedoiro levará a cabo durante a fase de explotación e postclausura as condicións de control e vixilancia ambiental especificadas na presente Resolución.
- A toma de mostras e as operacións analíticas de ditos procedementos serán realizados por unha entidade independente de control autorizada.
- A entidade explotadora notificará nun prazo máximo de 24 h á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e ao Concello correspondente todo efecto negativo significativo sobre o medio ambiente posto de manifesto nos procedementos de control e vixilancia e acatará a decisión da DXCASCC sobre a natureza e o calendario das medidas correctoras que deban adoptarse; estas medidas poranse en práctica a expensas da entidade explotadora.

#### 4.2. Fase de obras:

Décimo terceira.- De acordo co concluído no “Estudio geológico-geotécnico para la construcción del depósito de seguridad DDS III en Sogarisa. Agosto 2020”, con criterio xeral, á hora de realizar as escavacións para a execución do vaso do depósito DDS III, deberanse manter as seguintes inclinacións:

- Para os noiros que afecten os niveis Recheo Antrópico e de Xistos G.A. IV-III ( s/ ISRM), recoméndase non exceder a inclinación 1H:1V (45°).
- Para os noiros nos niveis de substrato rochoso esquistoso con G.A.  $\leq$  III ( s/ ISRM). Nivel III e Nivel IV descritos no capítulo correspondente, recoméndanse inclinacións máximas da orde de 1H:3V (72°).

Do mesmo xeito, á hora de executar os viais, deberase realizar unha saneo máximo de 40 cm. na contorna do sondo S-4. Tras o saneo realizado, o terreo de explanación estará formado polo nivel geotécnico II (xistos G.A. IV-III- s/ ISRM). Estes materiais proporcionan chaira tipo E3 directamente, coa posta en servizo dunha capa de formigón HM-20 que encha os ocos existentes.

Décimo cuarta.- Anteriormente á colocación dos xeosintéticos, tanto de impermeabilización de fondo de vaso nas novas celas como de selado, a empresa designará unha Entidade Independente de Control coas seguintes funcións:

- Redacción dun plan de control de calidade, copia compulsada do cal será entregado ante a DXCASCC para a súa aprobación.
- Garantir o control de calidade da impermeabilización dos vasos de vertido e emitir o correspondente informe, copia do cal será entregado ao fin das obras na DXCASCC.

Décimo quinta.- Antes do inicio da construción dunha nova cela de vertido a empresa debe presentar o proxecto construtivo da mesma, incluíndo o selado e clausura, para ser avaliado por esta DXCASCC. Previamente á posta en marcha da mesma deberá presentar o certificado visado de dirección de obra correspondente ao proxecto presentado, para a realización da preceptiva visita de comprobación das instalacións por parte desta consellería.

#### 4.3. Fase de explotación:

Décima sexta.- A entidade explotadora do vertedoiro aplicará un procedemento de admisión de residuos que como mínimo, incluírá:

- O control da documentación dos residuos entregados, verificando que os mesmos van acompañados do documento de identificación correspondente esixible para traslados entre comunidades autónomas e dentro da comunidade autónoma de acordo co sinalado no Real Decreto





553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado e do documento de movemento para movementos transfronteirizos do anexo I. B do Regulamento (CE) 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, para o caso de traslados comunitarios e transfronteirizos.

- Comprobación de que, de acordo coa información reflectida na caracterización básica ou proba de cumprimento sinaladas nos apartados 1.1. e 1.2 do anexo II do RD 646/2020 o residuo é admisible no depósito de seguridade.

- A inspección visual dos residuos á entrada e no punto de vertedura e, sempre que sexa procedente, a comprobación da súa conformidade coa descrición facilitada na documentación presentada polo posuidor. Cando haxan de tomarse mostras representativas para dar cumprimento ao disposto no anexo II, apartado 1.3 do RD 646/2020, conservaranse os resultados das análises, e as mostras deberán conservarse polo menos durante tres meses refrixeradas a unha temperatura inferior a 6° C.

- A pesada dos residuos.

- Inscripción no arquivo cronolóxico, físico ou telemático, contemplado no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e no artigo 27.5 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Décimo sétima.- Só se poderán depositar no vertedoiro os residuos recollidos nas táboas 27 e 29 recollidas no punto 8.6, "Condicións para a eliminación residuos perigosos en vertedoiro", deste apartado 4. Se, excepcionalmente, se quixese verter outro tipo de residuos, a empresa deberá solicitar autorización expresa por parte desta Dirección Xeral. En ningún caso se aceptarán os residuos que figuran no artigo 6 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. Ademais atendendo ao principio de xerarquía na xestión de residuos establecido no artigo 8 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, no caso de que se establezan en Galicia instalacións de valorización dalgúns dos residuos autorizados, seguirase o procedemento especificado no artigo 13 da Orde do 20 de xullo do 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso do vertido directo do residuo codificado segundo a Orde MAM/304/2002 co LER 170503\*, "Terras e pedras que conteñen substancias perigosas", sen paso anterior pola instalación de estabilización previa á eliminación, delimitarse unha zona específica no interior da cela que se estea a explotar, quedando aberta o tempo mínimo e indispensable para o vertido dese residuo. A zona de explotación definida deberá recollese no Plan de explotación e se notificará, para o seu coñecemento, a esta DXCASCC.

Décimo oitava.- En xeral a entidade explotadora deberá seguir as indicacións dadas na Decisión do Consello, de 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e ao anexo II da Directiva 1999/31/CEE, no anexo II do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro e no anexo IV, Criterios e procedementos de admisión, da *Orde do 20 de xullo do 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, coas seguintes consideracións:

- Os residuos serán considerados como admisibles no vertedoiro sempre e cando non sobrepasen os valores límite establecidos no punto 2.4 da Decisión do Consello, de 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e ao anexo II da Directiva 1999/31/CEE e no punto 2.4 do anexo II do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro

- En ningún caso se admitirán residuos que presenten unha humidade superior ao 65% en peso.

Todo isto en cumprimento do disposto no artigo 14 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Décimo novena.- Métodos de mostraxe, de toma de mostras e de ensaio:





En cumprimento do disposto no punto 3 do anexo II do RD 646/2020, o número de mostras para a caracterización básica do residuo ou as probas de cumprimento deberá ser suficiente para representar adecuadamente a variabilidade da masa de residuos a analizar.

O deseño da mostraxe e a toma de mostras para a realización da caracterización básica e as probas de cumprimento levarán a cabo por entidades acreditadas conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17020 pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), ou outras entidades de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea, sempre que devanditos organismos se someteran con éxito ao sistema de avaliación por pares previsto no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do 9 de xullo de 2008.

A entidade acreditada debe ser independente tanto do produtor ou posuidor de residuos como da entidade explotadora non participando no deseño, fabricación, subministración, instalación, dirección facultativa, asistencia técnica ou mantemento dos procesos de xeración de residuos nin do vertedoiro a que se destinan os residuos.

Os ensaios sobre os residuos necesarios para estas actividades de caracterización básica e probas de cumprimento realizaranse por laboratorios acreditados conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17025 pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), ou outras entidades de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea.

A toma de mostras para a caracterización básica, probas de cumprimento e probas de verificación in situ, realizarase de acordo cun plan de mostraxe conforme aos criterios establecidos na norma UNE-EN 14899:2007 (Caracterización de residuos. Toma de mostras de residuos. Esquema para a preparación e aplicación dun plan de mostraxe), e tendo en conta os Informes Técnicos da serie UNE-CEN/ TR 15310.

As normas a considerar nos métodos de ensaio para a determinación das propiedades xerais dos residuos, así como na análise destes serán os recollidos no apartado 3.2 do anexo II do RD 646/2020.

Vixésima.- De acordo co especificado no apartado 3 do anexo IV, Criterios e procedementos de admisión, da *Orde do 20 de xullo do 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, a entidade explotadora levará un rexistro da información producida como consecuencia da aplicación do procedemento de admisión de residuos (caracterización básica, probas de conformidade e rexistro de incidencias da verificación in situ), que deberá conservar ata a clausura do vertedoiro, e en todo caso durante un período mínimo de cinco anos. Dita información estará a disposición da DXCASCC, e de ser o caso no formato e forma que esta última dispoña.

Vixésima primeira.- Segundo o indicado no artigo 14.1.d) do RD 646/2020 se os residuos non fosen admitidos no vertedoiro a entidade explotadora deberá notificar sen demora esta circunstancia a esta dirección xeral, sen prexuízo do disposto no Regulamento CEE nº 259/93.

Vixésima segunda.- A efectos de que esta Dirección Xeral verifique que non se dá algún dos supostos previstos no artigo 25.4 e 25.5 da Lei 22/2011, a empresa, no caso de querer xestionar nas instalacións residuos producidos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, procederá segundo o indicado no artigo 14 da *Orde do 20 de xullo do 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

#### 4.4. Fase de clausura:

Vixésima terceira.- O procedemento de clausura do vertedoiro ou de parte do mesmo poderá iniciarse:

- Previa comunicación do titular da entulleira á autoridade competente, no caso de que se cumpran as condicións correspondentes enunciadas na autorización, ou
- A petición da entidade explotadora con autorización da autoridade competente, ou
- Por decisión motivada da autoridade competente.





Vixésima cuarta.- Para iniciar o procedemento de clausura do vertedoiro e con anterioridade á realización das obras a entidade explotadora deberá presentar o proxecto de execución da clausura, seguindo o procedemento do anexo X da *Orde do 20 de xullo do 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, que defina de forma pormenorizada as accións que se van a realizar, así como o plan de vixilancia e control posclausura seguindo as directrices do anexo III da citada orde. As obras non se poderán iniciar mentres a DXCASCC non se pronuncie sobre a viabilidade ambiental do proxecto presentado.

Vixésima quinta.- Conforme o artigo 16.2. do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, o vertedoiro só poderá considerarse definitivamente clausurado despois de que a autoridade competente realice unha inspección final in situ. Para realizar a preceptiva visita por parte desta consellería a empresa deberá presentar:

- Informe de garantía de calidade da instalación dos xeosintéticos no selado das celas.
- Certificado fin de obra, asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio oficial, para proceder á inspección final in situ necesaria para considerar definitivamente clausurado o vertedoiro (Art. 14 do RD 1481/2001).
- Plano topográfico no que se indique a posición exacta dos dispositivos de control ambiental.

Vixésima sexta.- A comunicación da aprobación da clausura non poderá demorarse mais de tres anos desde a realización da inspección final in situ e non diminuírá en ningún caso a responsabilidade da entidade explotadora, de acordo coas condicións desta autorización.

Vixésimo sétima.- Segundo o artigo 22 da Orde do 20 de xullo tras a clausura definitiva dos vertedoiros a entidade explotadora será responsable durante un período non inferior a trinta (30) anos do seu mantemento, vixilancia, análise e control dos lixiviados do vertedoiro e, no seu caso dos gases xerados, así como do réxime de augas subterráneas nas súas inmediacións, todo elo de conformidade co plan de mantemento posclausura.

Vixésima oitava.- Os posteriores usos do solo deberán ser informados á DXCASCC para a súa aprobación co fin de garantir que non se produzan danos nas capas de selado, no funcionamento dos canais perimetrais e elementos do sistema de control posclausura nin afecten á estabilidade do vertedoiro. O procedemento a seguir será o regulado no artigo 16.5 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.





## 5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 1 Responsable do control do programa de vixilancia e seguimento ambiental

A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización. No prazo de dez (10) días tras a notificación desta resolución o representante legal da instalación designará ou reiterará á persoa responsable, debendo comunicalo a este centro directivo.

O cambio do responsable será comunicado a esta dirección xeral no momento en que se produza.

### 2 Metodoloxía de medición e ensaios

En virtude do disposto no punto 5 do anexo III do RD 646/2020, as tomas de mostras e as determinacións analíticas dos procedementos de control e vixilancia nas fases de explotación e mantemento posterior, realizaranse baixo as seguintes consideracións:

- O deseño da mostraxe e a toma de mostras para a execución das tarefas de vixilancia e control nas fases de explotación e mantemento posterior levarán a cabo por entidades acreditadas conforme á norma UNE-EN ISO/ IEC 17020 pola Entidade Nacional de Acreditación ( ENAC), ou outras entidades de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea, sempre que devanditos organismos sometéronse con éxito ao sistema de avaliación por pares previsto no Regulamento (CE) n.º 765/2008, do 9 de xullo de 2008. A entidade acreditada debe ser independente da entidade explotadora non participando no deseño, fabricación, subministración, instalación, dirección facultativa, asistencia técnica ou mantemento do vertedoiro.
- As determinacións analíticas para a vixilancia e control realizaranse por laboratorios acreditados conforme á norma UNE-EN ISO/ IEC 17025 pola Entidade Nacional de Acreditación ( ENAC), ou outras entidades de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea.
- Os métodos analíticos deben permitir alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade.

### 3 Presentación da memoria de seguimento ambiental

O titular elaborará unha memoria do seguimento ambiental realizado para cada trimestre natural do ano, que se remitirá a esta dirección xeral no prazo máximo dun (1) mes dende a finalización do trimestre:

- A memoria ten que asinalar un representante legal da instalación ou o responsable do cumprimento da autorización ambiental integrada.
- Os informes incluídos estarán asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración e selados pola empresa.

### 4 Obtención e controis de datos non especificados con anterioridade

#### 4.1. Obtención e controis de datos meteorolóxicos:

A entidade explotadora debe manter unha rede de recollida de datos meteorolóxicos cuxa finalidade é a de obter estes datos é realizar un balance hídrico das augas recepciónadas no vertedoiro, como elemento eficaz para determinar extremos como a existencia de acumulación ou non de lixiviados no vaso de vertido ou a perforación da lámina, segundo as seguintes normas:





- Esta rede poderá estar constituída por estacións meteorolóxicas de organismos oficiais.
- A rede deberá contar cunha estación próxima ao vertedoiro da que se xustifique convenientemente que a zona de vertido está dentro do ámbito de cobertura da mesma. En caso de que non se poida facer tal afirmación estimaranse os datos a partir dos obtidos nas tres estacións máis próximas que formen un triángulo no que quede inscrito o vertedoiro.

Os datos e a frecuencia de obtención dos mesmos será a indicada na seguinte táboa.

Controis	Acción	Frecuencia mínima Fase de explotación	Frecuencia mínima Fase postclausura
<b>Datos meteorolóxicos</b>	Medida do volume de precipitación <sup>(2)</sup>	Dato diario	Dato valor medio mensual
	Medida de temperatura		
	Medida de evaporación		
	Dirección e forza de vento dominante <sup>(1)</sup>		
	Medida de humidade atmosférica <sup>(2)</sup>	Dato mensual	Anual
Realización do balance hídrico			
<sup>(1)</sup> Non se esixe en fase postclausura			
<sup>(2)</sup> Diariamente, mais os valores mensuais en fase postclausura			

#### 4.2. Vixilancia e control de lixiviados. Indicacións:

A entidade debe manter instalada unha rede de vixilancia de augas de percolación coas seguintes características:

- As tomas de mostras e medición (volume e composición) do lixiviado deberán realizarse por separado en cada punto en que se descargue o lixiviado da instalación, segundo Norma UNE-EN-ISO 5667-1:2007. Calidade da auga, Mostraxe. Parte I: Guía para o deseño dos programas de mostraxe e técnicas de mostraxe. Isto é, tomaranse mostras nos puntos de descarga de cada unha das celas do DDS II e DDS III; no caso do DDS I, vertedoiro clausurado con declaración de clausura de data 22.9.2011, a toma de mostras realizarase no punto de descarga previo a entrada ao tanque de almacenamento de lixiviado correspondente.
- No punto de toma de mostra de lixiviados, non existirá nunca mestura dos lixiviados coas augas de escorrenta interior da implantación industrial.
- As instalacións de tratamento de lixiviados deberán dispor de puntos de control da cantidade e da calidade destes á entrada e saída da unidade de tratamento.

- A frecuencia da toma de mostras e análises serán as determinadas na seguinte táboa.

Controis	Acción	Frecuencia mínima Fase de explotación	Frecuencia mínima Fase postclausura
<b>Controis de datos de emisión: lixiviados</b>	Frecuencia de cuantificación do volume de lixiviados	Mensual	Dato valor medio trimestral
	Frecuencia de determinación da composición de lixiviados. <b>Nivel simplificado.</b>	Mensual	Trimestral (*)
	Frecuencia de determinación da composición de lixiviados. <b>Nivel completo.</b>	Semestral (*)	Anual

(\*) Os controis trimestrais deberán efectuarse todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural, e os controis semestrais deberán efectuarse todos os meses de xaneiro e xullo de cada ano natural. A empresa remitirá á DX-CASCC o resultado destes controis antes da finalización do mes seguinte ao da mostraxe.





Os parámetros a caracterizar en cada unha das mostras de lixiviados durante a **fase de explotación** son os recollidos na seguinte táboa, tanto para o alcance analítico a nivel simplificado como a nivel completo:

PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)	
	SIMPLIFICADO	COMPLETO		SIMPLIFICADO	COMPLETO
pH	X	X	Manganeso (mg/L)	X	X
Temperatura (°C)		X	Mercurio (mg/L)	X	X
Conductividade (µS/cm)	X	X	Chumbo (mg/L)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /L)		X	Aluminio (mg/L)	X	X
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /L)		X	Bario (mg/L)	X	X
COD		X	Berilio (mg/L)		X
COT	X	X	Boro (mg/L)		X
Alcalinidade e dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /L)		X	Cobre (mg/L)	X	X
Carbonatos (mg/L)		X	Ferro (mg/L)	X	X
Bicarbonatos (mg/L)		X	Prata (mg/L)		X
Calcio (mg/L)		X	Zinc (mg/L)	X	X
Magnesio (mg/L)		X	Talio (mg/L)	X	X
Potasio (mg/L)		X	Teluro (mg/L)	X	X
Sodio (mg/L)		X	Antimonio (mg/L)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/L)	X	X	Níquel (mg/L)	X	X
Materia sedimentable (ml/L)		X	Selenio (mg/L)	X	X
Cianuros (mg/L)		X	Cobalto (mg/L)		X
Cloruros (mg/L)	X	X	Molibdeno (mg/L)	X	X
Fluoruros (mg/L)	X	X	Vanadio (mg/L)		X
Nitratos (mg/L)	X	X	Coliformes totais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitritos (mg/L)		X	Coliformes fecais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/L)		X	Fenois (mg/L)	X	X
Amonio (mg/L)		X	Hidrocarburos e aceites (mg/L)		X
Sulfatos (mg/L)	X	X	HPA (mg/L)		X
Sulfuros (mg/L)		X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/L)	X	X
Fósforo total (mg/L)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/L)		X
Arsénico (mg/L)	X	X	BTEX (mg/L)		X
Cadmio (mg/L)	X	X	PCBs (mg/L)		X
Cromo total (mg/L)		X	TPHs (mg/L)	X	X
Cromo VI (mg/L)	X	X	Aceites e graxas (mg/L)		X

Os parámetros a caracterizar en cada unha das mostras de lixiviados durante a **fase de postclausura** son os recollidos na seguinte táboa, tanto para o alcance analítico a nivel simplificado como a nivel completo:





PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO (NIVEL)	
	SIMPLIFICADO	COMPLETO		SIMPLIFICADO	COMPLETO
pH	X	X	Chumbo (mg/L)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/L)		X
Conductividade (µS/cm.)	X	X	Bario (mg/L)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /L)	X	X	Berilio (mg/L)		X
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /L)		X	Boro (mg/L)		X
COD	X	X	Cobre (mg/L)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/L)		X
Alcalinidade e dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /L)	X	X	Prata (mg/L)		X
Carbonatos/bicarbonatos (mg/L)		X	Zinc (mg/L)	X	X
Calcio (mg/L)		X	Talio (mg/L)		X
Magnesio (mg/L)		X	Teluro (mg/L)		X
Potasio (mg/L)	X	X	Antimonio (mg/L)	X	X
Sodio (mg/L)		X	Níquel (mg/L)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/L) e materia sedimentable (ml/L)	X	X	Selenio (mg/L)	X	X
Cianuros (mg/L)	X	X	Cobalto (mg/L)		X
Cloruros (mg/L)	X	X	Molibdeno (mg/L)	X	X
Fluoruros (mg/L)	X	X	Vanadio (mg/L)		X
Nitratos (mg/L)		X	Coliformes totais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitritos (mg/L)		X	Coliformes fecais (NMP o UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/L)	X	X	Fenois (mg/L)	X	X
Amonio (mg/L)		X	Hidrocarburos e aceites (mg/L)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/L)	X	X	HPA (mg/L)	X	X
Fósforo total (mg/L)	X	X	Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/L)	X	X
Arsénico (mg/L)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/L)		X
Cadmio (mg/L)	X	X	BTEX (mg/L)	X	X
Cromo total e VI (mg/L)	X	X	PCBs (mg/L)	X	X
Manganeso (mg/L)	X	X			
Mercurio (mg/L)	X	X			

#### 4.3. Vixilancia e control da topografía da zona. Indicacións:

Controlarase a estabilidade do vaso de vertido respectando as seguintes directrices:





- O control de estabilidade do vaso levarase a cabo establecendo puntos de medida nos que se controlarán os movementos horizontais e verticais da masa de residuos, así como as estruturas asociadas ao vaso de vertido.
- Vertedoiro en explotación. A descrición da estrutura e composición do vaso de vertido durante a explotación incluirá:
  - Superficie ocupada polos residuos.
  - Peso
  - Volume
  - Método de depósito e explotación que se está a realizar.
  - Capacidade restante do vaso.
- Unha vez clausurado o vertedoiro: No caso de que os residuos depositados presenten noiros frontais de altura superior a 20 m ou pendentes maiores de 2,5H:1V deberán contar como mínimo con dúas seccións de control (unha a pé de noiro e outra na zona de coroación) definidas como resultado dun estudo de estabilidade específico e nas que se estudarán os movementos horizontais e verticais da masa de residuos.

A frecuencia dos controis a realizar e estudos, será a determinada na seguinte táboa:

Controis	Acción	Frecuencia mínima Fase de explotación	Frecuencia mínima Fase posclausura
<b>Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertido e asentamentos</b>	Recoñecementos e inspección de fendas, afundimentos e erosións (recoñecemento visual)	Semanal	Trimestral
	Estrutura e composición do vaso de vertido: superficie ocupada polos residuos, volume e composición dos mesmos, capacidade restante dispoñible	Trimestral	----
	Control de asentamentos e subsidencias	Trimestral	Semestral
	Control de movementos horizontais e verticais da masa de residuos	Trimestral	Semestral
	Levantamento topográfico	Semestral (*)	----
	Control do estado da capa de selaxe	----	Trimestral

(\*) No caso de que o DDS en explotación xestionase menos de 50.000 t/ano, ese titular podería solicitar a redución da frecuencia de semestral a anual para o levantamento topográfico. Os controis trimestrais deberán efectuarse todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural, e os controis semestrais deberán efectuarse todos os meses de xaneiro e xullo de cada ano natural. A empresa remitirá á DXCACC o resultado destes controis antes da finalización do mes seguinte ao da mostraxe.

#### 4.4. Control da vexetación. Indicacións:

Tanto durante a realización das obras de selado como durante a fase postclausura de cada unha das celas de vertido realizaranse visitas mensuais nas que se valore a evolución da revexetación efectuada, indicando as medidas tomadas no caso de detectar algún problema na mesma.

### 5 Contido das memoria de seguimento ambiental

Os informes dos controis analíticos deberán especificar os procedementos de mostraxe e os métodos analíticos empregados.





<b>Memoria 1º trimestre</b>	
Responsable	Identificación do responsable do seguimento ambiental
Plano	Plano sobre ortofoto coa localización dos puntos de control (escala mínima 1/250). Recollerá as coordenadas UTM ETRS89 dos ditos puntos
Datos de explotación	Produción (t/mes e % respecto da capacidade produtiva)
	Almacenamento (toneladas e % de ocupación)
	Consumo de enerxía (kW/t produto)
	Consumo de auga (m <sup>3</sup> /t produto)
Ruído	No caso de terse realizado: resultados do control e informe valorativo
Solos e augas subterráneas	Informes dos controis e informe valorativo
Augas superficiais	Informes dos controis e informe valorativo
Datos meteorolóxicos	Balance hidrolóxico e informe valorativo
Lixiviados	Informes dos controis e informe valorativo
Topografía da zona	Informes dos controis e informe valorativo
Vexetación	Informe valorativo e medidas adoitadas no caso de ser necesario
Residuos	Plano e táboa para o control dos tempos de almacenamento e xestión de residuos/productos As cantidades de residuos admitidos calculadas independentemente tanto a partir de acuses de recibo dos documentos de identificación como dos rexistros de pesada dos residuos admitidos.
Desviacións	Estudio das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade
Modificacións	Descrición das modificacións/melloras executadas <sup>(1)</sup> , xunto con planos explicativos (de ser necesario)
Incidentes/Accidentes	Relación dos sucesos acontecidos, descrición e data na que se comunicaron formalmente
<sup>(1)</sup> Esta memoria non exime ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución	

<b>Memoria 2º trimestre</b>	
Responsable	Identificación do responsable do seguimento ambiental
Plano	Plano sobre ortofoto coa localización dos puntos de control (escala mínima 1/250). Recollerá as coordenadas UTM ETRS89 dos ditos puntos
Datos do explotación	Produción (t/mes e % respecto da capacidade produtiva)
	Almacenamento (toneladas e % de ocupación)
	Consumo de auga (m <sup>3</sup> /t produto)
	Consumo de enerxía (kW/t produto)
Ruído	No caso de terse realizado: resultados do control e informe valorativo
Emisións á atmosfera (no ano de medicións)	Cumprimento da periodicidade dos controis de emisións á atmosfera recollidos nesta resolución. No caso de non ter dado cumprimento, xustificárase.
	Valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica dos resultados desde o ano que se outorga esta autorización, incluíndo tamén datos e gráficos de caudal de gases nas condicións requiridas nesta autorización e osíxeno en (%V).
	Estudo das desviacións ocorridas no período. No caso de que as emisións non cumprisen cos valores límite de emisión establecidos ou se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, incluírase unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e avaliación da súa efectividade
Solos e augas subterráneas	Informes dos controis e informe valorativo
Augas superficiais	Informes dos controis e informe valorativo
Datos meteorolóxicos	Balance hidrolóxico e informe valorativo
Lixiviados	Informes dos controis e informe valorativo
Topografía da zona	Informes dos controis e informe valorativo
Vexetación	Informe valorativo e medidas adoitadas no caso de ser necesario





Memoria 2º trimestre	
Residuos	Plano e táboa para o control dos tempos de almacenamento e xestión de residuos/productos As cantidades de residuos admitidos calculadas independentemente tanto a partir de acuses de recibo dos documentos de identificación como dos rexistros de pesada dos residuos admitidos.
Desviacións	Estudio das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade
Modificacións	Descrición das modificacións/melloras executadas <sup>(1)</sup> , xunto con planos explicativos (de ser necesario)
Incidentes/Accidentes	Relación dos sucesos acontecidos, descrición e data na que se comunicaron formalmente
<sup>(1)</sup> Esta memoria non exixe ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución	

## 5 Arquivo da información

Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante un período mínimo de 10 anos a partir do final do ano de referencia de que se trate, debendo facilitarse á administración en caso de que esta os requira.





## 6. ALEGACIÓNS

Os 4.6.2020 e 8.6.2020 presentaron escritos con alegacións, respectivamente, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) – Ferrol.

Resúmense a continuación as alegacións recibidas e como foron tomadas en conta polo promotor:

-A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza – ADEGA, realiza unha serie de consideracións solicitando a denegación da modificación substancial da AAI, que se asegure a capacidade da PLIX, e que se realicen os estudos técnicos e executen as instalación precisas para albergar os residuos contaminados do Prestige.

O promotor, dentro do seu documento de contestación aos informes e alegacións recibidas datado en xullo do 2020, resposta ás alegacións efectuadas resaltando que a superficie do novo DDS III atópase dentro dos límites actuais do CTRIG e que a modificación solicitada para o DDS II non suporá un aumento da súa pegada. En todo caso, da análise efectuada no EsIA, despréndese que a alternativa escollida para a execución da proposta, é a máis favorable dende o punto de vista ambiental.

No que respecta á capacidade da PLIX, indica que a estimación do volume de lixiviados xerados no DDS III é o volume máximo, non correspondéndose con ningún valor medio ao longo da vida útil do depósito. Ademais, tamén salienta que o DDS III non empezará a funcionar ata que se esgote a capacidade do DDS II, e unha vez selados os vertedoiros, a xeración de lixiviados reducirase substancialmente.

Respecto da necesidade da realización dun estudo xeotécnico para o DDS III, o promotor indica que aínda que considera válido o presentado no ano 2007, por incluír toda a superficie da pegada proposta para o novo DDSIII, realizado para a execución dunhas novas instalacións que finalmente non se levaron a cabo, argumenta que, dada a natureza do estudio e o comportamento xeotécnico do terreo existente, os datos e conclusións extraídos non son caducos debido a que a modificación da natureza e composición do terreo ten unha escala temporal xeolóxica maior que a escala temporal de desenvolvemento dun proxecto. Non obstante o anterior, ese titular realizou o “Estudio geolóxico-geotécnico para la construcción del depósito de seguridad DDS III en Sogarisa. Agosto 2020”, no que se conclúe que para a xeometría de vaso prevista e propiedades dos materiais considerados estarase ante unhas condicións de traballo estables.

Finalmente, apunta a que a necesidade de execución do DDS III baséase na necesidade de dispor da capacidade suficiente para a eliminación dos residuos perigosos durante os próximos 17 anos e a partir do 2022, cando se estima se esgote a capacidade do DDS II. O DDS III tamén terá a capacidade necesaria para facer fronte ás emerxencias ou catástrofes ambientais que se puideran ocasionar.

-O Consello o Comarcal do BNG-FERROLTERRA , expón unha serie de cuestións das que solicita aclaración e que foron contestadas polo promotor remitíndose ás respostas efectuadas para outras achegas ou alegacións, en canto que a alternativa escollida é a máis favorable para o medio ambiente e que elaborou un estudo xeotécnico máis específico para a execución do DDS III no que, como xa se indicou, se conclúe que as condicións de traballo serán estables.





Esta resolución notificarase e farase pública no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Juan Manuel Camiño Soto

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

---

Con base na antedita proposta, **RESOLVO:**

1. Modificar a autorización ambiental núm. 2006/0261\_NAA/IPPC\_052 outorgada a UTE PMA – CONTECO SL para a variación da xeometría final do depósito de seguridade actualmente en explotación (DDS II) na Área II do CTRIG, o que suporá un aumento da súa capacidade en 37.728 m<sup>3</sup>, e a execución dun novo depósito de seguridade (DDS III) de 1.031.330 m<sup>3</sup> de capacidade, no centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG) localizado no Concello das Somozas (A Coruña).
2. Revisar a autorización dos depósitos de seguridade de residuos perigosos do CTRIG de conformidade cos artigos 10, 11 e 12 do Real decreto 646/2020, de 6 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro (BOE núm. 187 do 8.7.2020).
3. Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia a UTE PMA - CONTECO SL co número de rexistro SC-I-IPPC-XA-00025 para a actividade de xestor de almacenamento de residuos non perigosos, mediante a operación D 15, “Almacenamento en espera de calquera das operacións numeradas de D 1 a D 14 (excluído el almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo)”, que se realizará nas instalacións obxecto desta autorización.

Os residuos que comprenden esta inscrición, as características da actividades e os seus condicionados están establecidos no punto 8.5 do apartado 4 desta resolución. Esta autorización queda supeditada á constitución da fianza que se cita no cadro de datos administrativos.

4. En consecuencia, unha vez cumprido o condicionado vinculado a nova inscrición referida no anterior parágrafo 3, dar de baixa a inscrición núm. SC-I-IPPC-XE-00013, existente.
5. Renovar o Informe de Situación do Solo por modificación substancial (IS) da UTE PMA-CONTECO (NIF: U70499561), para O Centro de Tratamiento de Residuos Industriales de Galicia (CTRIG) situado en Parque Empresarial As Somozas s/n, 15565, As Somozas (A Coruña).
6. Incluír na autorización ambiental integrada o contido da declaración de impacto ambiental formulada o 18.2.2021 para o proxecto de modificación substancial desta instalación.

María Sagrario Pérez Castellanos

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(Asinado dixitalmente na marxe, na data e á hora indicadas)





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,**  
**TERRITORIO E VIVENDA**

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e  
Cambio Climático

San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 02.10.2015).

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 08/03/2021 19:45:01

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL  
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental  
Data e hora: 08/03/2021 13:20:11

CVE: UAY2RW2t0  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE, POLA QUE SE MODIFICA O TEXTO DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA DE UTE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL S.L.-CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. NÚM. 2006/0261\_NAA/IPPC\_052.**

<b>Instalación:</b> centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG)	<b>Procedemento:</b> modificación non substancial da autorización ambiental integrada
<b>Titular:</b> UTE PMA-CONTECO	<b>Expediente:</b> 2024-IPPC-M-26
<b>Localización:</b> Concello das Somozas (A Coruña)	<b>Núm. rexistro:</b> 2006/0261_NAA/IPPC_052

**ANTECEDENTES**

- UTE Protección Medioambiental, S.L. - Contenedores de La Coruña S.L. (UTE PMA - CONTECO), é titular do centro de tratamento de residuos industriais de Galicia (CTRIG), localizado no parque empresarial das Somozas, no concello das Somozas, provincia da Coruña, que dispón de autorización ambiental integrada co número de rexistro 2006/0261\_NAA/IPPC\_052 desde o 5.3.2008. Con anterioridade a Sociedade Gallega de Residuos Industriales, S.A. (SOGARISA) foi titular desta instalación.
- A instalación está dentro do alcance do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).
- O día 16.2.2024 UTE PMA - CONTECO solicita, en virtude do disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016), unha modificación da súa AAI que considera non substancial. A referida modificación ten por obxecto a inclusión das seguintes actuacións:
  - Solicitar autorización para que se permita realizar, desde as naves de transferencia, unha operación D1301 para aqueles residuos para os que non é posible atopar unha saída a valorización.
  - Solicitar autorización para a xestión de novos códigos LER para pilas e baterías.
  - Detallar a operativa prevista para a xestión de residuos especiais, como os residuos contaminados con lindano, e acondicionar unha nave actualmente sen uso (antiga PRM, actualmente denominada Zona sen uso II e que funcionará como unha nova nave de traballo) para facilitar a operativa da xestión destes residuos mediante a recepción e preparación de lotes de residuos para a súa expedición ao tratamento que lles sexa de aplicación segundo as súas características, e outras operacións de natureza análoga.
  - Actualizar a codificación das operacións de tratamento para adoptar a nomenclatura incluída no Anexo II e o Anexo III da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.





- Executar unha cuberta metálica para a cubrición dos residuos con amianto, nun emprazamento diferente ao actual, previamente á súa eliminación nos depósitos de seguridade.
  - Instalación dun tanque de proceso de 300 m<sup>3</sup> de capacidade zona auxiliar EVOX-PFQ para a homoxeneización e almacenamento intermedio de residuos líquidos que chegan ao CTRIG en formato GRG.
  - Modificación da rede piezométrica actual do DDS III, suprimindo os puntos P9Z2 e P11Z2.
  - Actualización do estado das obras de execución da nova planta de estabilización (PER).
4. Nas datas do 4.4.2024, 5.4.2024 e 11.6.2024 UTE PMA - CONTECO remite documentación de resposta ás solicitudes de documentación de emenda realizadas desde esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade dentro do procedemento referido no encabezamento.
5. Dado que a documentación indicada no parágrafo anterior segue a considerarse non completa nalguna das actuacións para as que se solicita modificación, na data do 11.6.2024 UTE PMA - CONTECO co obxecto de poder resolver parcialmente a modificación formulada, renuncia as seguintes actuacións:
- Solicitar autorización para a xestión de novos códigos LER para pilas e baterías.
  - Actualizar a codificación das operacións de tratamento para adoptar a nomenclatura incluída no Anexo II e o Anexo III da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
  - Instalación dun tanque de proceso de 300 m<sup>3</sup> de capacidade zona auxiliar EVOX-PFQ para a homoxeneización e almacenamento intermedio de residuos líquidos que chegan ao CTRIG en formato GRG.
6. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2.10.2015), o 13.6.2024 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, no prazo establecido, antes de efectuar a proposta de resolución.
7. Non consta a presentación de alegacións por parte de UTE PMA - CONTECO.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está incluída no anexo I, categoría 5.1 e 5.5, do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).
2. O artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) recolle a posibilidade de modificación da autorización ambiental integrada.
3. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no



Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101 do 27.5.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias e vista a proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, RESOLVE:

1. Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia a UTE PMA - CONTECO (NIF U-70499561) co número de rexistro SC-RP-IPPC-XE-00011 para a actividade de xestor de eliminación de residuos perigosos, mediante a operación D1301, “Clasificación de residuos”, incluída dentro da actividade D13 “Combinación ou mestura previa a súa eliminación mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12”, que se realizará nas instalacións obxecto desta autorización.

Os residuos que comprende esta inscrición, as características da actividade e os seus condicionantes recóllense no punto 8. *Producción e xestión de residuos* do apartado 4. *Condicións de explotación* desta resolución.

A **inscrición** como xestor de eliminación de residuos perigosos permanecerá en **suspense** ata contar co resultado favorable da preceptiva inspección de comprobación para a súa concesión, co obxecto de comprobar que se cumpren os requisitos definidos na memoria técnica presentada, previo á súa posta en funcionamento.

2. Ao fin do disposto no artigo 7, apartado 4, letra b) do Regulamento 2019/1021 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de xuño de 2019 sobre contaminantes orgánicos persistentes, autorizar a UTE PMA - CONTECO (NIF U-70499561) para que realice no CTRIG operacións de tratamento previas ao almacenamento permanente respecto ao residuo de código LER 170503, “Terras e pedras que contén substancias perigosas”, cun contido en Hexaclorociclohexano (HCH), incluído o lindano, dentro dun límite de concentración de 5.000 mg/kg, sempre que o lindano resulte illado do residuo durante o pre-tratamento de solidificación ou estabilización parcial (actividade de xestión D09), se elimine seguidamente no vertedoiro para residuos perigosos (DDS) con que conta ese CTRIG (actividade de xestión D05), tal e como o esixe a clasificación dos residuos no sub-capítulo 19 03 da Decisión 2000/532/CE, e se dea completo cumprimento ao condicionado indicado no punto 8.7.4. desta resolución, correspondente coas condicións para a xestión de residuos perigosos consistentes en HCH, incluído o lindano, mediante clasificación e eliminación (D1301), e aos seguintes requisitos:

- i) que UTE PMA - CONTECO facilite á esta Dirección Xeral información sobre o contido en COP dos residuos recibidos con contido en HCH, incluído o lindano;
- ii) que a operación se efectúe de conformidade coa lexislación da Unión aplicable na materia e nas condicións establecidas nas medidas complementarias pertinentes a que se refire o artigo 7, apartado 5 do Regulamento 2019/1021, e
- iii) que, nos casos nos que o residuo se xestione no CTRIG a través das actividades de xestión D05 e/ou D09, se acredite que de acordo coa información reflectida na caracterización básica ou proba de cumprimento sinaladas nos apartados 1.1. e 1.2 do anexo II do RD 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, o residuo é admisible no vertedoiro.



Ademais, poderanse efectuar operacións de re-acondicionamento e de almacenamento temporal antes de referido pre-tratamento ou antes do almacenamento permanente de conformidade co reflectido nesta resolución.

O residuo con contido en HCH, incluído o lindano, para o que se outorga autorización de xestión expresa, corresponderase unicamente co derivado dos traballos a desenvolver dentro do Proxecto técnico: “Eliminación de los residuos de fabricación de lindano identificado en la pista de O Contrasto (O Porriño, Pontevedra)” elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Oscar Catoira Daquinta no mes de Xuño 2022.

3. Modificar, por modificación non substancial, a autorización ambiental integrada núm. 2006/0261\_NAA/IPPC\_052, de xeito que nos apartados 3. *Descrición da instalación* e 4. *Condicións de explotación*, se inclúan as seguintes modificacións:

### **Apartado 3. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN**

#### **2. Estado actual do CTRIG**

##### **2.2.2. Nave de maduración (NM).**

Executáronse cambios na nave de maduración. A principal modificación da nova nave de maduración respecto a a existente foi o deseño mediante unha estrutura metálica de pórticos transversais diáfanos, que facilitan considerablemente a operación do proceso de maduración e evitan o estorbo que representan os piares intermedios que tiña a antiga nave de maduración.

A nova nave de maduración está conformada por un vaso lonxitudinal de provisión, cuberto mediante a citada estrutura metálica de pórticos transversais diáfanos. O fondo e os noiros do vaso foron conformados a base de material de escavación e zorra natural compactados, perfilados e impermeabilizados mediante un paquete de tres láminas formado por:

- Lámina de xeotextil de protección de 300 g/m<sup>2</sup>.
- Lámina de xeomembrana de PEAD de 2,00 mm de espesor, texturada por ambas as caras.
- Lámina de xeotextil de protección de 500 g/m<sup>2</sup>.

Sobre a impermeabilización anterior executouse unha pavimentación a base de soleira de formigón armado de 20 cm de espesor con pendente descendente do 0,50% desde a entrada.

A nave de maduración conta cunha zona de descarga de camiós.

Perimetralmente, a nave conta agora cun vial perimetral duns 4 m de anchura para facilitar o tráfico de camiós, algo do que carecía a antiga nave de maduración.

Para unha xestión máis completa a NM integrará unha nova fase, denominada fase III, de soporte á nova PER; isto é: disporanse dous novos fosos de traballo, un destinado á preparación previa dos residuos e outro a reactivos empregados na



fase previa de preparación de residuos, e ambos os dous fosos disporanse nunha nova nave pechada.

2.2.10.2. Zona sen uso II. Vinculada coa nave da antiga planta de recuperación de metais (PRM), dada de baixa en anteriores modificacións non substanciais da AAI, e recentemente desmantelada á espera de ser aproveitada para o tratamento de residuos de terras e outros residuos que estean contaminados con lindano, ou residuos de natureza análoga.

### 3. Descrición das instalacións e procesos do CTRIG

#### 3.2.1. Planta de estabilización de residuos (PER).

##### 3.2.1.1. Actual PE:

A planta de estabilización de residuos (PE) atópase situada nunha nave situada na zona suroeste da área II, e ocupa unha superficie aproximada de 1.390 m<sup>2</sup>. A PE conta cos equipos e instalacións necesarios para levar a cabo a inertización e estabilización dos residuos, aínda que na actualidade non se están a realizar estabilizacións nela, se non que esta instalación se emprega para a recepción e homoxeneización do residuo.

##### 3.2.1.2. Nova PER:

O obxectivo da PER é realizar a mestura de residuos con reactivos, de acordo a procedementos e tratamentos monitorizados, para producir compostos quimicamente estables que cumpran as características necesarias para a súa vertedura no depósito de seguridade. Tras a estabilización, se o vertedoiro atópase coa cubrición temporal, o residuo trasladarase á nave de maduración.

A nova planta de estabilización de residuos (PER) consiste na trituración, mestura e adición de reactivos aos residuos para producir un “blending” cuns mínimos riscos de reactividade para a súa eliminación segura no DDS. A receita de “blending” deseñarase nun laboratorio tendo en conta as características dos residuos que se consideran aptos para enviar a este proceso.

A nova PER conta con sistemas de acopio clasificado para os residuos de entrada, almacenamentos de aditivos estruturais e estabilizantes e sistemas de alimentación, trituración e mestura.

A adición dos ingredientes do “blending” na proporción establecida é un proceso automatizado e vixiado desde sala de control mediante unha aplicación que permite a monitorización do funcionamento de todos os equipos e almacenamentos, equipados cos sensores necesarios para iso.

Todo o equipamento previsto dispón de sistemas de supresión de atmosferas perigosas e abatemento de partículas o que elimina a emisión de pó contaminante á atmosfera. A planta estará contida nun edificio pechado de aproximadamente 1.400 m<sup>2</sup>.





Principalmente, distinguiranse cinco liñas de tratamento:

- Liña de tratamento de residuos pulverulentos. O residuo descargarase no interior dunha cabina dotada de extracción (que evitará a difusión de partículas á atmosfera), e se conducirá a unha das mesturadoras engadindo os reactivos (cal viva, sepiolita, cemento, xeso e óxido de magnesio) en proporcións marcadas polo laboratorio. Unha vez mesturados e estables levaranse ao box de almacenamento onde permanecerán ata o seu depósito no DDS.
- Liña de tratamento de residuos sólidos e pastosos. Os residuos depositaranse nos boxes de almacenamento que estarán equipados con scrubber para a limpeza dos vapores que se poidan xerar. Os residuos descargaranse dende a moega á mesturadora, onde se engadiran os reactivos (cal viva, sepiolita, cemento, xeso e óxido de magnesio) nas proporcións indicadas polo laboratorio. Unha vez mesturados e estables levaranse ao box de almacenamento onde permanecerán ata o seu depósito no DDS.
- Liña de trituración. A esta liña irán os residuos do CTRIG non recuperables e os envases de residuos líquidos. Os envases descargaranse nos boxes de almacenamento e no momento en que vaian a tratarse transportaranse mediante unha escavadora hidráulica que alimentará a trituradora. No tramo final da saída da trituradora existirá un separador magnético. A estabilización dos residuos triturados realizarase posteriormente e os compoñentes metálicos dirixiranse cara á PRM ou á PRCH.
- Liña de tratamento de residuos líquidos en envases. Consistirá basicamente nunha cabina de extracción.
- Liña de tratamento de residuos líquidos. Os residuos líquidos que se xestionen nesta planta almacenaranse en dous tanques situados na nave. Estes residuos empregaranse como fluidificantes nos tratamentos que se realicen nas mesturadoras.


A nova PER estará directamente relacionada coa nave de maduración (NM), que permite almacenar temporalmente 65.000 m<sup>3</sup> de “blending” antes da súa eliminación en DDS, minimizando a xeración de lixiviados manténdoos a cuberto durante as estacións de choiva e mellorando a eficiencia e condicións de seguridade operacional do tratamento.

Para unha xestión máis completa a NM integrará unha nova fase, denominada fase III, de soporte á nova PER; isto é: disporanse dous novos fosos de traballo, un destinado á preparación previa dos residuos e outro a reactivos empregados na fase previa de preparación de residuos, e ambos os dous fosos disporanse nunha nova nave pechada, situada a súa vez dentro da nave de maduración, formada pola súa propia estrutura cuberta, muros perimetrais e accesos con portas automáticas de lona, con seu propio sistema de aspiración e filtración, o que permitirá a retención e tratamento daqueles gases que puideran formarse durante a preparación dos residuos previo á estabilización.





Na seguinte figura amósase unha implantación esquemática da nova PER, con delimitación e identificación de zonas, incluída a nova zona de fosos para a preparación previa de residuos:



### 3.2.10. Zonas á espera de futuros usos.

Debido ao desmantelamento dalgunhas das plantas de tratamento do CTRIG, as zonas que albergaban algunhas de ditas plantas atópanse, actualmente, sen un uso específico definido.

Como zona á espera de futuros usos se atopa actualmente a zona vinculada á antiga planta de recuperación de metais (PRM), agora denominada Nave de Traballo 2, cunha superficie total de 1.700 m<sup>2</sup>.

Non obstante o anterior, UTE PMA - CONTECO adaptará a referida nave sen uso denominada como Nave de Traballo 2 para o tratamento de residuos de terras e outros residuos que estean contaminados con lindano, ou residuos de natureza análoga.

Para a recepción, almacenamento temporal, manipulación por medios mecánicos (traslado, cribado, transvasamento por tolva e envasado do residuo para transferir) destes residuos, UTE PMA - CONTECO acondicionaraa mediante o desenvolvemento das seguintes modificacións:

- Mantemento dos cerramentos e pavimentos existentes. Substituiranse e/o repararán os elementos danados e minimizaranse os ocos existentes.
- Instalaranse os equipos pertinentes para levar a cabo a operación de clasificación dos residuos (tolva e criba).
- Revisaranse as instalacións auxiliares existentes; isto é:
  - Substitución de elementos de iluminación por alternativas máis eficientes.
  - Ampliación da instalación de abastecemento para dispoñer de máis puntos de abastecemento para limpeza e baldeo.
  - Implantación de medios adecuados para favorecer a aireación e ventilación da nave; en concreto, prevese a instalación de dous extractores helicoidais.
  - Instalaranse os medios de protección contra incendios pertinentes tendo en conta as características da nova actividade.

#### 3.2.10.a) Nave de Traballo 2:

A metodoloxía de traballo prevista, tanto no caso da recepción dos residuos que estean contaminados con lindano, como na recepción doutros residuos de natureza análoga, será a seguinte:

- a.1) Recepción do residuo por envío e provisión temporal dos lotes identificados ata a súa verificación.
- a.2) Verificación e/o análise da tipoloxía dos residuos recibidos en cada envío no laboratorio do CTRIG para determinar a presenza de lindano e establecer así o procedemento de tratamento a aplicar.
- a.3) Unha vez estimada a concentración de lindano en cada envío, procederase á segregación por tipoloxía do residuo. Contéplanse as seguintes alternativas de tratamento, de acordo con o Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro e co Regulamento (UE) 2019/1021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre contaminantes orgánicos persistentes (COPs):

- Se se determina unha presenza de lindano por baixo de 50 ppm, o residuo é apto para o seu envío a Depósito de Seguridade (DDS) e destínase directamente a eliminación en DDS no CTRIG. Isto responde ao disposto no citado Regulamento (UE) 2019/1021, que establece un máximo de 50 mg/kg para





confinar en depósito de seguridade. Por tanto, neste caso, a operación de xestión a aplicar será D05.

- Se se determina unha presenza de lindano entre 50 ppm e 5.000 ppm, o residuo destinarase a estabilización, onde levará a cabo un proceso de estabilización - solidificación mediante mestura con cemento. O residuo estabilizado destinarase finalmente a eliminación no DDS do CTRIG. Do mesmo xeito que no caso anterior, esta proposta responde ao disposto no Regulamento (UE) 2019/1021, que establece a posibilidade de admisión de concentracións de ata 5.000 mg/kg, sempre que se realice un tratamento previo de estabilización-solidificación. Neste caso, a operación de xestión a aplicar será D09.

- Se se determina unha presenza de lindano maior de 5.000 ppm, o residuo non é apto para a súa xestión final no CTRIG e enviarase a xestor externo para a súa incineración. Neste caso, o CTRIG transferirá o residuo á instalación final externa de acordo coas especificacións desta en relación coa analítica acreditada e os valores límite admisibles para múltiples parámetros analizables (lindano, cloro, xofre, metais, PCB, humidade etc.), ao tamaño de partícula máximo (cribado previo), á súa forma de envasado (transvasado a bidón 60 l, big-bag etc.) e ás capacidades normais de admisión das instalacións de destino final.

Neste caso, a operación para realizar, de acordo coa Lei 7/2022, de 8 de abril, será D1301 (Clasificación de residuos para a súa eliminación posterior), debido a que, tras a identificación e separación dos residuos, estes preparáranse para xestionar fóra do CTRIG.

### 3.2.11. Instalacións auxiliares

Adicionalmente, a área II do CTRIG conta coas seguintes instalacións auxiliares:

- Edificio de recepción e pesada. Edificio situado no acceso ás instalacións onde se realiza o control de acceso de vehículos e persoas, así como o control de pesada.
- Oficinas. Edificio situado ao sur das instalacións desde onde se realiza a supervisión da explotación da PE e os DDS.
- Nave taller. Nave utilizada como depósito temporal e almacén de vehículos e maquinaria. A instalación conta con vestiarios e aseos.
- Balsa de decantación de augas pluviais da área de influencia do DDS I. É unha balsa de 2.400 m<sup>2</sup> de superficie e 7.300 m<sup>3</sup> de capacidade, impermeabilizada con lámina PEAD, que recolle as augas pluviais do DDS I e a súa área de influencia para a súa decantación antes de ser vertidas ao medio hídrico.
- Estación de bombeo da balsa de decantación do DDS I. Consistente en bombas mergulladas que permiten abastecer ao centro de extinción de incendios e o proceso produtivo.
- Balsa de decantación de augas pluviais da área de influencia do DDS II e futuro DDS III. Balsa de 4.000 m<sup>2</sup> de superficie e 5.960 m<sup>3</sup> de capacidade, impermeabilizada con lámina PEAD, que recolle e trata por decantación as augas pluviais limpas xeradas na instalación.
- Centro de extinción de incendios. Consiste nun depósito de 500 m<sup>3</sup> onde se almacena a auga que dá servizo ao sistema de extinción de incendios. Anexo ao depósito sitúase o centro de bombeo.
- Zona de residuos con amianto. Situarase unha nova cuberta metálica baixo a que se colocarán os bigs-bags con residuos de amianto á espera de ser eliminados. Esta cuberta dispórase sobre a explanada da antiga planta de



xestión de pneumáticos ao final da súa vida útil e se executará mediante pórticos de aceiro cada 6 m e unha cobertura de chapa perfilada de aceiro galvanizado pre-lacado. A superficie final aproximada será de 1.200 m<sup>2</sup>.

- Centros de acometida e de transformación: centro de transformación DDS: 250 kVA.; centro de transformación antiga PRHC: 800 kVA.; centro de transformación antiga PRM: 630 kVA.

#### 4. Capacidade produtiva

##### 4.4. Eliminación de residuos perigosos (RP):

Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Eliminación en vertedoiro- DDS (D5)	Eliminación en vertedoiro mediante deposición no depósito de seguridade	SC-RP-IPPC-XE-00001	115.000 t/ano	1.167.728m <sup>3</sup> (DDSII) 1.031.330m <sup>3</sup> (DDSIII)
Nave de transferencia - NT (D1301)	Clasificación de residuos para a súa eliminación posterior mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12	SC-RP-IPPC-XE-00011	10.000 t/ano	10.000 t/ano
Planta de tratamento físico-químico (PFQ) -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento dos residuos líquidos non perigosos para eliminar a súa toxicidade a través de homoxeneización e neutralización. Finalmente realízase unha floculación e un filtrado final do produto de reacción obtendo un efluente a tratar na EVOX ou na PLIX e tortas de filtración que se depositan no DDS previa estabilización.	SC-RP-IPPC-XE-00002	4.000 t/ano 16,00 t/día 1,33 t/h	6.550 t/ano(*) 26,20 t/día(*) 2,18 t/h(*)
Planta de evaporación-oxidación - EVOX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de evapo-concentración dos efluentes e residuos líquidos da planta coa fin de reducir o volume de residuos a estabilizar.	SC-RP-IPPC-XE-00002	15.100 t/ano 41,37 t/día 1,72 t/h	40.000 t/ano(*) 109,6 t/día(*) 4,57 t/h(*)
Planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados - PLIX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados do DDS mediante catro fases de tratamento: 1. Tratamento físico-químico 2. Evaporación e concentración 3. Stripping e scrubbing 4. Ósmosis inversa	SC-RP-IPPC-XE-00002	9.900 t/ano 27,12 t/día 1,13 t/h	20.000 t/ano(*) 54,79 t/día(*) 2,28 t/h(*)
Planta de estabilización-inertización - PE -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Estabilización, inertización e/ou solidificación dos residuos antes da súa eliminación no DDS mediante adición de reactivos segundo a receita de tratamento	SC-RP-IPPC-XE-00002	90.000 t/ano 360,00 t/día 22,50 t/h	100.000 t/ano(*) 400,00 t/día(*) 25,00 t/h(*)



Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
	preparada polo laboratorio.			
(*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos				

No seguinte esquema móstranse as cantidades normais de residuos recibidos no CTRIG e fraccións tratadas e valorizadas nas distintas plantas de tratamento do CTRIG, así como as cantidades de residuos perigosos eliminados no depósito de seguridade.




Figura 5. Balance de materia do CTRIG

#### Apartado 4. CONDICIÓN DE EXPLOTACIÓN

##### 7. Solos e augas subterráneas

##### 7.2 Vixilancia e control das augas subterráneas.

Para o control da calidade dos solos e das augas subterráneas, continuarase coa determinación periódica da calidade das augas subterráneas a través da seguinte rede piezométrica localizados nas coordenadas UTM e periodicidades recollidas nas seguintes táboas:



Puntos	Coordenadas UTM - ETRS89, fuso 29	
	X	Y
P1Z1	586.939	4.821.134
P2Z1	587.000	4.821.078
P3Z1	587.083	4.821.012
P4Z1	586.820	4.821.014
P5Z1	586.936	4.820.845
P6Z1 (substitúe á P5Z1)	586.881	4.820.975
P7Z1 (substitúe á P4Z1)	586.943	4.820.895
P8Z1 (substitúe á P3Z1)	587.062 <sup>1</sup>	4.821.028 <sup>1</sup>
P1Z2	589.536	4.822.789
P2Z2	589.389	4.823.006
P3Z2	589.375	4.823.183
P4Z2	589.533	4.823.298
P5Z2	589.587	4.823.089
P6Z2	589.620	4.823.219
P7Z2	589.739	4.822.920
P8Z2	589.816	4.823.284
P10Z2	590.119	4.823.439

<sup>1</sup> Situación aproximada do novo piezómetro

Puntos de mostraxe	Determinación	Frecuencia fase explotación
P1Z1	Nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos	Mensual <sup>(1)</sup>
P2Z1		Trimestral <sup>(2)</sup>
P3Z1		
P4Z1	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel simplificado</u>	Mensual <sup>(1)</sup>
P5Z1		Trimestral <sup>(2)</sup>
P4Z2		
P5Z2		
P6Z2	Composición de augas subterráneas. <u>Nivel completo</u>	Semestral
P7Z2		
P8Z2		
P10Z2		

<sup>(1)</sup> No momento no que se comece coa explotación do DDS III os controis pasarán a realizarse cunha periodicidade mensual.

<sup>(2)</sup> Realizaranse controis todos os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural mentres se estea a explotar o DDS II.

## 8. Producción e xestión de residuos

### 8.1 Resumo das autorizacións para a xestión de residuos na instalación.

#### 8.1.3 Eliminación de residuos perigosos (RP):



Actividade	Método	Inscripción	Capacidade normal de tratamento	Capacidade máxima de tratamento
Eliminación en vertedoiro- DDS (D5)	Eliminación en vertedoiro mediante deposición no depósito de seguridade	SC-RP-IPPC-XE-00001	115.000 t/ano	1.167.728m <sup>3</sup> (DDSII) 1.031.330m <sup>3</sup> (DDSIII)
Nave de transferencia - NT (D1301)	Clasificación de residuos para a súa eliminación posterior mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12	SC-RP-IPPC-XE-00011	10.000 t/ano	10.000 t/ano
Planta de tratamento físico-químico (PFQ) -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento dos residuos líquidos non perigosos para eliminar a súa toxicidade a través de homoxeneización e neutralización. Finalmente realízase unha floculación e un filtrado final do produto de reacción obtendo un efluente a tratar na EVOX ou na PLIX e tortas de filtración que se depositan no DDS previa estabilización.	SC-RP-IPPC-XE-00002	4.000 t/ano 16,00 t/día 1,33 t/h	6.550 t/ano(*) 26,20 t/día(*) 2,18 t/h(*)
Planta de evaporación-oxidación - EVOX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de evapo-concentración dos efluentes e residuos líquidos da planta coa fin de reducir o volume de residuos a estabilizar.	SC-RP-IPPC-XE-00002	15.100 t/ano 41,37 t/día 1,72 t/h	40.000 t/ano(*) 109,6 t/día(*) 4,57 t/h(*)
Planta de tratamento de residuos líquidos en base acuosa e lixiviados - PLIX -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Tratamento de residuos líquidos de base acuosa e lixiviados do DDS mediante catro fases de tratamento: 1. Tratamento físico-químico 2. Evaporación e concentración 3. Stripping e scrubbing 4. Ósmosis inversa	SC-RP-IPPC-XE-00002	9.900 t/ano 27,12 t/día 1,13 t/h	20.000 t/ano(*) 54,79 t/día(*) 2,28 t/h(*)
Planta de estabilización-inertización - PE -- Tratamento previo á eliminación (D9)	Estabilización, inertización e/ou solidificación dos residuos antes da súa eliminación no DDS mediante adición de reactivos segundo a receita de tratamento preparada polo laboratorio.	SC-RP-IPPC-XE-00002	90.000 t/ano 360,00 t/día 22,50 t/h	100.000 t/ano(*) 400,00 t/día(*) 25,00 t/h(*)

(\*) Capacidade máxima total para residuo perigosos e non perigosos

8.7 Condicións para a xestión de residuos perigosos mediante clasificación de residuos para a súa eliminación posterior mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12 (D1301).

A actividade que abrangue a inscrición do titular núm. SC-RP-IPPC-XE-00011 no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como xestor de residuos perigosos para a clasificación de residuos para a súa eliminación



posterior, autorizarase coas características, residuos e condicionantes que se establecen a continuación:

### 8.7.1 Características da actividade de xestión autorizada

<b>Instalación:</b>	<b>Centro de tratamento de residuos industriais de Galicia - CTRIG</b>
<b>Tipo de operación de eliminación de residuos (anexo III da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular):</b>	<b>D13</b> - Combinación ou mestura previa a súa eliminación mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12 <b>D1301</b> - Clasificación de residuos
<b>Propietaria da instalación:</b>	XUNTA DE GALICIA
<b>Responsable da xestión da instalación:</b>	UTE PMA - CONTECO NIF: U-70.499.561.
<b>Instalación:</b>	Nave de Transferencia (NT) Nave de traballo 2 (operacións para residuos especiais) Area I - 1500001271 Area II - 1500106690
<b>NIMA:</b>	Area I 587.003 X 4.820.985 Y Area II 589.481 X 4.822.808 Y
<b>Coordenadas UTM (ETRS89 H29T):</b>	Clasificación de residuos perigosos para a súa eliminación posterior.
<b>Actividade de xestión:</b>	Operacións de clasificación de residuos perigosos, mediante agrupamento de residuos de idéntico código LER, para a súa eliminación posterior mediante calquera das operacións numeradas D1 a D12. Nos casos de eliminación posterior en planta de incineración, esta última non disporá dunha capacidade de xestión superior ás 10 t/día.
<b>Descrición do proceso:</b>	
<b>Capacidade máxima de tratamento:</b>	10.000 t/ano
<b>Capacidade normal de tratamento:</b>	10.000 t/ano
<b>Capacidade máxima puntual de almacenamento:</b>	650 t
<b>Residuos admitidos:</b>	Ver listaxe de residuos que se autoriza xestionar na seguinte táboa 12 de título: "Residuos que se autoriza xestionar na instalación de eliminación de residuos (inscrición nº SC-RP-IPPC-XE-00011, para residuos perigosos)" Ver listaxe de residuos que se autoriza producir como consecuencia da actividade de tratamento na seguinte táboa 13 de título: "Residuos que se autoriza producir na instalación de eliminación de residuos (inscrición nº SC-RP-IPPC-XE-00011, para residuos perigosos)"
<b>Residuos producidos:</b>	
<b>Fianza por depositar:</b>	325.000,00 euros
<b>Seguro de responsabilidade civil:</b>	4.000.000,00 euros
	Táboa 11. Actividade autorizada (inscrición nº SC-RP-IPPC-XE-00011, para residuos perigosos).

### 8.7.2 Residuos que se autoriza xestionar

Código LER	Denominación do residuo	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
020108*	Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas	HP6, HP14	300
060106*	Outros ácidos	HP8	300
060205*	Outras bases	HP8	100
070101*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP6, HP14	100



Código LER	Denominación do residuo	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
070103*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	HP5	100
070104*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	HP5	100
070401*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP5	200
070501*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP6, HP14	100
070504*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	HP6, HP14	100
070508*	Outros residuos de reacción e de destilación	HP6, HP14	100
070701*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP5	100
080111*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080113*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080119*	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080312*	Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas	HP5	100
080409*	Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
101011*	Outras partículas que conteñen substancias perigosas	HP3	200
110105*	Ácidos de decapaxe	HP8	2.000
110107*	Bases de decapaxe	HP8	500
110111*	Líquidos acuosos de enxaugadura que conteñen substancias perigosas	HP5	200
110301*	Residuos que conteñen cianuro	HP6, HP8	200
120112*	Ceras e graxas usadas	HP5	500
150202*	Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas	HP5	100
140601*	Clorofluorocarbonos, HCFC, HFC	HP14	200
160303*	Residuos inorgánicos que conteñen substancias perigosas	HP5	800
160305*	Residuos orgánicos que conteñen substancias perigosas	HP5	150
160504*	Gases en recipientes a presión (incluídos os halóns) que conteñen substancias perigosas	HP3, HP5, HP6	400
160506*	Produtos químicos de laboratorio que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas, incluídas as mesturas de produtos químicos de laboratorio	HP6, HP8	200
160507*	Produtos químicos inorgánicos desbotados que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP5	400
160902*	Cromatos, por exemplo, cromato potásico, dicromato sódico ou potásico	HP6	200
161001*	Residuos líquidos acuosos que conteñen substancias perigosas	HP6, HP14	100
170503*	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas	HP14	250
170601*	Materiais de illamento que conteñen amianto	HP7	150



Código LER	Denominación do residuo	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
170605*	Materiais de construción que conteñen amianto	HP7	150
180103*	Residuos dos que a recolla e eliminación é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións	HP9	50
180106*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP6, HP14	70
180202*	Residuos dos que a recolla e eliminación é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións	HP9	20
180205*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP6, HP14	150
190211*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas	HP6	550
190702*	Lixiviados de vertedoiro que conteñen substancias perigosas	HP14	250
190813*	Lodos, procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, que conteñen substancias perigosas	HP5	100

Táboa 12. Residuos que se autoriza xestionar na instalación de eliminación de residuos (inscripción nº SC-RP-IPPC-XE-00011).

### 8.7.3 Residuos que se autoriza producir

Código LER	Denominación do residuo	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
020108*	Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas	HP6, HP14	300
060106*	Outros ácidos	HP8	300
060205*	Outras bases	HP8	100
070101*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP6, HP14	100
070103*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados	HP5	100
070104*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	HP5	100
070401*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP5	200
070501*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP6, HP14	100
070504*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos	HP6, HP14	100
070508*	Outros residuos de reacción e de destilación	HP6, HP14	100
070701*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos	HP5	100
080111*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080113*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080119*	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
080312*	Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas	HP5	100
080409*	Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas	HP5	100
101011*	Outras partículas que conteñen substancias perigosas	HP3	200



Código LER	Denominación do residuo	Características perigosidade	Cantidade (t/ano)
110105*	Ácidos de decapaxe	HP8	2.000
110107*	Bases de decapaxe	HP8	500
110111*	Líquidos acuosos de enxaugadura que conteñen substancias perigosas	HP5	200
110301*	Residuos que conteñen cianuro	HP6, HP8	200
120112*	Ceras e graxas usadas	HP5	500
150202*	Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas	HP5	100
140601*	Clorofluorocarbonos, HCFC, HFC	HP14	200
160303*	Residuos inorgánicos que conteñen substancias perigosas	HP5	800
160305*	Residuos orgánicos que conteñen substancias perigosas	HP5	150
160504*	Gases en recipientes a presión (incluídos os halóns) que conteñen substancias perigosas	HP3, HP5, HP6	400
160506*	Produtos químicos de laboratorio que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas, incluídas as mesturas de produtos químicos de laboratorio	HP6, HP8	200
160507*	Produtos químicos inorgánicos desbotados que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP5	400
160902*	Cromatos, por exemplo, cromato potásico, dicromato sódico ou potásico	HP6	200
161001*	Residuos líquidos acuosos que conteñen substancias perigosas	HP6, HP14	100
170503*	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas	HP14	250
170601*	Materiais de illamento que conteñen amianto	HP7	150
170605*	Materiais de construción que conteñen amianto	HP7	150
180103*	Residuos dos que a recolla e eliminación é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións	HP9	50
180106*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP6, HP14	70
180202*	Residuos dos que a recolla e eliminación é obxecto de requisitos especiais para previr infeccións	HP9	20
180205*	Produtos químicos que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas	HP6, HP14	150
190211*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas	HP6	550
190702*	Lixiviados de vertedoiro que conteñen substancias perigosas	HP14	250
190813*	Lodos, procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, que conteñen substancias perigosas	HP5	100

Táboa 13. Residuos que se autoriza producir na instalación de eliminación de residuos (inscripción nº SC-RP-IPPC-XE-00011).



8.7.4. Condicións específicos para a xestión de residuos perigosos mediante clasificación e eliminación (D1301):

- Desenvolvemento de actividades. A operación de xestión de residuos realizada por UTE PMA - CONTECO nas naves de transferencia NT1 e NT2, e Nave de Traballo 2 desenvolverase mediante a clasificación dos residuos de entrada por tipoloxía e destino; deste xeito, ao alcanzar unha cantidade de residuos transferible, expediranse a xestor externo final para a súa eliminación. Nos casos de eliminación posterior en planta de incineración, esta última non disporá dunha capacidade de xestión superior ás 10 t/día.

A autorización está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas nos proxectos e anexos que se presentaron xunto coa solicitude e aclaracións posteriores.

- Os residuos de entrada autorizados baixo códigos LER do capítulo 19, unicamente poderá admitirse nas instalacións cando a súa procedencia sexa de xestores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que dentro da Comunidade, en base ao disposto no artigo 15 da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como regra xeral unicamente se utilizarán os códigos 19 para os rexeitamentos non recuperables procedentes do tratamento de residuos e destinados a vertedoiro, asignándoselle aos residuos valorizables procedentes das saídas das plantas de valorización o código determinado pola fonte que produciu o residuo orixinal tratado.

- Almacenamentos. Nas memorias de seguimento presentarase un plano dos almacenamentos e unha táboa, onde se indiquen a data de comezo de depósito por cúmulo para poder facer un seguimento dos tempos de almacenamento das fraccións.

- Residuos sanitarios. Deberá cumprir os requisitos indicados no Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.

- Residuos con contido en Hexaclorociclohexanos (HCH), incluído o lindano. Deberá cumprir os requisitos indicados no Regulamento 2019/1021 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de xuño de 2019 sobre contaminantes orgánicos persistentes.

O residuo cunha concentración de lindano > 5.000 mg/kg enviarase directamente aos boxes da Nave de Traballo 2 situada na Área II do CTRIG. O CTRIG transferirá este residuo á instalación final externa de acordo coas especificacións desta en relación coa analítica acreditada e os valores límite admisibles para múltiples parámetros analizables (lindano, cloro, xofre, metais, PCB, humidade etc.), ao tamaño de partícula máximo (cribado previo), á súa forma de envasado (transvasado a bidón 60 l, big-bag etc.) e ás capacidades normais de admisión das instalacións de destino final.

Durante o período de recepción no CTRIG de residuos con contido en HCH, incluído o lindano, esa empresa remitirá mensualmente un informe técnico no que se especifiquen dun xeito detallado os seguintes aspectos:

- Datas de entrada e cantidades dos lotes de residuos, codificados por camión recepcionado, que foron recepcionados no CTRIG nese período.
- Datas de saída e cantidades dos lotes de residuos, codificados por camión recepcionado, que foron expedidos a xestor de eliminación externo.





- Indicación en plano dos lotes de residuos e cantidades que se atopan almacenados no CTRIG, tanto á espera de expedición a xestor de eliminación externo como á espera de tratamento no propio CTRIG mediante calquera das dúas actividades de xestión autorizadas para as fraccións de residuo cun concentración en HCH i/lindano < 5.000 mg/kg (actividade D5 para concentracións de HCH i/lindano < 50 mg/kg e actividade D9 para concentracións de HCH i/lindano entre 50 mg/kg-5.000 mg/kg).
- Informes analíticos de caracterización do residuo en laboratorio que permita determinar o contido en HCH i/lindano dos residuos recepcionados no período de que se trate. Estes informes analíticos complementaríanse coas caracterizacións básicas vinculadas coas cuadrículas de traballo in situ ou probas de conformidade sinaladas nos apartados 1.1. e 1.2 do anexo II do RD 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, segundo corresponda.

- A inscrición **SC-RP-IPPC-XE-00011** permanecerá **en suspenso** ata contar co resultado favorable da preceptiva inspección de comprobación para a súa concesión, co obxecto de comprobar que se cumpren os requisitos definidos na memoria técnica presentada, previo á súa posta en funcionamento.

### 8.7.5 Garantías financeiras

A inscrición número SC-RP-IPPC-XE-00011 manterase en suspenso ata a presentación da correspondente garantía financeira indicada no punto 4 do cadro de datos administrativos, calculada segundo o disposto no Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos. A contía foi calculada en base á cantidade de 650 t/ano de residuos perigosos nunha instalación con superficie útil de 510 m<sup>2</sup>.

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas as garantías exixidas; polo tanto, no caso de que se produza algún cambio nas características da instalación ou na xestión dos residuos, o titular deberá informar deste feito para proceder a actualizar a capacidade da instalación e a contía da fianza.

5. Substituír o apartado 1 da autorización ambiental integrada “Datos administrativos” co obxecto de proceder á actualización do punto 3. Categorias e rexistros da instalación/actividade e 4. Seguros e garantías financeiras, polo seguinte:

3. Categorias e rexistros da instalación/actividade	
CNAE (principal): 38.22 - Tratamento e eliminación de residuos perigosos	
Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 5.1.b), 5.1.c) e 5.5
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 5.1.b), 5.1.c) e 5.4
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Avaliación ambiental ordinaria



### 3. Categorias e rexistros da instalación/actividade

Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: 778
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Depósitos de seguridade non afectados Centro de tratamento de residuos si afectado.
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade non incluída
Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (código ID instalación)	Actividade non regulada
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada: prioridade 1 e 2 (xa constituída garantía financeira obrigatoria)
Inscripción como produtor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-P-00012
Autorización de xestor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-XE-00001, SC-RP-IPPC-XE-00002, SC-RP-IPPC-XE-00011, SC-RP-IPPC-XE-00007 e SC-RP-IPPC-XV-00006
Autorización de xestor de residuos non perigosos	SC-I-IPPC-XE-00015, SC-I-IPPC-XA-00025, SC-I-IPPC-XV-00079 e SC-I-IPPC-XV-00080

### 4. Seguros e garantías financeiras

a. Seguro de responsabilidade civil medioambiental	Núm. Póliza: 00000102278892 Contía: 4.000.000 €	
b. Fianzas		
Actividade	Núm. rex.	Contía (€)



4. Seguros e garantías financeiras		
SC-I-IPPC-XE-00015, SC-I-IPPC-XV-00079 e SC-I-IPPC-XV-00080 Xestor de valorización e eliminación de residuos non perigosos (D9, R5 e R12) (Capacidade normal total: 13.582 t/a)	2021/90/745	142.050,31 €
SC-RP-IPPC-XE-00001 Xestor de eliminación de residuos perigosos mediante depósito en vertedoiro (D5) (Capacidade normal total: 115.000 t/a para o DDSII e 87.400 t/a para o DDSIII)	659/2019 2021/90/742 657/2019 2021/90/743	DDSII: 3.101.018,40 € DDSII: 1.113.842,52 € DDSI: 1.830.250,80 € DDSIII: 629.280,00 €
SC-RP-IPPC-XV-00006, SC-RP-IPPC-XV-00007, SC-RP-IPPC-XE-00011 e SC-RP-IPPC-XE-00002 Xestor de valorización e eliminación de residuos perigosos (D9, D1301, R12 e R5) (Capacidade normal total: 131.632 t/a)	2021/90/744 (a depositar)	466.565,67 € 325.000,00 €
SC-I-IPPC-XA-00025 Xestor de almacenamento de residuos non perigosos (D15) (Capacidade normal total: 12.750 t/a)	2021/90/747	84.630,82 €

Santiago de Compostela,

O director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade  
Ramón Martínez Boga

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 02.10.2015).

